

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

C.E.I.P. NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS

SUMARIO

| | |
|--|----|
| 1. Presentación | 5 |
| 2. Reseña histórica | 6 |
| 3. Situación xurídica | 7 |
| 4. Características físicas do colexio | 7 |
| 5. A etapa de Educación Infantil | 8 |
| 5.1. Características da etapa | 8 |
| 5.2. Características do alumnado de Educación Infantil | 12 |
| 5.3. Obxectivos xerais da Educación Infantil | 13 |
| 6. A etapa de Educación Primaria | 16 |
| 6.1. Características da etapa | 16 |
| 6.2. Características do alumnado de Educación Primaria | 20 |
| 6.3. Obxectivos xerais da Educación Primaria | 32 |
| 7. Concreción curricular | 35 |
| 7.1. Currículo de Educación Infantil | 36 |
| 7.2. Currículo de Educación Primaria | 38 |
| 8. Organización do espazo e do tempo escolar | 41 |
| 9. Programas de intervención no tempo extraescolar | 44 |
| 9.1. Plan de apertura do centro | 44 |
| 9.2. Fomento da lectura e do uso da biblioteca | 45 |
| 9.3. Actividades extraescolares e complementarias | 45 |
| 10. Plan de avaliación | 50 |
| 10.1. Avaliación e promoción do alumnado en E. Infantil | 54 |
| 10.2. Avaliación e promoción do alumnado en Educación Primaria | 54 |
| 10.3. Avaliación inicial | 57 |
| 10.4. Avaliación continua | 58 |
| 10.5. Avaliación final | 59 |
| 10.6. Avaliacións dispostas na LOMCE | 60 |
| 10.7. Avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente | 63 |
| 11. Plan de formación do profesorado | 64 |

| | |
|---|-----|
| 12. Plan de acción tutorial | 68 |
| 12.1. Xustificación | 69 |
| 12.2. O marco conceptual | 70 |
| 12.3. Plan de acción tutorial | 71 |
| 12.3.1. Actuacións a nivel xeral do centro | 71 |
| 12.3.2. Liñas xerais para a acollida e o tránsito entre etapas educativas. | 73 |
| 12.3.3. Medidas de acollida e integración para o alumnado con necesidades educativas específicas | 77 |
| 12.3.4. Organización e funcionamento do grupo-clase | 78 |
| 12.3.5. Adquisicións e mellora dos hábitos de traballo | 79 |
| 12.3.6. Desenrolo persoal e adaptación escolar | 82 |
| 12.3.7. Participación da familia | 83 |
| 12.3.8. Coordinación entre os membros dos equipos docentes e os profesionais do Departamento de Orientación do colexio | 86 |
| 12.3.9. Procedementos e estratexias para facilitar a comunicación, a colaboración e a coordinación coas familias | 87 |
| 12.3.10.. Procedementos para recoller e organizar os datos académicos e persoais do alumnado | 89 |
| 12.3.11. Colaboración e coordinación con servizos e axentes externos. | 90 |
| 12.4. Recursos empregados | 90 |
| 12.5. Avaliación do Plan de Acción Tutorial | 93 |
| 13. Plan de convivencia | 94 |
| 13.1. Xustificación | 96 |
| 13.2. Observatorio de convivencia | 96 |
| 13.3. Avaliación inicial da convivencia no centro | 97 |
| 13.4. Plan de actuación | 99 |
| 13.4.1. Obxectivos do Plan de Convivencia | 99 |
| 13.4.2. Accións | 100 |
| 13.4.3. Protocolos | 103 |
| 13.4.4. Actividades previstas | 104 |
| 13.4.5. Recursos | 105 |

| | |
|--|-----|
| 13.5. Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso | 107 |
| 13.6. Seguimento e avaliación | 165 |
| 13.6.1. Espazos e tempos | 165 |
| 13.6.2. Instrumentos | 165 |
| 13.7. Conclusións e propostas de mellora do Plan de Convivencia | 166 |
| 14. Plan de atención á diversidade | 167 |
| 14.1. Xustificación | 168 |
| 14.2. Finalidade do Plan | 170 |
| 14.3. Identificación e valoración das necesidades | 171 |
| 14.4. Obxectivos | 172 |
| 14.5. Criterios de atención á diversidade no centro | 172 |
| 14.6. Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas | 173 |
| 14.7. Actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade | 174 |
| 14.7.1. A nivel de centro | 175 |
| 14.7.2. A nivel de aula | 176 |
| 14.7.3. Medidas específicas | 177 |
| 14.8. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro | 181 |
| 14.9. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición | 183 |
| 14.10. Canles de colaboración coas nais, pais e titores/as legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro | 183 |
| 14.11. Protocolo para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias. | 184 |
| 14.12. Recursos | 184 |
| 14.13. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan de Atención á Diversidade | 185 |
| 15. Elementos transversais | 202 |
| 16. O tratamento transversal da educación en valores | 203 |
| 17. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Proxecto Educativo do Centro.. | 206 |

1. PRESENTACIÓN

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece que os centros disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión. No capítulo II, artigo 120, queda establecido que os centros docentes, dentro da autonomía que se lles confire, deberán elaborar o seu propio proxecto educativo, partindo do seu contexto sociocultural e considerando os principios que orientan a etapa educativa e os correspondentes currículos.

A LOMCE fai algunhas modificacións no articulado que se refire ao PEC. No artigo 121 sinálase:

“Artigo 121. Proxecto educativo.

1. *O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outros ensinós.*

2. *O devandito proxecto, que deberá ter en conta as características da contorna social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción tutorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recolleitos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación.*

3. *No marco do establecido polas Administracións educativas, os centros establecerán os seus proxectos educativos, que deberán facerse públicos con obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, corresponde ás Administracións educativas contribuír ao desenvolvemento do currículo favorecendo a elaboración de modelos abertos de programación docente e de materiais didácticos que atendan ás distintas necesidades dos alumnos e alumnas e do profesorado.*

4. *Corresponde ás Administracións educativas favorecer a coordinación entre os proxectos educativos dos centros de educación primaria e os de educación secundaria obrigatoria con obxecto de que a incorporación dos alumnos á educación secundaria sexa gradual e positiva.*

5. *Os centros promoverán compromisos educativos entre as familias ou titores legais e o propio centro nos que se consignen as actividades que pais, profesores e alumnos comprométense a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado.*

6. *O proxecto educativo dos centros privados concertados, que en todo caso deberá facerse público, será disposto polo seu respectivo titular e incorporará o carácter propio ao que se refire o artigo 115 desta Lei.*

7. *Corresponde ás Administracións educativas promover a especialización curricular dos institutos de Educación Secundaria en función das alternativas establecidas nesta Lei Orgánica, a fin de que ditas Administracións poidan programar unha oferta educativa axustada ás súas necesidades. Os centros docentes incluírán as singularidades curriculares e de organización e os correspondentes agrupamentos pedagóxicos no seu proxecto educativo.*

8. *O proxecto educativo dos centros docentes con especialización curricular deberá incorporar os aspectos específicos que definan o carácter singular do centro.”*

Coa implantación da Lei Orgánica de Mellora da Calidade da Educación é necesario reelaborar este Proxecto Educativo para adaptalo á nova normativa e para poder afrontar a partires del os novos retos que van xurdindo no eido educativo.

2. RESEÑA HISTÓRICA

○ C.E.I.P. Nosa Señora dos Remedios comezou a súa andaina no curso 1969-70, polo que xa son máis de 50 anos de funcionamento deste centro.

Foi o primeiro colexio público construído en Ponteareas ao abeiro da Lei Xeral de Educación daquel tempo. A el incorporáronse os alumnos e alumnas da Escola Graduada de Ponteareas e doutras escolas que había en diferentes parroquias. Por mor do aumento constante do alumnado, tivéronse que abrir aulas noutros edificios, que dependían a todos

os efectos deste colexio. Construíuse o C.E.I.P. Fermín Bouza Brey, que nos primeiros anos constituía un único colexio co C.E.I.P. Nosa Señora dos Remedios, ata que nos anos oitenta levouse a cabo a separación dos dous colexios, pasando a funcionar de xeito xa independente un do outro.

Coa implantación da LOXSE, durante algúns cursos mantívose o 1º ciclo da E.S.O. no colexio ata a incorporación deste alumnado ao I.E.S. Val do Tea no curso 2001-02.

Hoxe en día no noso colexio hai alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil e de toda a Educación Primaria, con 22 grupos en total (6 de E. Infantil e 16 de E. Primaria e contamos con 420 alumnos/as aproximadamente.

3.- SITUACIÓN XURÍDICA

O C.E.I.P. Nosa Señora dos Remedios é un colexio de Educación Infantil e Primaria de titularidade pública e dependente da Consellería de Cultura, Educación e O.U. da Xunta de Galicia.

Ideoloxicamente é neutral e pluralista. Defendemos os valores democráticos. Como colexio público que é o CEIP Nosa Señora dos Remedios é un centro aconfesional.

4.- CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DO COLEXIO

O Colexio está formado por tres edificios diferenciados. Hai un edificio de Educación Primaria, que foi o primeiro en construírse, tendo polo tanto máis de 45 anos. Nun segundo edificio de construción recente (ano 2005) están as aulas de Educación Infantil. E nun terceiro edificio está o local empregado como Ximnasio e a aula de Psicomotricidade.

O patio é amplo e hai dúas zonas diferenciadas e acotadas para os recreos e zonas de xogos para o alumnado de E. Infantil.

Hai un campo de herba e unha pista polideportiva de cemento que está cuberta e unida co ximnasio e coa aula de psicomotricidade.

O edificio de Primaria ten na súa planta baixa o comedor escolar, con capacidade para 267 prazas, a Biblioteca Central, a cociña e os seus almacéns e zona de frío da mesma, a aula de Audiovisuais, e aula de Material, unha pequena aula de apoio, un pequeno local de limpeza, a caldeira do edificio e baños para nenos e nenas. Na primeira planta está a aula de Música, dúas titorías, a Secretaría, Sala de reprografía, Xefatura de Estudos, Sala de mestres/as, aseos do profesorado e aula de 5º. Na segunda planta está a aula de Informática, aula de Audición e Linguaxe, a Dirección e tres aulas. Na terceira planta hai catro aulas e aseos para nenos/as e profesorado. Na cuarta planta está o Departamento de Orientación, a aula de Apoio e catro aulas. Na quinta planta hai catro aulas e baños para alumnado e profesorado.

O edificio de E. Infantil conta na súa planta baixa con tres aulas, dous almacéns, a caldeira da calefacción e unha zona común que se aproveita para facer algunhas actividades de gran grupo, con canón de proxección, megafonía e pantalla. Na súa primeira planta conta con catro aulas, un servizo para profesores/as, outro para discapitados e unha titoría para os profesores/as.

5. A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

5.1 CARACTERÍSTICAS DA ETAPA

A LOE, xunto coa reforma da mesma que supón a LOMCE persigue un gran obxectivo: mellorar a calidade da educación e os resultados escolares. No caso desta etapa de Educación Infantil no seu 2º ciclo a LOMCE non supón novidades con respecto á LOE.

Esta Lei pretende conseguir o éxito escolar de todos os alumnos e alumnas e reforzar o sistema educativo, e para iso asegura a gratuidade da educación infantil.

A Educación Infantil constitúe unha etapa educativa de capital importancia para o desenvolvemento integral e harmónico da persoa. Así, establécese como principal finalidade nesta etapa contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual do alumnado en estreita cooperación coas familias.

A Educación Infantil constitúe unha única etapa con dous ciclos, o primeiro abrangue desde 0 a 3 anos e o segundo de 3 a 6 anos. Os contidos educativos organízanse arredor das seguintes áreas:

1) Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal: Que comprende os seguintes bloques:

- ✚ **O** corpo e a propia imaxe.
- ✚ **X**ogo e movemento.
- ✚ **A** actividade e a vida cotiá.
- ✚ **O** coidado persoal e a saúde.

2) Coñecemento do contorno:

- ✚ **M**edio físico: Elementos, relacións e medida.
- ✚ **A**chegamento á natureza.
- ✚ **C**ultura e vida en sociedade.

3) Linguaxes: Comunicación e representación:

- ✚ **L**inguaxe verbal.

- ✚ Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación.

- ✚ Linguaxe artístico.

- ✚ Linguaxe corporal.

Estas áreas, que se corresponden con ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil, deberán concibirse cun criterio de globalidade e de mutua dependencia, e desenvolveranse mediante a realización de experiencias significativas. No currículo dáse especial relevancia ás aprendizaxes orientadas ao coñecemento, valoración e control que nenos e nenas van adquirindo da súa propia persoa, das súas posibilidades e da capacidade para utilizar con certa autonomía os recursos dispoñibles en cada momento. Neste proceso resulta relevante a adquisición de destrezas para realizar as actividades habituais cun certo grao de responsabilidade, autonomía e iniciativa, tanto no emprego axeitado de espazos e materiais como no desempeño das diversas tarefas. As interaccións co medio, o crecente control motor, a constatación das súas posibilidades e limitacións, o proceso de diferenciación das outras persoas, farán que vaian adquirindo unha progresiva independencia con respecto ás persoas adultas.

Todo iso contribuirá ao autoconhecimento e a «aprender a facer», sentando as bases do desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal. Neste proceso de adquisición de autonomía, a linguaxe verbal cobra unha especial importancia, xa que é nesta etapa cando se inicia de forma sistemática a adquisición da lingua ao proporcionar contextos variados que permiten ampliar o marco familiar e desenvolver as capacidades comunicativas de nenas e nenos. Pero non se debe esquecer que interveñen tamén outro tipo de linguaxes, como son a corporal, a plástica, a musical, a audiovisual, a escrita, a matemática e a dramática, e que no seu conxunto son básicas para enriquecer as posibilidades de expresión e contribúen ao desenvolvemento da competencia comunicativa.

Á vez, o desenvolvemento das destrezas e capacidades individuais e a súa interacción co medio e cos iguais contribúen á evolución do pensamento, ensinando a pensar e a aprender (pensamento crítico, toma de decisións, resolución de problemas, utilización de recursos cognitivos...) e sentan as bases para posteriores aprendizaxes.

Nesta etapa o contorno das nenas e dos nenos amplíase e diversifícase, o que os pon en situación de afrontar novas experiencias e interaccións. Xorde a necesidade de relacionarse coas demais persoas e de respectar as normas de convivencia, aprendendo a vivir xuntos e contribuíndo ao posterior desenvolvemento da competencia social.

Queda xustificada a necesidade do traballo colaborativo, o intercambio de puntos de vista, compartir e construír coñecementos, darlles posibilidades aos nenos e ás nenas para que expresen e argumenten as súas opinións; para que busquen solucións creativas a problemas prácticos da súa vida cotiá e do seu contorno. Todo iso nun clima de respecto e de aceptación mutua, colaboración e solidariedade, potenciando a análise de comportamentos e accións discriminatorias.

O motor principal da acción educativa debe ser, polo tanto, o desenvolvemento integral da persoa, a través de experiencias e actividades didácticas de carácter lúdico, partindo da realidade individual de cada neno para chegar a acadar, de xeito gradual, os obxectivos sinalados para esta etapa educativa.

A Educación Infantil é unha etapa educativa moi importante, polo que se establecen contidos, obxectivos e fins especiais para desenvolver neste periodo educativo. Ten como fin principal o desenvolvemento sensorio-motor propio e co resto de nenos e nenas conseguindo unha imaxe positiva de si mesmos para lograr unha autonomía persoal.

Coa LOE, o currículo da educación infantil será orientado a que os nenos/as desenvolvan as súas capacidades e adquiran aprendizaxes que lle permitan desenvolverse no mundo que lles rodea, e facilitará a súa interacción con persoas adultas e co medio. Así mesmo, incluírá o desenvolvemento

de distintos valores da nosa sociedade, a diversidade cultural, a paz, os tipos de consumo e de vida o tempo destinado ao ocio; axudará a superar o problema das desigualdades de xénero, o respecto dos dereitos e liberdades humanas. En xeral intentará facer fronte aos problemas existentes do sistema educativo, facendo fincapé na maior atención individualizada do estudante.

O desenvolvemento e a aprendizaxe teñen maior importancia nesta etapa que en calquera outra, xa que son procesos dinámicos que se dan ao producirse a interacción co contorno. Pero non a todos os nenos e nenas se lles producen estes cambios ao mesmo tempo, pois cada un ten o seu ritmo e estilo de maduración, ao igual que outro factor de grande importancia é a participación e colaboración que aportan as familias. Por iso, dende o primeiro curso deste 2º ciclo de E. Infantil, comezarase a iniciar aos nenos e nenas nunha lingua estranxeira e na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, que no noso centro deben constituír un eixo fundamental.

En canto ao centro, dentro da autonomía que se nos dá para poder levar a cabo modelos de funcionamento propios, apostaremos decididamente polo traballo por proxectos. Polo que os profesores se encargarán de desenvolver e adaptar o currículo tendo en conta as necesidades do seu alumnado e o contexto social e cultural do centro. Ademais, deberán manter unha relación permanente coas familias destes, permitíndolles así colaborar e participar na vida escolar.

5.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

A esta idade os nenos/as seguen tendo dificultades para establecer relacións entre feitos concretos e a situación na que suceden. É unha idade onde predomina a fantasía e a imaxinación.

Continuarán aprendendo de forma intuitiva a través da propia actividade e empezan a anticipar o resultado das súas accións. Non posúen aínda o pensamento lóxico, malia írense achegando, polo que fan clasificacións e seriacións. Aínda non son capaces de diferenciar entre os feitos obxectivos e a percepción subxectiva destes. É frecuente que atribúan vida humana a obxectos próximos ou a elementos naturais. Séguelles custando traballo ter en conta os puntos de vista dos demais, aínda que progresivamente irán sendo máis conscientes de que a súa forma de entender e ver as cousas non é única. A medida

que vaian ampliando as súas relacións sociais e vaian saíndo do círculo familiar coñecerán, comprenderán e aceptarán as opinións, necesidades e demandas dos outros. Son capaces de agrupar e clasificar obxectos e materiais atendendo a varios factores (forma, cor, medida...). Nisto xoga un papel fundamental a escola.

Os nenos e as nenas comezan a **orientarse temporalmente**, dado o progresivo desenvolvemento da súa lateralidade: empezan a mostrar a dominancia dun lado do corpo sobre o outro, pero non se lles debe meter presión en ningún sentido. É fundamental a regularidade nas rutinas cotiás, nos tempos de alimentación, de aseo persoal e de descanso, no tempo de xogo e de traballo en clase, dos días de colexio e dos días de festa, do día e da noite...Irán progresando na adquisición de nocións de orientación espacial e pouco a pouco serán capaces de representar mentalmente diferentes itinerarios.

Ao longo do segundo ciclo desta etapa, os nenos e as nenas dominarán a **motricidade global** en canto a coordinación e equilibrio. Progresarán considerablemente nas súas habilidades motoras grosas. Gustaralles saltar, correr, bailar..., xa que teñen máis control sobre os seus músculos. Saltarán á pata coxa sen impulso, manteranse sobre un pé, andarán na punta dos pés, rubirán, subirán e baixarán escaleiras e patearán a pelota con soltura. Descompoñerán os ritmos regulares do seu paso, andarán cara adiante, cara atrás, á dereita e á esquerda.

A coordinación viso-manual mellorará con respecto aos anos anteriores. No que atinxe á motricidade fina, os pequenos e as pequenas irán adquirindo maior precisión, maior independencia e maior seguridade en si mesmos/as: realizarán nós sinxelos, construírán formas, progresivamente mellorarán o picado, debuxarán figuras planas e colorearán formas simples, coñecerán as cores...O debuxo da figura humana é tipo “cágado” (as pernas e os brazos saen da cabeza, omitindo o tronco).

Empezan a mostrar a dominancia dun lado do corpo sobre o outro, pero non se lles debe meter presión en ningún sentido.

En canto á **linguaxe**, utilizan estruturas sintácticas máis complexas e diferentes modalidades no discurso: afirmación, negación, negociación, interrogación..., e o vocabulario irá aumentando considerablemente, manexarán unhas 2000 palabras e comprenderán un número maior. Poden presentar un lixeiro ceceo, que é síntoma de falta de madurez e que se correxirá co tempo. A esta idade amósanse moi charlatáns, fan moitas preguntas (como, por que...) e non lles gusta repetir as cousas. Constrúen unha historia longa dunha resposta simple, non lles interesan tanto as respostas e as explicacións que se lles dan, como a forma destas, e fan moitas comparacións. Progresivamente, comprenderán e producirán frases negativas, integrando a negación no corpo do enunciado. Empezarán a utilizar artigos, pronomes persoais, preposicións de lugar e algúns auxiliares, aínda que polo momento non constrúan estruturas lóxicas completamente coherentes. Ademais, a articulación e a pronuncia non son moi correctas.

Os nenos e as nenas senten moito interese por todas as actividades nas que intervén a linguaxe oral: contos, cancións, adiviñas, poesías... Pouco a pouco, expresaranse con máis facilidade, isto permítelles realizar exercicios de trabalinguas, dramatizacións, xogos con disfraces, etc. Utilizan a linguaxe como xogo e, por iso, manterán longas conversas e narrarán longas historias nas que mesturarán a realidade e a ficción.

A esta idade os pequenos e as pequenas comunícanse mellor, gozando desta forma coas **relacións sociais**. Gústalles xogar sós pero tamén cos demais (empezan a sentirse parte dun grupo, un máis) mostrándose cooperativos no xogo. Non buscan a aprobación do adulto salvo en caso de necesidade. Xogan a determinados roles sociais (a policías, médicos/as, vendedores/as, bombeiros/as...) e realizan as onomatopeas dos diferentes personaxes e animais que interveñen nos seus xogos.

Desde o punto de vista social, amplían o seu círculo de relacións. O seu ámbito xa non é exclusivamente familiar e escolar. Desexan pasar cada vez máis tempo con compañeiros e compañeiras da súa idade. Aínda non se desenvolven ben en grandes grupos, en ocasións poden sentirse un pouco perdidos e buscan o abeiro do adulto.

É moi importante responsabilizalos dos seus comportamentos e ensinarlles que as súas accións poden ter diferentes consecuencias. Unhas veces pódense mostrar dóciles e outras veces rebeldes. A esta idade usan máis a linguaxe ca a agresividade para conseguir o que queren, desta forma, van comprendendo de forma moi simple as posibilidades que a linguaxe lles ofrece á hora de comunicárense. Captan as expresións emocionais dos outros, diferenciándoas das súas propias. As súas amizades continúan sendo pasaxeiros xa que son egocéntricos e se moven por conveniencia.

Os nenos e as nenas posúen un gran sentido do humor. Son divertidos, afectuosos entre eles, expresan as súas emocións sen reparo. Teñen facilidade para adoptar o comportamento que se espera deles e gústalles compracer aos que os rodean. No entanto, se se lles descobre facendo algo incorrecto pásano mal.

Ao longo do ciclo, os pequenos e as pequenas aprenderán a comer e a beber sós e utilizarán a culler e o garfo. Poderán vestirse sen a presenza do adulto, distinguirán o dereito do revés e a parte de diante e de detrás das pezas de vestir, poderán abrochase e aprenderán a calzarse correctamente o zapato de cada pé. Ademais, lavarán as mans e a cara sen axuda e secaranas sen manchar a toalla, cepillarán os dentes e peitearanse con pouca axuda do adulto. Serán cada vez máis independentes nas súas necesidades e irán ao baño sós.

5.3. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN INFANTIL

Os obxectivos xerais que se establecen segundo a LOE, son os seguintes:

- ✚ Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- ✚ Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.

- ✚ Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- ✚ Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- ✚ Adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- ✚ Desenvolver habilidades comunicativas nas diferentes linguaxes e formas de expresión.
- ✚ Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectoescritura e no movemento, o xesto e o ritmo.

Por outra banda, para evitar o fracaso e o abandono escolar a nova lexislación intenta previr este problema desde idades temperás e ao longo de toda a escolaridade obrigatoria, incluíndo plans de apoio para eses alumnos/as que se van “quedando atrás”.

A reforma tamén prevé que todos os centros públicos dispoñan de bibliotecas escolares, o que supón unha "bocanada de aire fresco" para o ensino. A Biblioteca escolar do noso centro traballa dentro do PLAMBE e ten un número importante de fondos para estas idades.

6. A ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

6.1. Características da etapa

Na etapa de Educación Primaria comeza a escolaridade obrigatoria, o que propicia que poidan concorrer a ela os alumnos e as alumnas que cursaran Educación Infantil xunto a outros que accedan á educación institucional por primeira vez. Isto fai que se presenten problemas diferentes que será preciso tratar convenientemente ata conseguir un grupo que funcione. Neste intre podemos dicir que practicamente a totalidade do alumnado de Primaria do noso colexio ten escolarización previa na Educación Infantil e un número cada vez maior de alumnos/as incluso estiveron en garderías antes dos tres anos. No noso centro segue dándose algún caso de alumno/a sen escolarizar en Infantil.

Mentres os nenos e as nenas con experiencia escolar anterior requiren continuidade e coherencia, nesta nova etapa, os de novo acceso non terán máis remedio que adaptarse a un contorno diferente do do seu fogar e cunha disciplina que suporá un reaxuste interno importante no seu comportamento habitual. Así mesmo, desde o principio, deberán saber que o obxectivo principal da súa asistencia ao colexio non é outro que aprender, o que pode crearlles certas tensións e obrigará aos mestres e ás mestras a empregar estratexias metodolóxicas de atención personalizada.

En función destes parámetros, a Educación Primaria cumpre a importante misión de socialización e compensación, e correspóndese co inicio da adquisición polo alumnado de destrezas instrumentais básicas (lectura, escritura e cálculo) e coa súa aplicación ao medio e á súa cultura, e co desenvolvemento da súa heteronomía, ata chegar á autonomía persoal, espacial e temporal, así como intelectual, social e moral.

Durante a etapa, pouco a pouco, iranse afianzando as destrezas básicas mediante técnicas de traballo que faciliten o seu achegamento á análise da realidade dunha maneira máis racional e obxectiva. As tarefas adquirirán unha complexidade crecente que se verá facilitada pola aprendizaxe cooperativa, para inicialos nas súas primeiras experiencias autónomas. Todo este proceso require unha adecuada atención á diversidade, en función das diferenzas individuais e os distintos ritmos de aprendizaxe.

Sinteticamente, os trazos evolutivo-madurativos e os aspectos psicopedagóxicos desta etapa son os seguintes:

a) Crecente capacidade de abstracción e nova construción do real

- ✚ Posibilidade dunha aprendizaxe sistemática de códigos convencionais (lecto-escritura, cálculo, linguaxe musical, códigos de representación espacial e temporal, etcétera) e o seu uso de maneira fluída.
- ✚ Capacidade para apreciar e dissociar cualidades dos obxectos e fenómenos (cantidade, lonxitude, distancia, peso, volume, etc.).
- ✚ Capacidade para construír abstraccións cun significado que parte da súa propia experiencia, illando as cualidades dos obxectos e establecendo relacións entre eles mediante atributos, características e propiedades.
- ✚ Posibilidade dun coñecemento cada vez máis sistemático e elaborado (científico), non exclusivamente a través da experiencia.
- ✚ Desenvolvemento e afianzamento progresivo de actitudes, como a curiosidade intelectual, a necesidade de observación e control da realidade, o interese pola explicación, etc. que dan acceso ao mundo científico.
- ✚ Construción dun espazo e dun tempo obxectivos e cuantificables.

b) Linguaxe e autonomía

- ✚ Exercitación da súa total funcionalidade, dada a capacidade da propia lingua para a análise e a reflexión sobre os produtos lingüísticos, o que mellora a comprensión e a expresión.
- ✚ Dominio cualitativo da coordinación lingüístico-psicomotriz (neuromotriz, perceptomotriz, óculo-manual, etc.).

- ✚ Transvasamento progresivo da heteronomía á autonomía intelectual, social e moral, o que potencia a autonomía da propia aprendizaxe.

c) Interacción social e autoconcepto.

- ✚ Consolidación da identidade.
- ✚ Concienciación das capacidades e limitacións.
- ✚ Aumento do control emocional.
- ✚ Avaliación da propia situación no contorno.
- ✚ Aceptación das normas e do punto de vista dos demais.
- ✚ Adaptación á vida escolar.
- ✚ Interacción cos demais.
- ✚ Convivencia en grupo.
- ✚ Aumento do autoconcepto, da autoestima e da autoeficacia.

En resumo, esta etapa debe proporcionar ao alumnado:

- A** formación integral que facilite o desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- A** madurez necesaria correspondente a esta etapa do ciclo vital.
- O** tratamento adecuado das súas diferenzas individuais.

- d) **A** posibilidade de realizar unha aprendizaxe por competencias.
- e) **O** coñecemento e o dominio básicos da propia persoa e do medio.
- f) **O** dominio das ferramentas básicas instrumentais do coñecemento.
- g) **O** desenvolvemento da cognición e da metacognición e a motivación (aprendizaxe autorregulada).
- h) **A** consolidación da súa socialización e da súa autoestima.

6.2. Características do alumnado de educación primaria

As peculiaridades máis relevantes dos alumnos e das alumnas nesta etapa, que van condicionar de xeito decisivo a intervención docente na aula, son as seguintes:

Desenvolvemento afectivo

Primeiro e Segundo:

- a) **M**elloran o control emocional (incentivo-emotivo) e desenvolven os sentimentos.
- b) **D**ependen aínda dos referentes máis significativos (pais, docentes, etc.).

Terceiro e Cuarto:

- a) **E**stabilizan o control emocional e asentán e melloran os seus sentimentos.
- b) **I**nician a súa independencia respecto dos referentes máis significativos, de camiño cara á autonomía.

Quinto e sexto:

- a) **Adquiren** unha madurez relativa no control emocional e nos sentimentos.
- b) **Culminan** a independencia progresiva dos referentes máis significativos, iniciando a súa autonomía real ao finalizar este ciclo.

Desenvolvemento psicomotor

Primeiro e segundo:

- a) **Consolidan** o esquema corporal: ton, relaxación e respiración.
- b) **Controlan** as condutas motrices de base: postura, equilibrio e coordinación.
- c) **Asentan** as condutas neuromotrices: lateralidade, paratonías e sincinesias.
- d) **Dominan** as condutas perceptomotrices: estruturación espacial, estruturación temporal e ritmo.
- e) **Perfeccionan** a psicomotricidade grossa e fina.

Todas estas variables son fundamentais para a consolidación da madurez lecto-escritora, imprescindible para unha aprendizaxe eficaz.

Terceiro e Cuarto:

- a) **Coñecemento** e dominio do esquema corporal.
- b) **Coñecemento** e dominio das condutas motrices de base.

- c) **C**oñecemento e dominio das condutas neuromotrices.
- d) **C**oñecemento e dominio das condutas perceptomotrices.
- e) **C**oñecemento e dominio da psicomotricidade grossa e da fina.

O dominio da psicomotricidade vai permitir mellorar substancialmente a comprensión e a expresión de diferentes linguaxes, particularmente da escrita.

Quinto e sexto

- a) **M**adurez no coñecemento e dominio da motricidade grossa e fina, no espazo e no tempo.
- b) **M**adurez no coñecemento e dominio da psicomotricidade grossa e fina, no espazo e no tempo (condutas ligadas ao esquema corporal, condutas motrices de base, condutas neuromotrices, condutas perceptomotrices e condutas ligadas ao movemento: axilidade, flexibilidade, precisión, forza, resistencia, velocidade, etc.).

Estes avances permiten explorar e tomar conciencia das propias posibilidades motrices, psicomotrices, expresivas e lúdicas. En suma, tomar conciencia do corpo de forma progresiva e integral, así como das esixencias que presentan o seu coidado e o seu desenvolvemento harmónico.

Desenvolvemento cognitivo

Primeiro e Segundo:

- a) **A**tópanse no estadio evolutivo-madurativo do desenvolvemento intelectual das operacións concretas, o que implica a necesidade de manipular (obxectos, linguaxe, etc.)

para a formación de conceptos e a súa categorización, aínda que estes sexan aínda moi elementais.

b) **Pasan** da intelixencia práctica intuitiva á operativa (diversidade e organización de operacións), coñecendo a través da súa experiencia persoal e cotiá, evolucionando progresivamente cara á lóxica.

c) **Fan** xirar a realidade arredor da súa persoa.

d) **Detectan** e manexan símbolos e signos, que lles permiten aprender e incorporarse aos códigos convencionais.

e) **Utilizan** un pensamento sincrético e analóxico, relacionando os elementos por xustaposición, percibindo globalmente a realidade, establecendo analoxías sen realizar análises nin deducións, procedendo indutiva e intuitivamente.

f) **Adquiren** progresivamente o pensamento causal, o que facilita a explicación real dos feitos, a liberación do subxectivismo e do egocentrismo, e o establecemento do límite entre o eu e a realidade.

g) **Manifestan** gran curiosidade intelectual, e interésalles o porque das cousas.

h) **Usan** a repetición e organización, as estratexias da linguaxe escrita (madurez), o estudo, a atención e a memoria.

i) **Avanzan** no coñecemento de feitos (declarativo) e procesos (procesual).

l) **Conceptúan** o número e as súas operacións.

m) **Realizan** clasificacións e seriacións.

n) **Inician** e desenvolven a descentralización, a reversibilidade e a conservación.

- ñ) Inician e desenvolven as operacións aritméticas, lóxicas, físicas (materia, peso e volume), espaciais (topolóxicas, proxectivas e euclidianas), temporais e cinéticas.
- o) Inician e desenvolven a metacognición.
- p) **D**esenvolven progresivamente a capacidade de observación.
- q) **T**oman conciencia da permanencia do obxecto, das súas cualidades e da importancia dos seus cambios, o que facilita o traballo con nocións físicas e matemáticas, e con procesos cíclicos de transformación.
- r) **M**elloran a función de representación do seu pensamento, ca cal amplían a concepción do espazo e do tempo, aínda de forma elemental.
- s) **D**esenvolven funcionalmente a linguaxe, o que determinará a estruturación do seu pensamento.

Terceiro e cuarto:

- a) **E**ncóntranse no mesmo estadio evolutivo-madurativo de desenvolvemento intelectual, aínda que cada vez necesitan menos manipular para a formación de conceptos e a súa categorización, co cal se nota maior nivel.
- b) **A** intelixencia é cada vez máis operativa e lóxica.
- c) **A** realidade pasa a ser máis obxectiva progresivamente.
- d) **D**ominan o manexo de símbolos e signos de códigos convencionais, o que favorece a capacidade de representación e a aprendizaxe da lingua escrita, a numeración, a representación espacial e gráfica, e a lectura da imaxe.

- e) **P**asan da explicación por xustaposición (organizando e explicando a totalidade en fragmentos sen conexión coherente) á lóxica (por categorías socialmente elaboradas e facilitadas polos adultos).
- f) **I**ncrementan a capacidade de introspección, co que o pensamento é cada vez máis causal e comeza a ser máis analítico e dedutivo.
- g) **E**xperimentan un cambio cualitativo no modo de organizar a realidade.
- h) **M**anifestan maior curiosidade intelectual.
- i) **C**onsolidan a noción de conservación.
- l) **O**bservan cambios en situacións e fenómenos do mundo físico e poden describilos, comparándoos e establecendo relacións de diferenzas e semellanzas.
- m) **A**fianzan a diferenza entre os feitos e fenómenos físicos e os psicolóxicos.
- n) **E**xploran as características dos materiais que utilizan.
- ñ) **U**tilizan cada vez mellor as estratexias da linguaxe, o estudo, a atención e a memoria comprensiva.
- o) **M**elloran substancialmente o seu coñecemento, operando mellor de maneira progresiva.
- p) **D**esenvolven a metacognición a través da autorregulación da súa actividade.
- q) **I**ncrementan a capacidade lingüística, xa que consolidan a lingua materna e ofrecen a posibilidade de ensinalles unha segunda lingua.

En xeral, reafírmanse as adquisicións dos niveis anteriores e potencianse novos desenvolvementos que serán básicos para os seguintes cursos, onde se culminará o período das operacións concretas, introdutorio das operacións formais, que leva á autonomía persoal.

Quinto e sexto:

a) **Culminan** o estadio evolutivo-madurativo das operacións concretas e introdúcese paulatinamente no das operacións formais, o que facilita o tránsito do mundo do concreto e do real ao mundo do abstracto e do posible. Isto permite o desenvolvemento das capacidades para construír abstraccións, que teñen un significado con orixe na propia experiencia, e para illar as cualidades dos obxectos e establecer relacións entre eles mediante atributos, características e propiedades.

b) **Conseguen** a madurez lóxico-operativa e inician a especulativa, o que facilita a posibilidade dun coñecemento cada vez máis elaborado (científico), non só a través da experiencia.

c) **Acadan** a percepción obxectiva, instrumental e especulativa da realidade, desenvolvendo a curiosidade intelectual, a observación, o control dos procesos de intervención, o interese pola explicación rigorosa, a interpretación dos resultados, a xeneralización, etc.

d) **Dominan** símbolos e signos, co que aumentan as súas posibilidades de aprendizaxe sistemática (lecto-escritura, sistemas de numeración, linguaxe musical, códigos de representación espacial, etc.) e da súa utilización (buscando e elaborando novas informacións, reestruturando as que xa se posúen, relacionándoas coas conclusións e construíndo o coñecemento de si mesmo e do mundo que nos rodea).

e) **Desenvolven** as capacidades para apreciar e disociar as calidades dos obxectos e fenómenos (cantidade, lonxitude, distancia, peso, volume, movemento, etc.), o que implica percibir e tomar conciencia da realidade e estabilidade dos obxectos, das súas cualidades

e dos seus cambios; construír un importante conxunto de nocións físicas e matemáticas, e traballar na comprensión dos procesos de transformación e da existencia e funcionamento de regularidades e ciclos (da auga, das plantas, etc.).

En resumo, culminan a etapa coa madurez das capacidades que levan ao coñecemento e dominio de si mesmos, esencial para poder coñecer e dominar o mundo que nos rodea, xa que se facilita a construción da autonomía intelectual, moral e social a través da autonomía no propio proceso de aprendizaxe.

Desenvolvemento da personalidade

Primeiro e segundo:

- a) **C**onsolidan progresivamente o seu autoconcepto, a súa autoestima e a súa eficacia.
- b) **M**elloran e estabilizan a estima dos demais.
- c) **D**efinen o carácter.
- d) **M**anteñen unha sexualidade latente.
- e) **A**daptación progresiva á escola.

Constrúen progresivamente a súa personalidade, partindo da toma de conciencia de si mesmos e da súa estima e da dos demais.

Terceiro e cuarto:

- a) **A**sentan a súa identidade, xa que estabilizan e melloran as características do anterior ciclo: o autoconcepto, a autoestima, a eficacia e a estima dos demais.

- b) **Regulan** o carácter.
- c) **Manteñen** a latencia sexual.
- d) **Desenvolven** unha gran capacidade de esforzo e entusiasmo.

Aumentan as súas posibilidades, pois asentan e melloran o autoconcepto, a autoestima, a eficacia e o carácter.

Quinto e sexto:

- a) **Consolidan** a súa identidade, tomando conciencia e aceptando as súas propias capacidades e limitacións e as dos demais, co cal dan solidez ao seu autoconcepto, á súa autoestima e á súa eficacia.
- b) **Dominan** o carácter e controlan os seus impulsos.
- c) **Inician** a pubertade, coa maduración dos caracteres sexuais secundarios e a culminación da madurez sexual.

En xeral, consolidan a súa identidade e dan paso ao comezo da autonomía persoal (de aprendizaxe, intelectual, moral e social).

Desenvolvemento social

Primeiro e segundo:

- a) **Afondan** no coñecemento interpersoal (interese polas características dos demais) e as relacións (eu comunitario = amigos).
- b) **Manifestan** un razoamento e comportamento moral diversificado.

c) **C**onsolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando, escoitando e cooperando.

d) **I**níciáanse certos comportamentos autónomos dentro da heteronomía que viven.

e) **A** través do xogo pasan da anomía á heteronomía e á autonomía.

Van pasando progresivamente do egoísmo propio da etapa anterior ao coñecemento, á aceptación e á relación cos demais.

Terceiro e cuarto:

a) **I**nterésanse pola cooperación e a participación.

b) **D**esenvolven a capacidade para aceptar o punto de vista dos demais (redución do egocentrismo).

c) **D**escobren intereses comúns, relaciónanse aínda máis cos demais, respectan as normas e toman decisións conxuntas.

d) **A**dquiren paulatinamente máis autonomía.

e) **I**ntégranse progresivamente noutros ambientes sociais fóra do ámbito familiar.

f) **O** grupo de iguais comeza a ser moi importante para eles.

A partir de intereses comúns, intensifican as relacións cos demais e establecen lazos profundos de amizade.

Quinto e sexto:

- a) **I**ncreméntase a interacción entre iguais e a convivencia en grupo: cooperando, participando e estreitando lazos de amizade.
- b) **A**vanzan notablemente no coñecemento, na empatía e na aceptación dos demais.
- c) **A**prenden normas e desenvólvense con facilidade en sistemas de organización social.
- d) **P**rogresan na construción dunha moral autónoma, asimilando sistemas de valores e crenzas e desenvolvendo actitudes positivas.
- e) **O** grupo de iguais adquire o seu maior relevo.

En xeral, culmínase a fase heterónoma coa inestimable axuda do grupo de iguais e do xogo, básicos para a introdución e a construción da autonomía persoal e social.

En resumo, a Educación Primaria caracterízase por:

Primeiro e segundo (6-8 anos)

- ✚ **C**omezo da escolaridade obrigatoria.
- ✚ **N**ecesidade de atención aos alumnos e ás alumnas de diversa procedencia en canto ás súas aprendizaxes previas.
- ✚ **E**xistencia aínda dunha gran dependencia do alumnado respecto do profesorado e do núcleo familiar, tanto no plano afectivo como no do desenvolvemento do traballo.
- ✚ **P**incipais características:

- ✚ Inicio da adquisición das destrezas instrumentais básicas.
- ✚ Aplicación destas á obtención de determinadas capacidades e coñecementos culturais.

Terceiro e cuarto (8-10 anos)

- ✚ Comeza a haber unha maior capacidade nos alumnos e nas alumnas para interesarse por aspectos máis detallados da realidade, o que facilitará a ampliación dos campos do coñecemento que se aborden.
- ✚ Adquire maior relevancia o traballo cooperativo, e o individual empeza a ser cada vez máis autónomo.
- ✚ A dependencia afectiva do alumnado respecto do profesorado vaise reducindo.
- ✚ Principais características:
 - Afianzamento das destrezas iniciadas nos cursos anteriores.
 - Introducción de novas técnicas e estratexias de traballo, que van facilitar o coñecemento e dominio do medio.

Quinto e sexto (10-12 anos)

- ✚ Ampliación dos intereses dos alumnos e das alumnas máis aló da realidade inmediata e desenvolvemento da curiosidade cara a outras realidades.
- ✚ Autonomía suficiente do alumnado respecto do profesorado.

- ✚ Capacidade para considerar e integrar distintos puntos de vista para participar en traballos de equipo.

- ✚ Principais características:
 - ✚ Perfeccionamento das destrezas básicas.
 - ✚ Presentación de tarefas de maior complexidade intelectual.
 - ✚ Dominio das técnicas de traballo intelectual.

6.3. Obxectivos xerais da Educación Primaria

Os obxectivos establecen as capacidades que os alumnos e as alumnas deben conseguir ao finalizar o proceso educativo, e referírense, como mínimo, a cinco grandes tipos de capacidades humanas: cognitivas ou intelectuais, psicomotrices, afectivas, de relación interpersonal e de actuación e inserción social. Para a súa mellor organización, administración, definición e axuste á realidade educativa, están estruturados en diferentes niveis, desde os máis xerais (etapas, ciclos e áreas) aos máis específicos (terminais ou didácticos).

A partir dos obxectivos xerais da etapa, cada equipo docente ten a misión de fixar os obxectivos de nivel, adaptándoos ás características do seu centro e do seu contorno; aínda que, verdadeiramente, o currículo se dinamiza e adquire maior relevo a través da formulación dos obxectivos terminais, por parte de cada titor ou titora na súa aula, indicando o que (feitos, conceptos e principios: *compoñente conceptual*), o como (procedementos, métodos, técnicas, habilidades e destrezas: *compoñente procedemental*) e o para que (actitudes, valores e normas: *compoñente actitudinal*) das capacidades que se deben adquirir e desenvolver por parte do alumnado.

A Educación Primaria ten os seguintes obxectivos xerais, segundo a LOMCE indica no seu artigo 3:

Obxectivos da educación primaria.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) **C**oñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) **D**esenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) **A**dquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) **C**oñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) **C**oñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) **A**dquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) **D**esenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo,

coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) **Coñecer** os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) **Utilizar** diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) **Valorar** a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) **Coñecer** e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) **Desenvolver** as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) **Fomentar** a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) **Coñecer**, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

7. CONCRECIÓN CURRICULAR

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, modificou o artigo 6 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha dos ensinos.

O currículo estará integrado polos obxectivos de cada ensino e etapa educativa; as competencias, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos, os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa e á adquisición de competencias; a metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis; e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa. Os contidos ordénanse en materias, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función dos ensinos, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

Un dos alicerces centrais da reforma educativa operada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, descansa sobre unha nova configuración do currículo.

No bloque de materias troncais garántense os coñecementos e competencias que permitan adquirir unha formación sólida e continuar con aproveitamento as etapas posteriores naquelas materias que deben ser comúns a todo o alumnado, e que en todo caso deben ser avaliadas nas avaliacións finais de etapa. O bloque de materias específicas permite unha maior autonomía á hora de fixar horarios e contidos das materias, así como para conformar a súa oferta. O bloque de materias de libre configuración autonómica supón o maior nivel de autonomía, no que as Administracións

educativas e no seu caso os centros poden ofrecer materias de deseño propio, entre as que se atopan as ampliacións das materias troncais ou específicas.

Pola súa banda, os centros docentes han de desenvolver e completar o currículo establecido polas administracións educativas, adaptándoo ás características do alumnado e á realidade educativa do centro.

En consecuencia, o currículo orientarase ao desenvolvemento das aptitudes e capacidades do alumnado, á adquisición de aprendizaxes e saberes esenciais, actualizados e coherentes desde unha perspectiva interdisciplinar dos contidos.

Permitirá unha organización flexible, variada e individualizada da ordenación dos contidos e do seu ensino e facilitarase a atención á diversidade e ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Esa concreción realizarase nas Programacións Didácticas.

7.1.- CURRÍCULO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

O currículo oriéntase a lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos: físico, motórico, emocional, afectivo, social e cognitivo, e a procurar as aprendizaxes que contribúen e fan posible devandito desenvolvemento. As aprendizaxes do segundo ciclo preséntanse en tres áreas diferenciadas das que se describen os seus obxectivos xerais, contidos e criterios de avaliación; con todo, boa parte dos contidos dunha área adquiren sentido desde a perspectiva das outras dúas, coas que están en estreita relación, dado o carácter globalizador da etapa.

Os contidos educativos da Educación infantil organízanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os nenos/as.

As áreas do segundo ciclo da Educación infantil son as seguintes: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, Coñecemento da contorna e Linguaxes: Comunicación e representación .

Estas áreas deben entenderse como ámbitos de actuación, como espazos de aprendizaxes de todo orde: de actitudes, procedementos e conceptos, que contribuirán ao desenvolvemento de nenas e nenos e propiciarán a súa aproximación á interpretación do mundo, outorgándolle significado e facilitando a súa participación activa nel.

No currículo do segundo ciclo da etapa dáse especial relevancia ás aprendizaxes orientadas ao coñecemento, valoración e control que nenos e nenas van adquirindo da súa propia persoa, das súas posibilidades e da capacidade para utilizar con certa autonomía os recursos dispoñibles en cada momento. Neste proceso resulta relevante a adquisición de destrezas para realizar as actividades habituais cun certo grao de responsabilidade, autonomía e iniciativa na utilización adecuada de espazos e materiais, e no desempeño das diversas tarefas que se realizan na aula. As interaccións co medio, o crecente control motor, a constatación das súas posibilidades e limitacións, o proceso de diferenciación dos outros, farán que vaian adquirindo unha progresiva independencia con respecto ás persoas adultas. Todo iso contribúe a «aprender a ser eu mesmo e aprender a facer» e senta as bases do desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

Neste proceso de adquisición de autonomía, a linguaxe verbal cobra unha especial importancia xa que é neste ciclo no que se inicia de forma sistemática a adquisición da lingua ao proporcionar contextos variados que permiten ampliar o marco familiar e desenvolver as capacidades comunicativas de nenas e nenos. Pero non se debe esquecer que interveñen tamén outro tipo de linguaxes, como son o corporal, o artístico (tanto plástico como musical), o audiovisual e o matemático, básicos no seu conxunto para enriquecer as posibilidades de expresión e contribúen ao desenvolvemento da competencia comunicativa.

Á vez, o desenvolvemento das destrezas e capacidades individuais e a súa interacción co medio e cos iguais contribúen á evolución do pensamento, ensinando a

pensar e a aprender (pensamento crítico, toma de decisións, resolución de problemas, utilización de recursos cognitivos, etc.) e sintan as bases para a posterior aprendizaxe.

Neste ciclo a contorna das nenas e os nenos amplíase e diversifícase, o que lles pon en situación de afrontar experiencias novas e de interaccionar con elementos ata entón descoñecidos.

Realizan aprendizaxes orientadas ao establecemento de relacións sociais cada vez máis amplas e diversas, despertando neles a conciencia de que existe unha variedade e suscitando actitudes positivas cara a ela. Con todo isto apréndese a relacionarse cos demais e a respectar as normas de convivencia, a vivir xuntos e contribúese ao posterior desenvolvemento da competencia social.

7.2.- CURRÍCULO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

O currículo expresa as finalidades e os contidos da educación que o alumnado debe adquirir. Enténdese por currículo da Educación Primaria o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación desta etapa educativa.

De acordo co establecido no artigo 6 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, coa reforma da LOMCE, enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha dos ensinos.

O currículo estará integrado polos seguintes elementos:

- a) Os obxectivos entendidos como os referentes relativos aos logros que o alumno debe alcanzar ao finalizar o proceso educativo como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
- b) As competencias ou capacidades para aplicar de forma integrada os contidos e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- c) Os contidos ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos da etapa e á adquisición de competencias.

d) A metodoloxía didáctica ou conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos. Comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.

e) Os estándares de aprendizaxe avaliábeis ou especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada unha das áreas. Deben ser observables, medibles e avaliábeis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado.

f) Os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da educación primaria, entendidos como os referentes de avaliación que definen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias. Estes criterios responden directamente ao que se pretende lograr en cada unha das áreas.

1. A etapa da Educación primaria organízase en áreas que terán un carácter global e integrador.

2. As áreas da etapa de Educación Primaria agrúpanse en bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, así como as tecnoloxías da información e a comunicación traballaranse en todas as áreas. Potenciarase a educación en valores, con especial referencia á educación na convivencia escolar, familiar e social.

A organización dos contidos en áreas entenderase sen prexuízo do carácter global da Etapa.

A Consellería de Educación establecerá o horario semanal para cada unha das áreas da Educación Primaria.

Competencias do currículo.

Son aquelas competencias que deben desenvolver os alumnos/as ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

De acordo co establecido no artigo 2.2. do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria, as competencias do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística.
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- c) Competencia dixital.
- d) Aprender a aprender.
- e) Competencias sociais e cívicas.
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- g) Conciencia e expresións culturais.

Potenciarase o desenvolvemento de todas as competencias e, en particular, das competencias de comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A inclusión das competencias básicas no currículo ten varias finalidades:

- En primeiro lugar, integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, como as informais e non formais.
- En segundo lugar, permitir a todos os estudantes integrar as súas aprendizaxes, poñelos en relación con distintos tipos de contidos e utilízalos de maneira efectiva cando lles resulten necesarios en diferentes situacións e contextos.
- Por último, orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino e de aprendizaxe.

A incorporación de competencias básicas ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles, desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. De aí o seu carácter básico.

Características das Competencias Básicas

- Promoven o desenvolvemento de capacidades máis que a asimilación de contidos, aínda que estes sempre están presentes á hora de concretarse as aprendizaxes.
- Teñen en conta o carácter aplicativo das aprendizaxes, xa que se entende que unha persoa “competente” é aquela capaz de resolver os problemas propios do seu ámbito de actuación.
- Fundaméntanse no seu carácter dinámico, xa que se desenvolven de maneira progresiva e poden ser adquiridas en situacións e institucións formativas diferentes.
- Teñen un carácter interdisciplinar e transversal, xa que integran aprendizaxes procedentes de diversas disciplinas académicas.
- Son un punto de encontro entre a calidade e a equidade. Por unha banda, con elas téntase garantir unha educación que dea resposta ás necesidades reais da época na que vivimos (calidade). Por outra banda, preténdese que sexan asumidas por todo o alumnado, de maneira que sirvan de base común a todos os cidadáns e cidadás (equidade).

Potenciarase o desenvolvemento de todas as competencias e, en particular, das competencias de comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

8. ORGANIZACIÓN DO ESPAZO E DO TEMPO ESCOLAR

No colexio os espazos organízanse do seguinte xeito

- ✚ **Espazos propios do grupo (aula).** Cada titor/a organizará o espazo na súa aula

como crea conveniente para o desenvolvemento da actividade lectiva; será importante ter en conta variables como idade e agrupamento de alumnos, mobiliario, iluminación, temperatura, materiais existentes na aula, etc. Se nunha aula imparten actividades lectivas outros mestres/as ademais do titor/a, teñen que preocuparse, ao concluír a clase, de que material e espazos se encontren na distribución planificada por este, aínda que mentres imparten a súa materia poden establecer unha distribución diferente á que practique o titor/a.

✚ **Espazos compartidos polo alumnado.** Os alumnos/as de Primaria comparten espazos con alumnos/as de outras etapas educativas dentro do centro e, asemade, utilizan habitualmente outros espazos, tanto interiores do centro educativo como exteriores. Algúns destes espazos son os seguintes:

- **Biblioteca.**
- **Aula de informática.**
- **Ximnasio.**
- **Aula de Psicomotricidade.**
- **Aula de Audiovisuais.**
- **Aula de Música.**
- **Aulas de apoio.**
- **Aula de Audición e Linguaxe.**
- **Zona común de Educación Infantil.**

Organización dos tempos

As previsións de traballo na aula e no centro escolar deben axustarse realmente ao tempo dispoñible. Por iso, é preciso realizar unha temporalización que inclúa a elaboración dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, e dun horario de actividade docente, no que se terán en conta as restantes actividades organizativas do centro.

No exercicio da autonomía organizativa e pedagóxica recoñecida ao centro, este poderá incrementar o horario mínimo establecido, tendo en conta para iso os seguintes criterios pedagóxicos:

- a) **Dáselle un maior peso ás áreas instrumentais (Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas e Inglés).**
- b) **Ás áreas de Ciencias da Natureza e de Ciencias Sociais tamén se lle dá un gran peso ao ter en conta que nestas áreas se aplican de forma práctica as competencias básicas relacionadas coas áreas instrumentais: lingüística e matemática; e nela trabállanse de forma clara todas as restantes competencias básicas e as técnicas de traballo e estudo.**
- c) **A carga horaria para a área de Inglés establécese en función do proxecto de anticipación deste idioma en Educación Infantil a partir dos 3 anos, co que o alumnado que chega á Educación Primaria accede cunha base de coñecementos e un nivel de competencias importante nesta área.**
- d) **Tamén se terán en conta as seccións bilingües e a posibilidade de converter o colexio nun centro plurilingüe.**

HORARIO XERAL DE ACTIVIDADES LECTIVAS:

1ª SESIÓN: 9:25 A 10:15

2ª SESIÓN: 10:15 A 11:05

3ª SESIÓN: 11:05 A 11:55

TEMPO COMÚN DE LECTURA: 11:55 A 12:10

4ª SESIÓN: 12:40 A 13:35

5ª SESIÓN: 13:35 A 14:25

RECREO EDUCACIÓN INFANTIL: 11:40 A 12:10

RECREO EDUCACIÓN PRIMARIA: 12:10 A 12:40

HORARIO DE BIBLIOTECA: LUNS A VENRES: 12:10 A 12:40

LUNS A VENRES (AGÁS MARTES): 16:00 A 18:00

9. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN NO TEMPO EXTRAESCOLAR

No C.E.I.P. Nosa Señora dos Remedios, durante o tempo extraescolar, lévanse a cabo os programas e proxectos educativos seguintes:

9.1.1 Plan de Apertura do Centro: o Plan funciona no centro nas súas modalidades de Aula Matinal, Comedor Escolar, Programa PROA (si se convoca e se acorda árticipar no mesmo) e Actividades Extraescolares.

- ✚ **Aula Matinal:** en horario aproximado de 7.30 a 9.25 horas da mañá, desenvolvéndose dentro da aula de audiovisuais diversas actividades recollidas dentro do proxecto presentado e perfilado xunto co Concello de Ponteareas que é quen se encarga de contratalo. As familias interesadas neste programa abonan o custe do mesmo.
- ✚ **Comedor Escolar:** en horario de 14.25 a 15.20 horas. Elaborouse un protocolo de funcionamento do comedor que se incluírá neste proxecto educativo como un documento adxunto. Ese protocolo revísase anualmente.
- ✚ **Actividades Extraescolares.** A ANPA do colexio é a encargada de ofertar a maioría das actividades extraescolares. Ofértase a realización de actividades de diversa índole tales como baile, aeróbic, psicomotricidade, informática, ludoteca, talleres, deportes e talk. Cada curso a oferta de actividades pode variar en función das preferencias do alumnado e da dispoñibilidade de cada momento. As actividades desenvólvense anualmente entre os meses de outubro e xuño, cunha duración que depende da actividade, nas tardes de luns a venres, agás nas dos martes e en horario de 16.00 a 18.00 horas, e son impartidas por monitores contratados pola ANPA. Tamén outras entidades relacionadas co colexio ofertan actividades extraescolares como as iniciativas do Coro Cantemos e do Obradoiro Vocal A Vila.

✚ **Programa PROA:** O Programa de Acompañamento PROA está deseñado para aquel alumnado do 2º e do 3º ciclos de E. Primaria que necesita de axuda para poder superar os obxectivos do curso. Organízase en catro grupos de entre 12 e 15 alumnso/as cada un. Un grupo está formado por alumnado de 3º, outro por alumnado de 4º, outro por alumnado de 5º e outro por alumnado de 6º. O horario do programa é o seguinte:

✚ **Grupos de 4º, 5º e 6º:** luns e xoves de 16.00 a 18.00 horas.

✚ **Grupo de 3º:** mércores e venres de 16.00 a 18.00 horas.

Hai un mestre/a encargado de facer o acompañamento que está contratado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, outros dous mestres/as pertencentes ao Claustro tamén fan acompañamento nun grupo cada un e hai un mestre/a do colexio encargado da coordinación deste programa. Este programa podera ser ampliado a máis niveis, si así o acordan o Ministerio e a Consellería de Educación.

9.2. Fomento da lectura e do uso da Biblioteca, co que se pretende animar á lectura e fomentar o hábito lector. O seu desenvolvemento baséase fundamentalmente en tres tipos de actividades:

✚ **Apertura da Biblioteca escolar** durante as tardes de luns a venres, agás os martes de 16.00 a 18.00 horas coa presenza dun mestre/a e durante os horarios de recreo para lectura, estudo, consulta de información tanto en libros coma en internet, e para empréstito de libros tanto a alumnos e alumnas, como a pais e nais do alumnado do centro.

9.3. Actividades extraescolares e complementarias

Como **actividades extraescolares e complementarias** para o desenvolvemento do currículo, selecciónanse e propóñense as seguintes actividades tendo en conta as programacións didácticas das distintas áreas e os contidos que se traballarán nelas e con

iso inténtase promover a educación medio-ambiental, a correcta cultura do ocio, o fomento da creatividade, o coñecemento, respecto e traballo polo patrimonio inmaterial e a cultura propia e outros valores.

É conveniente realizar en cada un dos cursos de Primaria, entre outras, as actividades tipo que se indican:

Primeiro e segundo

- ✚ Visita a paisaxes e lugares do contorno da localidade.

- ✚ Visita cultural á localidade.

- ✚ Visita a servizos da comunidade: Parque de Bombeiros, Policía Local, Biblioteca Municipal, instalacións deportivas, instalacións comerciais, industrias básicas locais, etc.

- ✚ Visitas a Vigo para coñecer a cidade e para participar en diversas actividades propostas por diferentes organismos (Afundación, ...)

- ✚ Participación en talleres ofertados polo concello ou outros organismos, relacionados con aspectos ambientais, de convivencia e do estudo do contorno.

- ✚ Participación en festividades, campañas, celebración, etc., tales como:
 - ❖ Festa do Magosto.

 - ❖ Día dos Dereitos do Neno.

 - ❖ Día da Constitución.

 - ❖ Actividades de Nadal.

- ❖ Día da Non Violencia e a Paz.
- ❖ Festa de Entroido.
- ❖ Día da Muller Traballadora.
- ❖ Semana do Libro.
- ❖ Día de Europa.
- ❖ Semana das Letras Galegas.
- ❖ Día do Medio Ambiente.
- ❖ Actos de Fin de Curso.

Terceiro e cuarto

- ✚ Participación en cursos e talleres predeportivos e deportivos.
- ✚ Visita a paisaxes e lugares do contorno da bisbarra.
- ✚ Visita a paisaxes e lugares do contorno da provincia.
- ✚ Visita a servizos da comunidade: Parque de Bombeiros, Policía Local, instalacións deportivas, etc.
- ✚ Participación en talleres ofertados polo concello ou outros organismos, relacionados con aspectos ambientais, de convivencia e de coñecemento do contorno
- ✚ Participación en festividades, campañas, celebración, etc., tales como

- ❖ Festa do Magosto.
- ❖ Día dos Dereitos do Neno.
- ❖ Día da Constitución e do Estatuto de Autonomía.
- ❖ Actividades de Nadal.
- ❖ Día da Non Violencia e a Paz.
- ❖ Festa de Entroido.
- ❖ Día da Muller Traballadora.
- ❖ Semana do Libro.
- ❖ Semana da prensa.
- ❖ Día de Europa.
- ❖ Semana das Letras Galegas.
- ❖ Día do Medio Ambiente.

✚ Actos de Fin de Curso.

Quinto e sexto

✚ Participación en cursos predeportivos e deportivos.

✚ Visita a paisaxes e lugares do contorno da localidade, bisbarra ou provincia.

- ✚ **Visitas culturais a paisaxes, conxuntos monumentais e outros lugares característicos da comunidade.**

- ✚ **Visita servizos da comunidade local, provincial ou rexional: concello, servizos de limpeza, servizos de abastecemento de auga e depuración de augas residuais, museos, instalacións deportivas e culturais, etc.**

- ✚ **Viaxe cultural do curso 6.º de Primaria.**

- ✚ **Participación en talleres ofertados polo Concello ou outros organismos, relacionados con aspectos ambientais, de coñecemento do contorno e de convivencia.**

- ✚ **Participación en festividades, campañas, celebración, etc., tales como:**
 - ❖ **Festa do Magosto.**

 - ❖ **Día dos Dereitos do Neno.**

 - ❖ **Día da Constitución e do Estatuto de Autonomía.**

 - ❖ **Actividades de Nadal.**

 - ❖ **Día da Non Violencia e a Paz.**

 - ❖ **Festa de Entroido.**

 - ❖ **Días da Igualdade e da Muller Traballadora.**

 - ❖ **Semana do Libro.**

- ❖ **Semana da prensa.**

- ❖ **Día de Europa.**

- ❖ **Semana das Letras Galegas.**

- ❖ **Día do Medio Ambiente.**

- ❖ **Actos de Fin de Curso.**

10. PLAN DE AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e ónde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros. A avaliación adaptarase ao disposto na LOMCE, que introduce os estándares de aprendizaxe e as rúbricas.

As funcións que desempeña a avaliación son as seguintes:

- ✚ **Diagnóstico:** Información sobre a marcha do desenvolvemento do currículo, os alumnos e as alumnas e os profesores e as profesoras.

- ✚ **Prognóstico:** Avance de expectativas sobre que pode ocorrer, para previr e resolver problemas.

- ✚ **Adaptación:** Acomodación dos diferentes métodos e recursos aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, con miras á máxima personalización do proceso educativo.
- ✚ **Orientación:** Guía, paso a paso, do camiño que se debe seguir en cada momento do desenvolvemento curricular.
- ✚ **Regulación:** Facilitación e harmonización de elementos persoais, materiais e funcionais para garantir o grao de eficacia do desenvolvemento do currículo.
- ✚ **Control:** Certificación da calidade e cantidade dos logros obtidos.

Os **obxectivos** que se perseguen co proceso de avaliación son:

- ✚ **Pescudar** a necesidade, a viabilidade, a idoneidade, a oportunidade, o aproveitamento e a rendibilidade do deseño e do desenvolvemento curricular.
- ✚ **Actuar** en función do alumno e da alumna, atendéndoos como persoas, tanto individual coma socialmente.
- ✚ **Proporcionar** datos de todos os participantes no proceso educativo: alumnado, docentes, deseños e desenvolvementos curriculares, etc., para poder decidir o que mellor conveña.
- ✚ **Obter** información cuantitativa e cualitativa sobre a asimilación do programa e, xa que logo, sobre a súa eficacia.
- ✚ **Constatar** que se van adquirindo e desenvolvendo as competencias sinaladas no currículo.
- ✚ **Avaliar** axeitadamente o aproveitamento docente-discente para poder orientalo da mellor maneira.

- ✚ Coñecer exhaustivamente os elementos que integran o proceso educativo, en especial o alumnado, para poder elaborar diagnósticos o máis axustados posible.
- ✚ Informar á comunidade educativa, sobre todo aos pais, e solicitar a súa axuda.
- ✚ Motivar con vistas ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✚ Facilitar información ás institucións recoñecidas que o requiran por escrito.
- ✚ Prognosticar e orientar as posibilidades dos alumnos e das alumnas e previr o fracaso escolar.
- ✚ Coñecer a calidade da actuación docente, individual e grupal, e do sistema educativo.
- ✚ Establecer programas de reciclaxe ante a detección de malos resultados.
- ✚ Superar a antiga concepción da avaliación como único control.

Dentro do proceso de avaliación poden distinguirse as seguintes **modalidades**:

- ✚ **Avaliación inicial**, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades. Esta avaliación rexístrase no XADE para cada alumno/a no primeiro trimestre de cada curso.
- ✚ **Avaliación formativa continua**, que pretende coñecer se se van logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu **comezo**, o que require unha avaliación inicial previa.

- ✚ **Avaliación sumativa**, que estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; isto é, avaliación do resultado.

O proceso de avaliación rexirase segundo os seguintes **principios**:

- ✚ Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- ✚ Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- ✚ Que atenda ás diferenzas individuais.
- ✚ Hai que partir do que se quere avaliar e despois avalialo.
- ✚ Traballar en equipo á hora do seu deseño.
- ✚ Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- ✚ Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- ✚ Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- ✚ Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- ✚ Ten que recoller ao máximo todos os aspectos da personalidade.
- ✚ Reflectir de maneira clara: que, como e cando debe realizarse.
- ✚ Propiciar ao seu termo o proceso de reorganización específico e global (*feed-back*).

Durante o proceso de avaliación, os mestres e mestras haberán de avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

10.1. Avaliación e promoción do alumnado en Educación Infantil

No segundo ciclo da Educación Infantil a avaliación seguirá o disposto na lexislación vixente. Será global, continua e formativa. As entrevistas coas familias, a observación directa e sistemática e as producións dos alumnos/as constituirán as técnicas principais do proceso de avaliación.

A avaliación nesta etapa debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada neno ou nena. A estes efectos, tomaranse como referencia para observar o desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe, os criterios de avaliación de cada unha das áreas.

A avaliación será responsabilidade de cada titor/a, que deberá deixar constancia das súas observacións e valoracións sobre o desenvolvemento das aprendizaxes de cada neno/a.

As consideracións derivadas do proceso de avaliación deberán ser comunicadas de maneira periódica ás familias. Entregaráselles un boletín no remate de cada trimestre.

10.2. Avaliación e promoción do alumnado en Educación Primaria

O procedemento co que se levará a cabo a toma de decisións sobre a avaliación e a promoción do alumnado en Educación Primaria farase segundo o establecido nos artigos 20 e 21 da LOMCE:

Artigo 20. Avaliación durante a etapa.

1. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións adáptense ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.

2. O alumno ou alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos e alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación. Atenderase especialmente aos resultados da avaliación individualizada ao finalizar o terceiro curso de Educación Primaria e de final de Educación Primaria.

3. Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas ao finalizar o terceiro curso de Educación Primaria, segundo dispoñan as Administracións educativas, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática. De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas.

4. Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, a realización de diagnósticos precoces e o establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

5. Naquelas Comunidades Autónomas que posúan, xunto ao castelán, outra lingua oficial de acordo cos seus Estatutos, os alumnos e alumnas poderán estar exentos de realizar a avaliación da área Lingua Cooficial e Literatura segundo a normativa autonómica correspondente.

Artigo 21. Avaliación final de Educación Primaria.

1. Ao finalizar o sexto curso de Educación Primaria, realizarase unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.

2. O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, establecerá os criterios de avaliación e as características xerais das probas para todo o Sistema Educativo Español co fin de asegurar uns criterios e características de avaliación comúns a todo o territorio.

3. O resultado da avaliación expresarase en niveis. O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, nais ou titores legais e que terá carácter informativo e orientador para os centros nos que os alumnos e alumnas cursasen sexto curso de Educación Primaria e para aqueles en os que cursen o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, nais ou titores legais e os alumnos e alumnas.

As Administracións educativas poderán establecer plans específicos de mellora naqueles centros públicos cuxos resultados sexan inferiores aos valores que, a tal obxecto, establecesen.

En relación cos centros concertados estarase á normativa reguladora do concerto correspondente.

- ✚ **A** avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o progreso do alumno ou a alumna no conxunto das áreas do currículo.
- ✚ **A** avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado.
- ✚ **O** proceso de avaliación terá como obxectivos: proporcionar unha información constante do proceso educativo; mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa; e detectar as dificultades no momento no que se produzan.
- ✚ **A** avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo.
- ✚ **Os** criterios de avaliación comúns e os particulares das distintas áreas serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como o de consecución dos obxectivos xerais da etapa e os obxectivos en cada unha delas, e para decidir sobre a promoción do alumnado.

- ✚ Os pais, nais ou titores legais deberán ser informados tanto sobre os criterios de avaliación que se aplicarán coma sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas ou pupilos para a avaliación das aprendizaxes. Haberá uns caderniños cos criterios de avaliación que haberán de superar os alumnos e alumnas para poder promocionar de ciclo. Estes caderniños serán elaborados polo profesorado de cada nivel e serán coordinados pola Xefatura de Estudos.
- ✚ O profesorado levará a cabo a avaliación, preferentemente a través da observación continuada da evolución do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e da súa maduración persoal. Empregaranse as rúbricas neste proceso.

10.3. Avaliación inicial

Co obxecto de garantir unha axeitada transición do alumnado entre as etapas e ciclos de Educación Infantil e de Educación Primaria, no mes de setembro celebrarase unha reunión entre os profesores dos equipos docentes saínte e entrante e a Xefatura de Estudos co fin de trasladar e analizar a información e a documentación académica correspondente ao alumnado que comeza este novo nivel. Ao longo do curso haberá a lo menos dúas reunións conxuntas entre o profesorado de E. Infantil e o do 1º ciclo de E. Primaria, á que acudirán os mestres/as das escolas adscritas ao colexio para unificar criterios e métodos na medida do posible e para que haxa un tránsito correcto entre etapas.

Ademais da información recibida, o novo mestre/a titor aplicaralle ao alumnado unha proba inicial coa que se determinará o punto de partida dende o que este inicia as novas aprendizaxes, e o equipo docente tomará as decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e á súa adecuación ás súas características e o seu nivel de coñecementos, co asesoramento do Departamento de Orientación.

Do mesmo xeito, estes datos, xunto coa avaliación psicopedagóxica que faga o Orientador/a servirán de base para adoptar as medidas necesarias de atención á diversidade recollidas no plan correspondente para aqueles alumnos e alumnas que o

precisen co fin de facilitarlles a continuación do seu proceso de aprendizaxe e o acceso ao currículo.

10.4. Avaliación continua

A avaliación continua será realizada polo equipo docente de cada un dos cursos de E. Primaria de xeito colexiado e será coordinada polo seu mestre/a titor, e a ela asistirá o Orientador/a do Colexio como asesor/a.

Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan.

As sesións de avaliación que se realizarán ao longo de cada curso escolar serán tres, no remate de cada trimestre: unha no mes de decembro, outra no mes de marzo/abril antes de rematar o 2º trimestre, e a última no mes de xuño.

En cada sesión de avaliación que celebren os equipos docentes, da que o titor/a levantará unha acta, intercambiarase información e adoptaranse os acordos e decisións que se considere sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado orientadas á súa mellora, e realizarase igualmente unha valoración dos resultados derivados destes acordos. Igualmente acordarase a información que, sobre o proceso persoal de aprendizaxe seguida, se transmitirá a cada alumno ou alumna e ao seu pai, a súa nai ou os seus titores legais.

As avaliacións rexistraranse no XADE e cada mestre/a introducirá nesta aplicación as cualificacións da súa materia para cada alumno/a. O titor/a entregará o boletín de información dos resultados de cada avaliación que se obtén como informe no XADE ao seu alumnado.

10.5. Avaliación final

Ao termo de cada curso, valorarase o progreso global de cada alumno e alumna, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo. E o equipo docente, tendo en conta os criterios de avaliación comúns e os de promoción que figuran nos correspondentes currículos de cada nivel, e informados o pai, a nai ou os titores legais, tomará a decisión sobre a promoción ou non do alumno/a ao seguinte nivel ou etapa. Para a adopción da decisión tomarase especialmente en consideración a información e o criterio do profesor ou a profesora tutor. Teranse en conta os obxectivos e criterios de avaliación mínimos que figurarán nos libriños elaborado polo Equipo de nivel e que conterá os obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, criterios de cualificación e criterios de promoción propostos polos equipos docentes.

Aplicaranse unhas probas de nivel ao remate de cada curso. Estas probas elaboraranse no Departamento de Orientación.

O mestre/a tutor do alumnado informará por escrito aos representantes legais sobre os resultados do proceso de avaliación e sobre a decisión sobre a promoción ao nivel seguinte. Esta información referirase aos obxectivos establecidos no currículo para as distintas áreas e aos progresos e dificultades detectados no grao de adquisición das competencias básicas e na consecución dos obxectivos de cada unha das áreas.

No caso de ter que avaliar un alumno con necesidade específica de apoio educativo, o tutor/a, co asesoramento do departamento de Orientación e do profesorado de apoio, aplicará os criterios de avaliación que se estableceran nas adaptacións curriculares correspondentes, as cales serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición das competencias básicas, tal e como se sinala na lexislación vixente.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumno ou alumna disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa aprendizaxe, os obxectivos alcanzados e as competencias básicas adquiridas. O devandito informe será elaborado polo equipo docente, de acordo co establecido, a tales efectos, pola Consellería

de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Este informe de avaliación final cubrirase no XADE, igual que a avaliación inicial e os resultados da avaliación continua. Tal e como sinala a normativa vixente, cando o alumnado remate a E. Primaria, entre a documentación que se enviará ao centro no que o alumno/a curse a E.S.O. figurará este informe de avaliación final de etapa.

Tamén, dende o Departamento de Orientación emitirase un informe para o Instituto de Ensino Secundario ao que o colexio está adscrito con indicacións sobre as características do alumnado e as medidas de apoio e reforzo que poidan necesitar no ensino secundario.

10.6. Avaliacións dispostas na LOMCE

○ alumnado, ao finalizar o terceiro nivel de E. Primaria, realizará unha avaliación de diagnóstico das competencias básicas alcanzadas, de conformidade co que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta avaliación non terá efectos académicos para o alumnado e terá carácter formativo e orientador para os centros docentes e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

○ Colexio utilizará os resultados destas avaliacións para, entre outros fins, organizar, nos seguintes niveis da Educación Primaria, as medidas de atención á diversidade para os alumnos e alumnas que as requiran, dirixidas a garantir que todo o alumnado alcance as correspondentes competencias básicas. Así mesmo, estes resultados permitirán, xunto coa avaliación dos procesos de ensino e a práctica docente, analizar, valorar e reorientar, se procede, as actuacións desenvolvidas nos tres primeiros anos da etapa.

Farase outra avaliación externa no remate de 6º de E. Primaria, segundo o establecido na LOMCE, nos termos que a Administración Educativa deseñe.

○ Proxecto Educativo do Centro debe establecer os procedementos e criterios de avaliación comúns que axuden ao profesorado a valorar o grao de desenvolvemento das

competencias básicas e os obxectivos xerais da etapa e facilite a toma da decisión máis adecuada en cada momento do proceso avaliador.

Por iso, como **criterios de avaliación comúns** a considerar en todas as áreas, e ao longo de todo o proceso de aprendizaxe durante a Educación Primaria, considéranse os seguintes:

- ✚ Expón oralmente de xeito claro e coherente as súas experiencias, as súas ideas e sentimentos, achegando ideas e facendo preguntas en relación co tema.
- ✚ Expresa de forma oral relatos e exposicións de clase de xeito coherente.
- ✚ Participa en diálogos, conversacións, charlas de clase, etc., respectando as normas que facilitan o intercambio comunicativo: pide a palabra, intervén cando corresponde, escoita as intervencións dos seus compañeiros e compañeiras, expón as súas razóns para explicar o seu comportamento e os seus gustos.
- ✚ Respecta aos demais e as normas establecidas (escoita as intervencións, espera o momento de intervención).
- ✚ Realiza resumos de textos lidos axeitados ao seu nivel e explica e intercambia ideas, sentimentos e opinións sobre eles.
- ✚ Localiza e recupera información en textos adecuados ao seu nivel previamente lidos e é capaz de extraer conclusións e inferencias destes.
- ✚ Utiliza de forma habitual os libros como medio de diversión e disfrute, dentro e fóra da aula.

- ✚ **Distingue** usos racistas, sexistas e estereotipados en conversacións, audicións, contos e imaxes, manifestando sensibilidade, aceptación e respecto ante as diferenzas individuais, así como vontade de emprender autocorreccións pertinentes para evitar estes usos da linguaxe.
- ✚ **Presenta** os escritos e traballos de forma clara e limpa, valorando a súa execución coidadosa.
- ✚ **Participa** sistematicamente na realización de tarefas e mostra satisfacción por iso.
- ✚ **Mostra** interese e curiosidade por aprender.
- ✚ **Respecta** as normas elementais de relación e convivencia nos contextos familiar e escolar.
- ✚ **Participa** nas actividades de grupo do colexio (xogos, conversacións, dramatizacións, postas en común, etc.).
- ✚ **Mostra** unha actitude de aceptación e respecto cara aos demais e non rexeita nin discrimina a ninguén nos seus xogos nin nas tarefas escolares que realiza.
- ✚ **Participa** e colabora cos outros nenos e nenas do grupo nas actividades da aula.
- ✚ **Mostra** interese polas achegas dos demais, valorando o aspecto cooperativo da aprendizaxe.
- ✚ **Traballa** en equipo.
- ✚ **Utiliza** a linguaxe como instrumento de aprendizaxe: para memorizar, anotar, preguntar, comprender, responder.

- ✚ **Elixe e utiliza os instrumentos e materiais adecuados para realizar actividades diferentes.**
- ✚ **Valora a elaboración persoal de materiais propios para a aprendizaxe.**
- ✚ **Coida os materiais de traballo e do centro.**

Os criterios de avaliación propios de cada área serán os que aparecen fixados nos apartados correspondentes a estes dentro do currículo de cada ciclo.

10.7. Avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente

1A observación do traballo diario dos alumnos e do nivel dos obxectivos alcanzados por estes levaranos á avaliación da nosa metodoloxía, motivando a revisión da nosa práctica docente a curto prazo, e do proxecto educativo a un prazo maior.

11. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

A formación permanente do profesorado que se atopa incorporado aos centros educativos constitúe un dereito e unha obriga para este.

A formación do profesorado do centro terá os seguintes **obxectivos xerais**:

- ✚ Perfeccionar a práctica educativa, de forma que incida na mellora dos rendementos do alumnado e no desenvolvemento persoal e social do alumnado, a través da atención ás súas peculiaridades e á súa diversidade.
- ✚ Promover a conciencia profesional docente e o desenvolvemento autónomo do profesorado, tendo en conta os seus diferentes niveis de experiencia.
- ✚ Producir un maior coñecemento educativo favorecendo e valorando a diversidade, a innovación e a experimentación rigorosa.
- ✚ Construír unha comunidade de aprendizaxe e educación.
- ✚ Participar en actividades de innovación educativa.

As actividades que se programen orientaranse anualmente en función, por un lado, das demandas e necesidades que se desprendan do seguimento e avaliación do proxecto educativo do centro e da propia práctica docente; e por outro lado, das propostas de mellora recollidas nos correspondentes plans de mellora que se elaboren anualmente como resultado da aplicación das probas de avaliación ao alumnado do centro.

Para realizar estas actividades formativas, o profesorado poderá facelo a través das diversas **modalidades de formación** establecidas pola propia Consellería de Cultura, Educación e O.U., a través dos correspondentes centros de profesores. Entre as modalidades ofertadas, optarase preferentemente polas seguintes:

- ✚ **Actividades de formación tendentes á exposición, divulgación, toma de contacto e intercambio profesional das boas prácticas docentes que se poidan estar a desenvolver noutros centros da localidade, provincia ou comunidade autónoma.**
- ✚ **Rexistro e participación en redes profesionais de formación, estimulando con iso o traballo cooperativo a través, fundamentalmente, da formación en centros e da autoformación, e tendo en conta os distintos niveis de desenvolvemento profesional do profesorado.**
- ✚ **Participación en proxectos de experimentación, investigación e innovación educativa, sometidos á súa correspondente avaliación.**
- ✚ **Proxectos de formación en centros: o centro determina que actuacións deben ser planificadas, desenvolvidas e avaliadas para mellorar a súa acción educativa, baseándose nun proceso de debate e de colaboración entre o profesorado implicado.**
- ✚ **Grupos de traballo: un grupo de profesores do centro desenvolve un proxecto común, organizado en torno aos problemas prácticos da súa actividade profesional e orientado á mellora da práctica docente, a construción de coñecemento educativo e a construción dunha comunidade educativa de aprendizaxe e educación.**
- ✚ **Participación en Seminarios Permanentes que traballen sobre temas de interese.**
- ✚ **Participación en cursos, xornadas ou encontros: actividades de formación por parte dun asesor ou relator sobre un tema de interese profesional.**
- ✚ **Teleformación: cursos a distancia, xeralmente a través da web. Tanto as actividades organizadas pola Consellería de Educación por medio da Plataforma de Teleformación (PLATEGA) como as que se inclúan na Aula virtual do colexio.**

- ✚ O desempeño de determinados postos e actividades durante o seu exercicio profesional, tales como a impartición da docencia da súa materia nunha lingua estranxeira; o exercicio da función directiva; a acción tutorial co alumnado e con profesorado de novo ingreso en fase de prácticas.
- ✚ A implicación en programas de mellora do ensino e do rendemento do alumnado.
- ✚ A participación en plans, proxectos e programas educativos autorizados para o centro.

As actividades de formación que se programen no centro, en calquera das modalidades arriba mencionadas, poderán versar sobre algúns dos seguintes **temas**:

- ✚ **Metodoloxías relacionadas con elementos das competencias básicas:**
 - ✚ Competencia lingüística (comprensión lectora).
 - ✚ Resolución de problemas matemáticos.
 - ✚ Animación lectora.
 - ✚ Expresión escrita.
 - ✚ Habilidades lingüísticas e comunicativas.
 - ✚ Formación en seguridade e prevención de riscos profesionais.
 - ✚ Xestión de aspectos académicos e administrativos.
 - ✚ Acción tutorial.

- ✚ **Formación en aspectos relacionados cos plans e proxectos educativos nos que participa o centro:**
 - ✚ **Deporte na escola.**
 - ✚ **Plan de lectura e biblioteca.**
 - ✚ **Uso das TIC.**
 - ✚ **Escola espazo de paz.**
 - ✚ **Bilingüismo.**
 - ✚ **Autoprotección, seguridade e saúde laboral.**

12. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

SUMARIO

| | |
|--|----|
| 12.1.- Xustificación | 69 |
| 12.2.- O marco conceptual | 70 |
| 12.3.- Plan de acción titorial | 71 |
| 12.3.1.- Actuacións a nivel xeral do centro | 71 |
| 12.3.2.-Liñas xerais para a acollida e o tránsito entre etapas educativas | 73 |
| 12.3.2.1.- Actividades de acollida | 76 |
| 12.3.2.2.- Coñecemento do centro escolar | 76 |
| 12.3.3.- Medidas de acollida e integración para o alumnado con n.e.a.e. | 77 |
| 12.3.4.- Organización e funcionamento do grupo – clase | 78 |
| 12.3.5.- Adquisición e mellora dos hábitos de traballo | 79 |
| 12.3.6.- Desenrolo persoal e adaptación escolar | 82 |
| 12.3.7.- Participación da familia | 83 |
| 12.3.8.- Coordinación entre os membros dos equipos docentes e os profesionais do Departamento de orientación do colexio | 86 |
| 12.3.9.- Procedementos e estratexias para facilitar a comunicación, a colaboración e a coordinación coas familias | 87 |
| 12.3.10.- Procedementos para recoller e organizar os datos académicos e persoais do alumnado | 89 |
| 3.11.- Colaboración e coordinación con servizos e axentes externos | 90 |
| 4.- Recursos empregados | 90 |
| 5.- Avaliación deste Plan de acción titorial | 93 |

12.1.- Xustificación.

A circular 5/99 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa da Consellería de Educación establece, nos servizos de orientación, como primeiro elemento prioritario para o curso 1999-2000 o de potenciar o Plan de acción tutorial no marco do Plan de orientación do centro. Así mesmo, na circular 13/2001, establécense varias accións prioritarias que teñen unha clara incidencia no Plan de Acción Tutorial e que fan deste unha das ferramentas máis importantes dentro da acción que cada titor e cada mestre/a do Colexio ten que levar adiante no seu traballo diario. Por outra banda, na circular 18/2002, volve a incidirse no traballo en acción tutorial por parte do Departamento de Orientación. Tamén na Circular 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, varias das liñas de acción prioritarias enmárcanse claramente na acción tutorial. Por outra banda, na Circular 23/2004, destas dúas Direccións Xerais, tamén figuran referencias ó Plan de Acción tutorial. Na Circular 20/2005 desas Direccións Xerais, aínda que non se alude directamente á acción tutorial, si que tódalas liñas de acción prioritarias dos Departamentos de Orientacións teñen moito que ver con este eido. Na Circular 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2006-2007 e seguintes, nun dos seus apartados sinaláanse, entre outras, no seu apartado 2 as seguintes accións:

1. **Actuacións que teñan como eixo nuclear o desenvolvemento do plan de acción tutorial**, en especial o asesoramento referido a:
 - a. **Colaboración na análise das necesidades do profesorado titor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción tutorial**, así como asesoramento aos equipos e ao profesorado individual.
 - b. **Aspectos organizativos e de xestión da acción tutorial**, entre outros, criterios para a adxudicación das titorías, establecemento de mecanismos de coordinación entre equipos docentes, entre o profesorado titor e o departamento de orientación e demais profesorado do centro.

- c. Incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.

Na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos Servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, na instrución cuarta establece como accións prioritarias dos servizos de orientación sobre a acción tutorial as seguintes:

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción tutorial (PAT), asesorando á totalidade da Comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración do protocolo para a realización da avaliación inicial do alumnado.

No marco teórico e legislativo que as citadas circulares recollen e regulan, así como ven recollido tamén na lexislación que regula os Servizos de Orientación na nosa Comunidade Autónoma, elabórase o presente Plan de acción tutorial para o C.E.I.P. Nosa Señora dos Remedios.

12.2.- O marco conceptual.

A efectos de unificar criterios entre o profesorado, cabe resaltar que na LOXSE e no seu desenvolvemento normativo supérase a concepción da orientación unicamente como axuda externa, puntual, aportada polo experto e téndese ó concepto da orientación como actuacións que se desenvolven dentro da actividade educativa e inseridas no contexto económico e sociocultural no que se desenvolve o individuo.

Tamén na LOE se mantén esta idea, incidindo aínda máis na atención á diversidade, na equidade da educación para todos/as e no apoio e atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, ao alumnado de altas capacidades e ao alumnado que se incorpora tardiamente ao Sistema Educativo Español. A todos eles/as se refire a LOE como alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A LOMCE tamén segue esta mesma idea.

Pásase dun modelo de Orientación por servizos, modelo clínico, a un modelo de Orientación por programas, que é ó que se ten que tender. Isto non quere dicir evidentemente, que non haxa que seguir facendo avaliacións psicopedagóxicas en casos puntuais que así o aconsellen e faranse propostas de intervención para aqueles casos individuais que o necesiten.

12.3.- Plan de Acción Titorial.

12.3.1.- Actuacións a nivel xeral do centro.

12.3.1.1.- Son funcións de cada mestre/a:

- a. **A** programación e o ensino das áreas e materias que teñan encomendadas.
- b. **A** avaliación do proceso da aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensino.
- c. **A** tutoría dos alumnos/as, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- d. **A** orientación educativa, académica e profesional dos alumnos/as, en colaboración, no seu caso, cos servizos e departamentos especializados.

- e. **A** atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- f. **A** promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polo centro.
- g. **A** contribución a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos/as os valores da cidadanía democrática.
- h. **A** información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, así como a orientación para a súa cooperación no mesmo.
- i. **A** coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.
- l. **A** participación na actividade xeral do centro.
- m. **A** participación nos plans de avaliación que determinen as Administracións educativas ou os propios centros.
- n. **A** investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensinanza correspondentes.
- o. **Colaborar** no desenvolvemento dun clima de respecto mutuo de todos: alumnos/as, pais/nais e mestres/as.
- p. **Exercer** a función orientadora inherente á súa función docente.
- q. **Atender** a tódolos alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro de acordo coas normas de réxime interno.

- r. Colaborar no apoio ó mestre/a titor/a de alumnos e alumnas que reciban medidas de reforzo dentro da aula.
- s. Colaborar co titor/a e co xefe do Departamento de Orientación nas súas respectivas funcións.
- t. Asegurar a confidencialidade da información obtida no desempeño das súas funcións.

12.3.1.2.- Son funcións específicas do/a titor/a:

- a. Colaborar co Xefe do Departamento de Orientación nos termos que se establezan.
- b. Colaborar cos demais titores/as no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- c. Orientar as demandas e inquiredanzas dos alumnos/as e mediar ante o resto de mestres/as, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- d. Coordinar o proceso e sesións de avaliación dos alumnos/as do seu grupo en tódalas áreas e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos/as dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais/nais ou titores legais.
- e. Cubrir os documentos oficiais relativos ós seu grupo de alumnos/as.

12.3.2.- Liñas xerais para a acollida e o tránsito entre etapas educativas

As actividades recollidas neste apartado teñen os seguintes **obxectivos** xerais:

1. **Facilitar a adaptación ao contexto escolar do CEIP Nosa Señora dos Remedios do alumnado de novo ingreso no centro, tanto o que se incorpora na etapa de E. Infantil no inicio do 2º ciclo, como o que se incorpora á E. Primaria dende as escolas adscritas ao noso centro.**
2. **Facilitar a acollida do alumnado no instituto de Educación Secundaria no que se escolarice.**
3. **Intercambiar datos, documentación e información de interese para mellorar a resposta educativa ao conxunto do alumnado en Educación Secundaria Obrigatoria, prestando singular atención ao alumnado con necesidade específica de reforzo educativo.**
4. **Coordinar o deseño curricular de 6º nivel de Educación Primaria co do primeiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria, garantindo a continuidade e a coherencia entre ambas as dúas etapas educativas, especialmente no concernente ás competencias básicas e ás normas de convivencia.**
5. **Potenciar a orientación académica do alumnado, reforzando o seu autoconñecemento.**
6. **Orientar as familias sobre aqueles aspectos que faciliten a adaptación do alumnado á nova etapa educativa.**

Para conseguir os anteriores obxectivos, a actuación xeral que realice o centro estará marcada polos programas de adaptación deseñados dentro do Plan de Orientación do Colexio. Estas poden ser algunhas das **actividades:**

- a)1 **Manter unha reunión antes do remate do curso anterior cos pais e nais de alumnos novos que se incorporan ao centro facendo entrega aos mesmos de pautas de actuación e normas a ter en conta tanto no período previo ao inicio do colexio coma durante o período escolar propiamente dito.**

- b) **P**ara o alumnado do curso de Educación Infantil de tres anos que se escolariza por primeira vez no centro, realizarase unha adaptación do seu horario lectivo durante o mes de setembro, nos termos que sinala a Consellería de Educación e durante o período marcado por esta, que afectará tanto ao tipo de agrupamento coma ao número de horas diarias de clase. Aplicarase o Programa de Adaptación á E. Infantil incluído dentro do Plan de Orientación. Cos pais e nais deste alumnado manteranse dúas reunións previas ao inicio do curso: unha no mes de xuño, dentro do período de formalización da matrícula para darlles consellos a seguir no verán e outra a principios de setembro para organizar o período de adaptación e as entrevistas persoais iniciais das titoras coas familias do alumnado.
- c)1 **R**ealizar cuestionarios, charlas e obradoiros cos alumnos de 6.º curso de Educación Primaria dirixidos a aclarar dúbidas sobre os seus futuros estudos, unha vez finalizada esta etapa educativa, todo iso dentro do programa de actuación correspondente desenvolvido polo Equipo de Orientación.
- d)1 **R**ealizar charlas informativas cos pais e as nais do alumnado do 6.º curso de Educación Primaria, co fin de solucionar as dúbidas que puidesen ter en relación cos estudos que deberán iniciar os seus fillos unha vez finalizada a Educación Primaria.
- e) **M**anter reunións de coordinación, convocadas pola Xefatura de Estudos, entre o profesorado compoñente do equipo docente de Educación Infantil e o do 1º ciclo de Educación Primaria, participando nas mesmas o Xefe do Departamento de Orientación e o profesorado das escolas adscritas ao colexio.
- f) **M**anter reunións de coordinación, convocadas pola Xefatura de Estudos, entre o profesorado compoñente do equipo docente de 5º e 6º de Primaria e o do 1º ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria do IES de ao que estamos adscritos.

12.3.2.1.- Actividades de acollida.

Planéanse as seguintes a utilizar segundo as circunstancias de cada caso:

1.1.- **Presentación do equipo de mestres/as.**

1.2.- **Presentación do alumnado.**

1.3.- **Coñecemento mutuo do alumnado.**

1.4.- **Exercicios para favorecer a relación e integración do grupo.**

12.3.2.2.- Coñecemento do centro escolar.

- **Proporcionar no principio de curso ao alumnado información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a dependencias e servizos, estrutura organizativa (calendario escolar, horarios, horas de titoría), actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.**
- **Aplicación dun Programa de Adaptación ao Colexio, para aqueles alumnos e alumnas que proveñan dos centros adscritos e que van ingresar por primeira vez no C.E.I.P. Nosa Señora dos Remedios.**
 - **Aplicación dun programa de atención a alumnado pertencente a minorías étnicas e/ou a colectivos de inmigrantes.**
- **Aplicación dun Programa de Adaptación ó Colexio, para aqueles alumnos e alumnas que ingresen nel por primeira vez e que non estean en ningún dos supostos anteriores.**

(Estes programas inclúense nos Anexos ao Plan de Orientación)

12.3.3. Medidas de acollida e integración para o alumnado con necesidades educativas específicas

Estas medidas terán como finalidade facilitar a accesibilidade deste alumnado aos servizos e ás dependencias do centro e ao currículo escolar, propiciar a súa socialización e interacción social e acollelos axeitadamente ao inicio de cada curso escolar.

Ademais da actuación titorial específica e xeral recollida nos programas correspondentes do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, dos equipos docentes correspondentes e da actuación prevista no plan de atención á diversidade, do Plan de Orientación, do proxecto educativo do centro, realizaranse as actuacións seguintes:

- a) Solicitude e recompilación da información de alumnado dispoñible na familia, no centro de orixe ou, no seu caso, noutras institucións.
- b) A Xefatura de Estudos, en colaboración co profesorado de apoio e o equipo docente correspondente, e co asesoramento do Departamento de Orientación, programará a comezos de cada curso as medidas que consideren necesarias para facilitar a acollida e integración no centro dos alumnos con NEE que se matricularan nel.
- c) O equipo directivo do centro realizará as xestións oportunas co Departamento Territorial da Consellería de Educación en orde a solicitar e a facilitar as atencións e os equipamentos específicos e especializados que requira este alumnado.
- d) O mestre/a titor e o equipo docente, a partir dos datos obtidos durante o proceso de avaliación do alumnado e da información recompilada sobre os trazos de carácter, personalidade, aptitudes, actitudes, etc., que destaquen nos mesmos, así como do informe da avaliación psicopedagóxica establecida no Plan de

Orientación por parte de Departamento orientación para determinar o grao de dificultade que presenten.

- e) Con aqueles alumnos/as que non presenten un nivel de desenvolvemento das competencias básicas axeitado ao nivel no que se atopa e ás propostas curriculares que se lles formulen, adoptarase algún dos programas considerados no plan de atención á diversidade, seguindo o procedemento detallado nel.

A toma destas medidas farase en coordinación co Departamento de orientación ao cal se lle solicitarán, tanto por parte dos equipos docentes coma por parte dos profesores de apoio, as orientacións e as pautas que consideren necesarias baseándose en rentabilizar ao máximo posible a súa actuación, e a favorecer o proceso de recuperación e mellora destes alumnos/as.

12.3.4.- Organización e funcionamento do grupo - clase.

Son funcións do/a titor/a:

12.3.4.1.- Recollida de información sobre os/as alumnos/as.

- a. Coñecer de cada alumno/a as características persoais, da situación familiar e escolar relevantes para o proceso educativo do mesmo.
- b. Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades educativas específicas.
- c. Organizar sesións conxuntas do equipo docente do seu grupo de alumnos coa presenza do Xefe do Departamento de orientación, para deseñar a aplicación das liñas xerais de intervención, co obxecto de buscar respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

12.3.4.2.- Organización e funcionamento da aula.

- a. **Organizar** a estrutura básica da clase: Normas, horarios, distribución de responsabilidades (delegado, biblioteca, etc.), agrupamento do alumnado (estables, ocasionais), previsión dos apoios necesarios.
- b. **Coordinar** o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as, garantindo unha debida **atención á diversidade** interna da clase.
- c. **Coordinar** os programas individuais de Reforzo Educativo ou Adaptación Curricular necesarios para alumnos/as do seu grupo, así como dos demais programas a aplicar na súa aula.
- d. **Exercer**, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais mestres/as do grupo.

12.3.5.- Adquisición e mellora dos hábitos de traballo.

Son funcións de titoría atender ós seguintes aspectos:

12.3.5.1.- Hábitos básicos:

- **Comportamento correcto.**
- **Relaxación.**
- **Autonomía e orde.**

***Sobre** este apartado, o Departamento de Orientación elaborou un tríptico, que se debería volver a entregar neste curso novamente, aos pais/nais de alumnos.

12.3.5.2.- Técnicas de estudo

- Traballo individual.
- Traballo en grupo.
- Organización do traballo persoal.

*Sobre este apartado o Departamento elaborou un programa de técnicas e hábitos de estudo, adaptado a cada nivel. Este programa terá tamén actividades para traballar cada apartado.

12.3.5.3.- Destrezas instrumentais.

- **Comprensión lectora.** Neste apartado, o Departamento de Orientación continuará co estudo detallado das deficiencias e necesidades dos alumnos e alumnas do Colexio e promoverá a aplicación dun programa para a mellora da comprensión lectora e a competencia lingüística en xeral que incluírá diferentes técnicas de estudo, instrumentais, ..., para que siga a mellora neste eido, detectada nas probas de competencia lingüística aplicadas durante os últimos cursos.
- **Para acadar este obxectivo,** durante este curso o Departamento de Orientación vai volver a promover a aplicación de probas de competencia lingüística en todos os niveis de E. Primaria, e en segundo e terceiro ciclos, aplicar estas probas en dous momentos diferentes do curso para observar a evolución que neste eido se dá no alumnado ó longo do mesmo. Estas probas son elaboradas polo Xefe do Departamento de Orientación, quen tamén se encargará da aplicación das probas nas aulas, da corrección das mesmas e entregará os resultados das probas a cada titor/a para que adopte as medidas necesarias cara á mellora nestas técnicas. Nos ciclos segundo e terceiro de E. Primaria aplicaranse no comezo do segundo

trimestre e no remate do terceiro, e no primeiro ciclo aplicaranse no remate do terceiro trimestre.

- Dentro da busca da mellora en competencia matemática aplicaranse novamente probas de competencia matemática en toda a Primaria, dúas veces no curso.
- Técnicas de recollida de información.
- Técnicas para mellorar a retención e recordo.

12.3.5.4.- Estratexias de apoio para o estudo.

- Planificación do tempo.
- Condicións ambientais mínimas.
- Colaboración da familia.

*Sobre este apartado o Departamento de Orientación xa elaborou un tríptico no que se sinalan as condicións mínimas que deben darse para que os alumnos/as estuden axeitadamente.

12.3.5.5.- Técnicas motivacionais.

- Responsabilidade na tarefa.
- Tarefas de dificultade adecuada.
- Participación dos alumnos nas propostas de actividades.
- Afrontamento do fracaso.

12.3.6.- Desenrolo persoal e adaptación escolar.

12.3.6.1.- Actividades a desenrolar:

- a. **Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.**

Sobre este apartado, o Departamento elaborou un programa de atención as minorías étnicas e alumnos/as pertencentes a colectivos inmigrantes na clase e no Colexio, que abarca todos os niveis de integración. Durante os cursos anteriores fixéronse uns estudos sobre este alumnado no noso Colexio, dos que se obtiveron unha serie de conclusións e propostas para unha correcta atención a estes alumnos e alumnas.

- b. **Habilidades sociais.** Elaborouse un programa de intelixencia emocional para traballar nas titorías.
- c. **Unha autoestima positiva.**
- d. **Autocontrol.**
- e. **A convivencia entre os alumnos.** Sobre este tema reelaborárase un Programa específico adaptado á nova normativa. Xa se teñen aplicado programas de modificación de conduta nalgúns casos graves. Ademais, seguirase dando información sobre técnicas a utilizar por parte dos mestres/as cos seus alumnos/as no caso de problemas deste tipo, así como prevención dos mesmos. Renovaranse os protocolos contra o acoso escolar adaptándoos á nova normativa
- f. **A interacción titor/a –alumno/a.**

12.3.6.2.- Coñecemento da situación de cada alumno/a no grupo.

- a. **Controlar** a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados ós pais ou titores e á Xefa de estudos. Aplicación do sinalado no Protocolo contra o absentismo escolar.
- b. **Orientar** ós alumnos/as dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- c. **Informar** ó equipo de mestres/as das características do grupo de alumnos/as, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

12.3.7.- Participación da familia.

12.3.7.1.- Obxectivos:

- a. **Facilitar** a cooperación educativa entre os profesores/as e os pais/nais dos alumnos/as nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación.
- b. **Informar** ós pais/nais de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención ós aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- c. **Facilitar** a participación dos pais/nais nas actividades complementarias organizadas polo centro.
- d. **Fomentar** a colaboración dos pais e nais para que toda a comunidade educativa traballe na mellora da convivencia no Colexio.

12.3.7.2.- Propostas concretas:

3.7.2.1.- Actividades de acollida.

- a. **A** principio de curso organizarase unha xuntanza colectiva dos titores e profesores de cada etapa cos pais e nais de alumnos, coa finalidade de proporcionarlles información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a dependencias e servizos, estrutura organizativa (calendario escolar, horarios, horas de titoría), actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- b. **Dos** aspectos relevantes para o cumprimento dos obxectivos propostos, farase chegar información directa por carta ós pais e nais.
- c. **Aplicación** dos Programas de Adaptación á Educación Infantil e ó Colexio.

Esta aplicación farase para todo o alumnado que provén dos centros adscritos e para aqueles que ingresen por primeira vez no noso Centro, ben sexa por comezar a súa escolarización, ben por vir doutro centro.

- d. **Aplicación** do programa de acollida incluído dentro do programa de atención a alumnado pertencente a minorías étnicas e/ou colectivos de inmigrantes.

12.3.7.2.2.- Actividades de seguimento tutorial.

12.3.7.2.2.1. Individual.

O titor/a solicitará a presenza cando menos trimestral daqueles pais/nais de alumnos/as que necesitan mellorar nalgún aspecto.

Promoverase a implicación dos pais e nais en programas de xeneralización de condutas, especialmente de habilidades básicas, así como unha maior participación das familias na actividade escolar.

12.3.7.2.2. Colectiva.

Organizaranse reunións periódicas cos seguintes obxectivos:

- Intercambio de información.
- Explicación da programación.
- Informar sobre o proceso de avaliación e comentar resultados.
- Organización do traballo persoal dos seus fillos/as.

12.3.7.2.2.3.- Actividades de participación colectiva.

- Colaboración en actividades extraescolares.
 - Saídas didácticas.
 - Celebracións.
 - Semanas culturais.
 - Visitas a empresas.
 - Organización do tempo libre e descanso.
- Coordinar grupos de discusión sobre temas formativos de interese para a educación dos seus fillos.

12.3.8. Coordinación entre os membros dos equipos docentes e os profesionais do Departamento de orientación do colexio

Todo o persoal do centro, profesorado, alumnado, familias e persoal non docente, deberá actuar de forma coordinada para o desenvolvemento eficaz de todas as actividades programadas no centro.

Manteranse con carácter mensual reunións de coordinación dos equipos didácticos, convocadas e supervisadas pola Xefatura de Estudos. O contido destas reunións versará sobre:

- ✚ Desenvolvemento das actividades de tutoría realizadas cos grupos.
- ✚ Tratamento da orientación académica e profesional, especialmente nos últimos cursos da Educación Primaria.
- ✚ Desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.
- ✚ Seguimento de programas específicos.
- ✚ Valoración e posta en común da evolución dos grupos.
- ✚ Aspectos relacionados coa convivencia e o desenvolvemento curricular.
- ✚ Preparación das sesións de avaliación dos grupos.
- ✚ Tratamento da atención individualizada ao alumnado e ás súas familias.
- ✚ Coordinación dos equipos docentes.

- ✚ Actividades nas que participe o alumnado.
- ✚ Cantas outras redunden na mellora da atención educativa ao alumnado.

Manteranse reunións semanais de coordinación de nivel para unificar criterios e deseñar o traballo a facer cos grupos do mesmo nivel.

Igualmente celebraranse reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro de Profesores e Consello Escolar con periodicidade trimestral, co fin de analizar e facer o seguimento do cumprimento de todas as normas recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento do centro por parte dos diversos sectores e membros da comunidade educativa do centro, insistindo nas normas de convivencia e respecto recollidos no plan de convivencia.

12.3.9. Procedementos e estratexias para facilitar a comunicación, a colaboración e a coordinación coas familias

- a)1 **R**eunión dos mestres/as titores cos pais e as nais do alumnado do seu curso antes do 30 de setembro para informalos sobre os seguintes aspectos: funcionamento e organización da aula e do centro, necesidade de materiais, programación xeral do curso, procedementos e criterios de avaliación, horarios, profesorado, funcionamento dos diversos plans e proxectos educativos cos que conta o centro, funcionamento da ANPA, procedementos de comunicación a utilizar entre o centro e as familias, axenda escolar do alumno/a, dereitos e deberes do alumnado e das familias no cumprimento das súas respectivas responsabilidades. Esta reunión terá unha primeira parte para todos os pais/nais, na que o equipo directivo tratará algunhas das normas xerais de funcionamento. Nunha segunda parte, cada titor/a informará aos pais/nais do seu alumnado sobre os aspectos antes citados.

- b)1 **Fixar** anualmente na Programación Xeral Anual do centro o día da semana e a hora de titoría coas familias.
- c) **Fixar** un horario semanal de atención ás familias por parte do equipo directivo do centro dentro das súas respectivas funcións.
- d)1 **Manter** reunións cos pais e as nais, polo menos unha ao trimestre, para informar sobre os resultados e marcha académica dos seus fillos/ás.
- e) **Celebrar**1 entrevistas periodicamente coas familias do alumnado que presente un baixo rendemento ou problemas de comportamento, co fin de paliar estes dentro do posible.
- f) **Facer** partícipes ás familias dos traballos escolares significativos que vaia realizando o alumnado e dos resultados neles obtidos para a súa supervisión e seguimento.
- g) **1Favorecer** a participación dos pais na vida do centro, facilitándolles información dos diversos temas, así como os medios e o asesoramento precisos para unha execución máis eficaz das súas competencias.
- h) **Confeccionar** e emitir, con carácter periódico, circulares dirixidas ás familias do alumnado nas que se recorden e comenten as normas de convivencia recollidas no plan de convivencia co fin de alcanzar unha actuación coordinada entre a familia e o colexio en beneficio da educación dos nenos e as nenas do centro. Utilizar tamén a web do colexio para este tipo de comunicacións.
- i) **Organizar** unha escola de familia virtual dende a bitácora do Departamento de Orientación, subindo contidos que poidan ser de utilidade para as familias.

- l) **C**onfeccionar e emitir con carácter periódico circulares dirixidas ás familias nas que se oriente sobre 1a adquisición de determinados hábitos que permitan unha mellora na formación, socialización e desenvolvemento da autonomía persoal do alumnado: hábitos de traballo, hábitos lectores, hábitos de saúde e hixiene, hábitos de respecto e coidado do medio, comportamentos cidadáns, etc.
- m) **U**tilizar a Axenda Escolar como vehículo de Información Titorial que sirva de enlace e comunicación entre o centro e a familia.
- n) **D**ar a coñecer a comunidade, a través dos medios dispoñibles no centro, os diferentes elementos que conforman o Proxecto Educativo do centro, así como os diferentes servizos que se prestan neste, co fin de facilitar o coñecemento do labor educativo e formativo que neste se desenvolve.

12.3.10. Procedementos para recoller e organizar os datos académicos e persoais do alumnado

- a) **1A**pertura do expediente de cada un dos novos alumnos/as matriculados no centro, no que se vaia incluíndo toda a documentación referente ao alumno/a que se vaia xerando ao longo da súa escolarización no centro, así como a recibida do centro de procedencia no seu caso. Utilización do XADE para ter en formato electrónico toda esta documentación e datos permita esta aplicación informática.
- 1b) **R**eunións trimestrais dos equipos docentes de cada un dos cursos do centro para realizar a sesión de avaliación correspondente, sendo responsabilidade do profesorado titor de cada curso levantar acta delas. O calendario de avaliacións será aprobado na Comisión de Coordinación Pedagóxica e no Claustro e a asistencia ás mesmas é obrigatoria para todo o profesorado que imparta clase en cada grupo.

- c) **Cumprimentación** trimestral dos modelos de actas de avaliación nos que se recollan as cualificacións correspondentes a cada área, e a información sobre o nivel mostrado polo alumnado nas competencias básicas, utilizando o XADE. Cada mestre/a cumprimentará no XADE os datos que lle correspondan.

12.3.11. Colaboración e coordinación con servizos e axentes externos

O Centro manterá colaboración e coordinación cos servizos sociais do Concello para abordar diferentes temas sinalados neste plan de acción tutorial.

Tamén se lle pedirá ao Equipo de Orientación Específico a súa colaboración naqueles casos de alumnado que presenten necesidades específicas de apoio educativo nos que sexa necesario contar coa súa opinión e/ou asesoramento.

12.4.- Recursos empregados

Para levar adiante as actividades sinaladas neste PAT, utilizaranse, entre outros, os seguintes recursos:

- * Tríptico ¿Cómo funciona a orientación no noso colexio? Hábitos de estudo: como poden axudar os pais/nais ós seus fillos/as.
- * Cuestionarios para elaborar sociogramas, feitos polo departamento de orientación.
- * Cuestionario de integración social.
- * Documentos sobre titorías seleccionados de diversas publicacións.
- * Documentos elaborados polos titores/as.

- * Programa de Adaptación á Educación Infantil.
- * Programa de Adaptación ó Colexio.
- * Probas de competencia lingüística nos tres idiomas.
- * Probas de competencia matemática.
- * Cuestionario sobre hábitos de estudo.
- * Programa para a mellora da convivencia.
- * Folleto: "Algúns principios básicos para educar ben", elaborado polo Departamento de Orientación e dirixido ós pais e nais.
- * Caderno sobre Técnicas de estudo elaborado polo Departamento de Orientación.
- * Actividades de Intelixencia Emocional para E. Primaria.
- * Programa APDI de aprender a pensar.
- * Programa de atención alumnos/as pertencentes a minorías étnicas e/ou a colectivos de inmigrantes.

A Biblioteca escolar manterá recompilados, organizados e inventariados todos os recursos e materiais dispoñibles no centro para poder ser consultados e utilizados para a súa utilización polos diversos sectores da comunidade educativa e organizados por diferentes temas:

1. Material bibliográfico:

 **Libros de lectura:** contos, cómics, literatura infantil e xuvenil.

- ✚ Libros de consulta por temas.
- ✚ Dicionarios e enciclopedias.
- ✚ Atlas, mapas e murais.
- ✚ Material bibliográfico sobre pedagogía, didáctica e organización escolar.
- ✚ Materiais Bibliográficos para a atención á diversidade: libros de texto, cadernos e materiais específicos para cada área do currículo, baterías de fichas fotocopiáveis, etc.
- ✚ Material bibliográfico sobre educación en valores.
- ✚ Material bibliográfico sobre responsabilidade.
- ✚ Material bibliográfico sobre solidariedade.
- ✚ Material bibliográfico sobre paz e convivencia.
- ✚ Material bibliográfico sobre respecto e coidado do medio.
- ✚ Material bibliográfico sobre autoestima.
- ✚ Material bibliográfico sobre educación viaria.
- ✚ Material bibliográfico sobre dereitos humanos e do neno, e cidadanía.
- ✚ Material bibliográfico sobre coeducación.
- ✚ Material bibliográfico sobre educación para a saúde.

2. Programas e aplicacións informáticas.

3. Materiais multimedia: DVD, vídeos, CD-audio, CD-ROM, etc.

* Outros programas e materiais recollidos ou elaborados polo Departamento de Orientación.

12.5.- Avaliación deste Plan de Acción Tutorial.

Para cada apartado deste Plan deberase facer un seguimento por áreas, niveis e ciclos, ó longo do curso, para determinar en qué medida están integrados nas unidades didácticas do P.C.C. estes contidos.

Mentres tanto, este Plan de acción tutorial figurará como anexo a todas as programacións de aula durante o curso escolar. Cada profesor/a procurará integrar no deseño de cada Unidade Didáctica estes contidos, establecendo os obxectivos que se acorden nos diferentes niveis.

O Departamento de Orientación fará unha avaliación anual deste Plan. A partires dos resultados das avaliacións que se fagan, procederase ás modificacións que se estimen necesarias.

13. PLAN DE CONVIVENCIA DO C.E.I.P. NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS

(PENDENTE DE ADAPTACIÓN Á NOVA NORMATIVA)

SUMARIO:

| | |
|--|-----|
| 13.1. Xustificación | 96 |
| 13.2. Observatorio de convivencia | 96 |
| 13.3. Avaliación inicial da convivencia no centro | 97 |
| 13.4. Plan de actuación | 99 |
| 13.4.1. Obxectivos do Plan de Convivencia | 99 |
| 13.4.2. Accións | 100 |
| 13.4.3. Protocolos | 103 |
| 13.4.4. Actividades previstas | 104 |
| 13.4.5. Recursos | 105 |
| 13.5. Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso | 107 |
| 13.6. Seguimento e avaliación | 165 |
| 13.6.1. Espazos e tempos | 165 |
| 13.6.2. Instrumentos | 165 |
| 13.7. Conclusións e propostas de mellora do Plan de Convivencia | 166 |

13.1. XUSTIFICACIÓN

A convivencia pacífica é un dos retos da sociedade actual, e posúe múltiples facetas que precisan da colaboración de distintas instancias.

Os centros educativos son espazos onde compartir as vivencias e aprender a convivir. A organización das estratexias que se deben adoptar para educar na convivencia democrática, require da promoción dun espazo de consenso de toda a comunidade: escola, familia, institucións locais e asociacións.

A educación para a convivencia , como parte integrante da función docente, desenvolverase en tódalas áreas e materias do currículo.

○ Plan de Convivencia ten por finalidade favorecer propostas educativas que axuden ao centro a conseguir a formación e respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, así como no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, desenvolver a motivación do alumnado pola aprendizaxe, e mellorar a cohesión e as relacións internas de cada grupo.

Os nenos/as que crezan, aprendan e maduren xuntos nun ambiente educativo de convivencia, serán cidadáns capaces de asumir as diferenzas, respectar aos outros, dialogar e convivir. Este é o obxectivo primordial do noso Centro, lograr un clima de convivencia baseado no respecto e na comunicación fluída, aberta e sincera entre todos os membros da Comunidade Educativa.

13.2-. OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA DO CENTRO

(ESTE OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA QUEDA ANULADO POLO NOVO DECRETO DE CONVIVENCIA NO QUE SE FALA DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA)

13.3. AVALIACIÓN INICIAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

Pódese considerar o noso centro, coma un centro de baixa conflictividade e cun ambiente de convivencia agradable, no que non se advirten conflitos de relevancia. Aínda que a porcentaxe de alumnado procedente doutros países e culturas é alta, non se detecta que esta situación cause problemas de convivencia.

13.3.1-. DETECCIÓN DE NECESIDADES

Para elaborar un Plan de Convivencia adaptado ás características do noso centro é fundamental partir da realidade do centro e por iso pasouse un cuestionario ao PROFESORADO, ao ALUMNADO, e ao PERSOAL NON DOCENTE para que eles mesmos fixeran unha reflexión sobre a convivencia no centro e como se podería mellorar. Como conclusións, e recollidas por grupos obtivéronse os seguintes resultados:

PROFESORADO:

Detéctase que:

- Existen problemas relacionados con faltas de comportamento e respecto dos alumnos entre eles e nalgúns casos puntuais cara aos mestres e ao resto de persoal do centro.
- Obsérvase algún problema cos pais, por motivos como interromper as clases en horario lectivo.

ALUMNADO:

Os nosos ***alumnos/as*** quéixanse de:

- Faltas de respecto e agresións por parte duns compañeiros a outros (Insultos, burlas, empurróns, patadas, ameazas, pelexas,.... no patio).

- Os alumnos maiores “aprovéitanse” dos mais pequenos.
- No patio:
 - Hai problemas nas filas antes de subir ao colexio: empurróns, ...
 - Non respectan o material do centro (Rompen as plantas,..).
- No comedor:
 - Mal comportamento na mesa, tiran comida.
- Na biblioteca: pelexas
- Nos baños: algúns nenos non deixar entrar/saír, mollan todo.
- Ademais hai algún caso puntual de rexeitamento e indiferenza cara algúns alumnos e de desaparición de algúns materiais na clase, nas mochilas.

PERSONAL NON DOCENTE:

- Quéixanse de falta de respecto por parte dos nenos, cara eles mesmos e o seu traballo.

Os datos achegados polos cuestionarios indícanos que existe unha preocupación por parte do profesorado, do alumnado e do persoal non docente do centro, respecto dos problemas de convivencia e de disciplina. Os problemas que máis preocupan aos membros da comunidade educativa son aqueles que afectan directamente á vida cotiá: agresións físicas e verbais entre compañeiros, agresións dirixidas ás propiedades, exclusión social, e no caso dos profesores faltas de respecto e disrupción .

13.4. PLAN DE ACTUACIÓN

13.4.1 OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. **Priorizar a formación do profesorado e familias para a convivencia, Formar ao profesorado na temática da convivencia democrática.**
2. **Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia na aula.**
3. **Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o esforzo conxunto do mestre/a e os alumnos/as. Favorecer as habilidades comunicativas e de relación.**
4. **Propoñer medidas para a mellora da convivencia na comunidade educativa.**
5. **Establecer os protocolos a seguir ante as distintas alteracións da convivencia.**
6. **Mellorar a comunicación e coordinación entre profesorado, alumnado, familias.**
7. **Abrir liñas de colaboración con outras institucións.**
8. **Cimentar as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión, a solidariedade e a interiorización das normas de convivencia.**
9. **Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.**
10. **Analizar as causas das condutas disruptivas e procurar resolvelas como paso previo para liquidar problemas de convivencia**

13.4.2. ACCIÓNS.

REXISTRO DE CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR.

1. Parte de incidencias: No parte de incidencias anotaranse as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro, así como unha reiteración (3 nun mes) de condutas contrarias ás normas de convivencia que aparezan no rexistro de condutas. O parte de incidencias cubrirá o mestre/a e levará a firma do alumno/a, quedando constancia da conduta e da súa aceptación por parte do alumno/a.

13.4.2 1-. ACCIÓNS A LEVAR A CABO POLA COMUNIDADE

- Unha das formas para solucionar os pequenos problemas de convivencia no centro, sobre todo encamiñado ao alumnado, é o sistema de arranxo de problemas por medio do diálogo en lugares creados para o fin. Trátase dunha mesa con dúas cadeiras, nas que se sentan dous alumnos/as, ben ao lado dunha orella ou dunha boca. Un fala e o outro escoita, e logo viceversa, o que escoitaba fala, e o que falaba escoita. Máis tarde ao saber o que cada un pensou nese intre e tratar de entender a postura do outro, tratarase de facer as paces cun perdón, foi sen querer, cun choque de mans ...
- Para o terceiro ciclo outra forma de recoller O MODELO INTEGRADO no regulamento pode ser a seguinte: no centro existe un sistema de normas e de correccións, e ás persoas en conflito ofréceselles a posibilidade de acudir a un sistema de diálogo (por exemplo, equipo de mediación) para a solución aos seus problemas ou o acollerse á aplicación da normativa sancionadora do centro co seu correspondente expediente se isto fose necesario. Os pasos a seguir neste modelo son:

a) **Reparación.** Con respecto á persoa (ou persoas) que sufriu o dano favorece unha reparación directa á vítima.

b) **Reconciliación.** Dedicar atención á mellora da relación entre as partes. O diálogo é unha ferramenta básica neste modelo.

c) **Resolución.** Expón un diálogo sincero para que os conflitos subxacentes poidan ser escoitados e xa que logo atendidos e resoltos (conflicto de intereses, necesidades, valores ou relación) dentro dunha procura do acordo.

A Comunidade Educativa sabe que ante os conflitos estase actuando e ademais, dunha forma moi humanizada. O centro educativo é activo no proceso ao outorgar lexitimidade e status a unha estrutura organizativa dedicada á atención de conflitos (equipo de mediación)

Este modelo integrado de resolución de conflitos de convivencia susténtase baixo tres elementos fundamentais:

Primeiro.- Fai falta contar cun sistema de normas elaboradas participativamente de tal modo que puidesen ser interpretadas polos seus usuarios como un pequeno pacto de convivencia.

Segundo.- É imprescindible contar con sistemas de diálogo e de tratamento de conflitos, suficientemente capacitados, dentro da organización do centro.

Terceiro.- Un traballo educativo sobre cuestións como:

- introducir cambios no currículo escolar, facéndoo máis inclusivo e democrático,
- favorecer a colaboración das familias co centro educativo,
- tomar medidas que afronten a influencia do contexto social próximo do alumnado,

- revisar o clima e as interaccións do aula (interacción verbal e non verbal, discurso docente, estilo motivación e reacción inmediata á disrupción),
- deseño e desenvolvemento de medidas organizativas directamente relacionadas coa mellora da convivencia.

Estes enfoques de tratamento do conflito non só pretenden previr a aparición da violencia, senón tamén contribuír a incorporar na cultura dos centros unha serie de estratexias pacíficas para a solución de problemas e a toma de decisións, favorecendo deste xeito o clima de aula e de centro.

13.4.2.2.- ACCIÓNS CO ALUMNADO

- Elaboración participativa nas normas da clase e outras que se recollan no RRI do centro para garantir a convivencia entre os alumnos/as e con toda a comunidade educativa.
- Colaboración do alumnado na conservación do entorno: coidado das plantas e árbores do patio (Cada clase pódese encargarse dun espazo do patio), clasificación do lixo, respecto polas instalacións....
- Establecemento de sancións cando un membro da comunidade educativa non respecte as normas.
- Colaboración do alumnado na vixilancia dos patios para comprobar que se cumpren as normas de convivencia.

13.4.2.3.- ACCIÓNS CO PROFESORADO

- Formación para que haxa unha concienciación colectiva sobre a importancia de lograr unha boa convivencia.
- Importancia de que coñezan o RRI.
- Asesoramento cando teñan conflitos cos alumnos...
- Dispoñibilidade de máis espazos e tempos para que se reúnan e falen das súas experiencias educativas.
- Intercambio de experiencias positivas e que non se remarquen as negativas.
- Unificación de criterios en relación a espazos e tempos de atención a pais/nais, colaboración coas familias...

-Actualización de metodoloxías que axuden á maduración crítica do alumnado.

13.4.2.4-. ACCIÓNS CO PERSONAL NON DOCENTE

-Participación no establecemento de normas que faciliten o seu traballo.

13.4.2.5-. ACCIÓNS COAS FAMILIAS

- Formación dunha escola de pais.

- Charlas informativas sobre aspectos que lles interesen.

- Establecemento de canles de información e comunicación por vía informática.

-Información sobre as distintas actividades que se levan a cabo no centro e no resto do concello.

13.4.2.6-. ACCIÓNS COA COMUNIDADE

- Disponibilidade do centro para actividades formativas de educación para a saúde, educación viaria....

-Colaboración co equipo do Proxecto Gamela no seu estudio sobre a violencia e os conflitos nas aulas.

- Reunións periódicas para dar a coñecer experiencias, actividades, coloquios..

13.4.3 PROTOCOLOS

- De maneira xeral seguirase o RRI e os protocolos establecidos xa no centro.
- Para contar con sistemas de diálogo e de tratamento de conflitos, necesítase formar a persoal da comunidade educativa nestes aspectos...
- Para evitar que suban pais as clases tanto estando citados como non, teñen que pasar por secretaría ou xefatura de estudos e un membro do equipo directivo ou mestre/a de garda subirá a clase.
- Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e do ciberacoso

13.4.4 ACTIVIDADES PREVISTAS

| ACTIVIDADE | RESPONSABLES | RECURSOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|--|---|-------------------------|
| Revisión do Plan de Convivencia | Comisión para a convivencia escolar e Claustro | O Plan de Convivencia | Durante todo o curso |
| Establecemento dun clima de clase axeitado dende as primeiras semanas para mantelo durante todo o curso. Información o 1º día de clase das normas e regras da aula e do centro. | Todos os mestres en xeral, e o profesor titor en cada aula | Normas de convivencia do R.R.I | Primeiro mes do curso |
| Actuación coherente de todo o profesorado en materia de convivencia | Todo o profesorado. | Decisións tomadas polo Claustro para levar a cabo unha actuación coherente todo o profesorado | Todo o curso. |
| Celebración do “Día Escolar da Paz e a Non Violencia”. | Todos os mestres do centro | Normas de convivencia. Documentos escritos e audiovisuais que falen da paz e da non | Semana do 30 de Xaneiro |

| | | | |
|---|---|---|-----------------|
| Actividades e traballos de aula para mellorar a convivencia e as habilidades sociais. | O mestre titor de cada aula | violencia Distintos materias didácticos sobre a convivencia, habilidades sociais, xogos cooperativos | Unha vez ao mes |
| Charlas para toda a comunidade educativa sobre convivencia | Tódolos membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias) | Persoal especializado | Ao longo do ano |

13.4.5. RECURSOS:

- HUMANOS

Contarase coa participación do equipo de convivencia e igualdade, da Comisión de Convivencia, do departamento de orientación, do equipo directivo e de todo o persoal da comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente...)

- MATERIAIS

- **Material didáctico** elaborado para levar a cabo as actividades propostas: carteis, murais.
- **Cuestionarios.**
- **Material informático** diverso.
- **Documentos organizativos** do centro incluídos dentro do Proxecto Educativo.
- **Bibliografía** diversa.



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
C.E.I.P. PLURILINGÜE NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS
Rúa Azorín, s/n – 36860 – PONTEAREAS – Teléfono 886 110 532
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnosasenoraremedios>
ceip.nosasenora.remedios@edu.xunta.gal



13.5. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

SUMARIO:

| | |
|---|-----|
| I. INTRODUCCIÓN | 110 |
| II. IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR | 112 |
| a) Criterios de identificación do acoso escolar | 113 |
| b) Tipos de acoso escolar | 114 |
| c) Consecuencias do acoso escolar | 117 |
| III. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN | 120 |
| Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación | 121 |
| a) Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (anexo I) | 122 |
| b) Medidas urxentes de protección á presunta vítima | 123 |
| c) Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (anexo II) | 123 |
| d) Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexo III e IV) .. | 124 |
| e) Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (anexo V) | 124 |
| f) Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (anexo VI)..... | 125 |
| Segunda fase. Recollida de información. Rexistro (anexo VII) | 126 |
| a) Entrevista individual á vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista (anexo VIII) | 127 |
| b) Entrevista individual á/s persoa/s responsable/s do acoso. Citación do alumnado acosador a unha entrevista (anexo IX) | 128 |

| | |
|--|-----|
| c) Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista (anexo X) | 128 |
| d) Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s (anexo XI e XII) | 129 |
| e) Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (anexo XIII) | 130 |
| f) Solicitude de asesoramento a outros organismos, especialmente no caso de ciberacoso (anexo XIV) | 130 |
| <u>Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas</u> | 131 |
| a) Análise da información (anexo XV) | 131 |
| b) Adopción de medidas (anexo XVI) | 132 |
| 1. Medidas de protección á vítima | 133 |
| 2. Medidas reeducadoras e correctoras para a persoa ou persoas agresora/s .. | 135 |
| 2.1. Medidas reeducadoras para a persoa ou persoas agresora/s | 135 |
| 2.2. Medidas correctoras para a persoa ou persoas agresora/s (anexos XVII e XVIII) | 136 |
| 3. Outras medidas | 138 |
| 4. Comunicación á Inspección Educativa (anexo XIX) | 140 |
| <u>Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.</u> | |
| <u>Rexistro (anexo XX)</u> | 141 |
| IV. ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN | 142 |
| a) Estratexias organizativas e de prevención no centro | 142 |
| b) Estratexias de prevención na aula | 145 |
| V. O CIBERACOSO | 147 |
| a) Definición de ciberacoso | 148 |
| b) Criterios de identificación do ciberacoso | 150 |

| | |
|--|-----|
| c) Tipos de ciberacoso | 150 |
| d) Protocolo de actuación | 151 |
| e) Estratexias preventivas | 152 |
| | |
| VI. A RESPONSABILIDADE DO CENTRO. ASPECTOS XURÍDICOS | 155 |
| | |
| a) Responsabilidade do centro (anexos XXI e XXII) | 155 |
| b) Particularidades xurídicas do ciberacoso | 159 |

I. INTRODUCCIÓN

O fenómeno denominado acoso escolar, maltrato entre iguais ou *bullying* atopámolo presente en toda a historia, pero nos últimos anos adquire interese social debido ao aumento e gravidade dos feitos e ao contorno onde se produce, o educativo. *Bullying* é un termo anglosaxón do que provén a palabra *bully*, que significa 'matón ou botaporela'. As primeiras referencias no eido educativo encóntranse na publicación dun artigo periodístico, en 1969, do psiquiatra sueco Heinneman, no que destaca o inadvertidas que pasan as inxustizas sociais. Máis tarde, na década dos setenta, o noruegués Dan Olweus iniciou unha investigación no eido mundial sobre intimidación sistemática, publicado co título *La agresión en las escuelas: los bullyies y los niños agresivos*.

O estudo deste fenómeno no Estado español é recente, destacando o *Informe del Defensor del Pueblo sobre violencia escolar* (1999). Este é o resultado dunha investigación sobre a violencia entre iguais no ámbito escolar en todo o Estado, coordinada polo Departamento de Psicoloxía da Universidade Autónoma de Madrid. Outro estudo máis recente e que actualiza un informe do 2000, tamén do Defensor do Pobo, é *Violencia escolar: el maltrato entre iguales en educación secundaria obligatoria 1999-2006* (2007).

Ademais, e xa referido ás relacións a través das novas tecnoloxías, cabe facer referencia ao recente *Informe extraordinario do Valedor do Pobo en Galicia sobre Adolescentes e internet en Galicia* (2011), no que se define o ciberacoso e se nos informa, entre outras cousas, dos usos que fan e dos riscos que está a vivir a nosa mocidade no seu día a día.

As interaccións e relacións entre iguais inciden no desenvolvemento social dos nenos e adolescentes, pero non sempre estas relacións son de carácter positivo. Na actualidade, nos centros educativos, como mostra do que ocorre no resto da sociedade, estase a vivir unha situación de certo auxe da violencia nas súas diferentes vertentes. Son moitas as manifestacións desta no noso contorno, hoxe en día a ninguén lle resulta alleo a

existencia de casos de violencia doméstica, acoso moral no traballo, acoso inmobiliario nin o fenómeno educativo do *bullying* ou acoso escolar.

A existencia dos conflitos esixe de todos, e particularmente do sistema educativo, unha aprendizaxe para o seu entendemento, a súa xestión e a súa resolución, dentro dun marco de convivencia e cultura da paz.

O fenómeno do *bullying* ou acoso escolar vén definido como “unha conduta de persecución física e/ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro, ao que elixe como vítima de varios ataques” (Dan Olweus). Trátase, polo tanto, dunha situación continuada no tempo e de grande intensidade, na que unha das partes se sente poderosa e asume o papel de agresor ou acosador, en tanto que a outra, máis vulnerable, asume o papel de vítima ou acosada. Polo tanto, malia a alarma social creada por veces nos medios, non debe confundirse unha situación de acoso con pelexas puntuais ou con situacións nas que as dúas partes se atopan en situacións de igualdade.

Así, na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, abórdase por primeira vez no plano lexislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías e, ademais, recóllense os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar.

Finalmente, e xa no seu artigo 30, dispónse que cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar no seu Plan de convivencia.

Nestes últimos anos saltou a actualidade o tema do acoso escolar ou bullying, aparecendo informacións nos medios de comunicación verdadeiramente preocupantes sobre a intensidade deste problema nas aulas.

Aínda que a maioría destas informacións refírense a alumnado da E.S.O., o certo é que segundo estudos realizados a nivel estatal, aparecen problemas importantes de bullying xa en nenos e nenas de 8 anos. O Informe Cisneros é un claro exemplo.

Parece totalmente necesario que os centros educativos, incluídos os Colexios de E. Infantil e Primaria, adopten as medidas necesarias de prevención e de detección rápida de posibles casos de maltrato entre iguais para poder actuar en consecuencia.

Asemade, tamén parece importante a elaboración dun protocolo de actuación ante o Bullying, que sexa coñecido por todos os implicados nesa actuación e que se aplique cada vez que se teña coñecemento dun posible caso sen perda de tempo. Este protocolo debe ser sinxelo na súa aplicación, pero contundente nos seus efectos, de xeito que non poida pasar sen ser detectado ningún caso de acoso escolar.

II. IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR

As dinámicas de funcionamento, tanto do grupo amplo que forma o alumnado do centro coma do grupo limitado á aula, poden favorecer relacións negativas como o acoso. Outros conflitos escolares non son acoso: meterse un co outro de xeito amigable e sen intención de facer dano ou as discusións e incluso as pelexas entre alumnado a un mesmo nivel, situados, polo tanto, nun equilibrio de forzas.

É importante, xa que logo, diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva.

Son moitas as investigacións e os autores que fan referencia ao acoso escolar, tamén denominado maltrato entre iguais ou *bullying*. No artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, incluído no capítulo III titulado “Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar”, defínese o acoso escolar dicindo:

Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicológico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

a) Criterios de identificación do acoso escolar

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os criterios son:

1. A existencia de intención de facer dano.

Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

2. A repetición das condutas agresivas.

A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente. Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.

É un tipo de violencia difícil de identificar, isto é debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, pero o alumnado si ten coñecemento dos sucesos.

3. A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.


Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

b) Tipos de acoso escolar

Para poder identificar unha situación de acoso, é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias.

Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto verbal –a través de insultos, alcumes, desprestixio...– coma físico contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos... e, por último, situacións de illamento.

De xeito esquemático podemos considerar os seguintes tipos ou manifestacións do acoso (informe do Defensor do Pobo - UNICEF, 2000 e 2007):



Exemplos de manifestación cando se produce exclusión e marxinación social:

Minan a autoestima da persoa e fomentan a súa sensación de temor, rexeitamento, marxinación, humillación, ridiculización das súas opinións, burlas, acoso ou xestos de asco, desprezo ou agresividade dirixidos contra a vítima, pretende illar á persoa do resto do grupo e compañeiras ou compañeiros, no grupo e no centro. Exclusión, non dirixirlle a palabra, difusión de rumores e calumnias contra a vítima e o seu aspecto... na súa presenza ou na súa ausencia, comentarios relativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, raza, relixión...), outros.

Exemplos de manifestación cando se produce agresión verbal:

Palabras insultantes, humillacións, alcumes, ameazas, provocacións, desprestixio ou difusión de falsos rumores, menosprezos e ridiculización en público, resaltar defectos físicos, outros.

Exemplos de manifestación cando se produce agresión física:

Incomodar (descolocarlle as cousas, tirar da roupa), intimidacións (ameazas de violencia física, amago de pegarlle...), manifestase a través de agresións leves ou graves directas (asustar, golpes illados, empurróns, patadas, puñados, beliscos, golpes, tundas, pegar...), extorsións, furtos, roubos, danar as pertenzas da vítima, agocharlle as cousas (maltrato indirecto) e ata o uso de calquera obxecto para arremeter contra a persoa, outros.

Algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): teléfono móbil, redes sociais... (ciberacoso).

Exemplos de manifestación a través das TIC:

Mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas; correos electrónicos ofensivos, intimidatorios ou non desexados; utilización da súa imaxe sen permiso, gravacións de sucesos co móbil sen permiso, outros.

Os momentos e os lugares, e mesmo os medios, nos que pode producirse o acoso son múltiples: durante o recreo e nos patios; na fila; nos baños, nos corredores...; na aula, cando a profesora ou o profesor mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase; no comedor; no transporte escolar; nas entradas o saídas do centro; no exterior do centro; a través do móbil (mensaxes, chamadas anónimas...); por internet, a través das redes sociais, chat ou correo electrónico, outros.

Polas características da vítima pode haber manifestacións específicas de acoso: racista, homofóbico, sexista, dirixido a alumnado con discapacidade...

c) Consecuencias do acoso escolar

A posibilidade da existencia de acoso escolar moitas veces manifestase no cambio de conduta da persoa que o está a sufrir, polo tanto haberá que estar alerta, tanto no Colexio como na familia. Amósanse a continuación unha serie de posibles indicadores que, entre outros, poden poñer de manifesto a existencia desta situación:

| INDICADORES ANTE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR DETECCIÓN POR PARTE DA FAMILIA E/OU DO CENTRO EDUCATIVO | | |
|--|--|------------------|
| CONDUTAS | | DETECCIÓN |
| RELACIÓNS SOCIAIS | Cambios nos tempos de chegada e saída do centro educativo | Familia e centro |
| | Cambios nos itinerarios de ida e volta ao centro educativo | Familia e centro |
| | Cambios na súas relacións persoais (compañeiros/as non habituais) dentro do centro educativo | Centro |
| | Cambios na súas relacións persoais (compañeiros/as non habituais) fóra do centro educativo | Familia e centro |
| | Busca acompañarse de persoas adultas | Familia e centro |
| | Busca da soidade dentro do centro educativo | Centro |
| | Busca da soidade fóra do centro educativo | Familia |
| | Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente | Familia e centro |
| | Descoida o seu aspecto físico | Familia e centro |
| | Comentarios negativos sobre a súa clase ou o seu centro educativo | Familia |
| | Prefire quedar na casa a saír | Familia |

| INDICADORES ANTE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR DETECCIÓN POR PARTE DA FAMILIA E/OU DO CENTRO EDUCATIVO | | |
|--|--|---|
| | CONDUTAS | DETECCIÓN |
| ESTADOS DE ÁNIMO | Estados de ansiedade | Familia e centro |
| | Preocupación | Familia e centro |
| | Pechamento sobre si mesmo/a | Familia e centro |
| | Desconfianza | Familia e centro |
| | Desinterese | Familia e centro |
| | Tendencia á tristeza e a chorar facilmente | Familia e centro |
| | Nerviosismo repentino | Familia e centro |
| | Dificultades de comunicación nas tarefas | Centro |
| | Dificultades de comunicación nas relacións de grupo | Centro |
| | Cambio nas rutinas relacionadas co sono | Familia |
| | Cambio nas rutinas de alimentación | Familia |
| | Cambios de humor | Familia e centro |
| | Molestias físicas (vómitos, dores...) | Familia e centro |
| | Inseguridade, desconfianza en si mesmo/a | Familia e centro |
| | Negativa a falar sobre a situación | Centro |
| | Actuacións agresivas | Centro |
| | Actuacións agresivas (malas contestacións, agresividade con irmáns/sás ou outros membros da unidade familiar...) | Familia |
| | OUTRAS ACTITUDES: COMPORTAMENTO E/OU TAREFAS ESCOLARES | Actitude negativa ante as tarefas escolares |
| Dificultades de concentración nas tarefas escolar | | Centro |
| Diminución da calidade dos seus traballos | | Familia e centro |
| Desaparécenlle pertenzas escolares ou persoais | | Familia e centro |
| Fai actividades ou tarefas que non lle corresponden | | Familia e centro |
| Actitude pasiva xeral (tenta pasar sempre desapercibido/a) | | Centro |
| Actitude pasiva ante situacións violentas nas que non está implicado/a | | Centro |
| Prefire traballar só/soa | | Centro |
| Baixa no seu rendemento escolar | | Centro |
| Diminución da autoestima | | Familia e centro |
| Puxéronlle alcumes que non lle gustan | | Centro |
| En actividades de grupo non é elixido/a | | Centro |
| Non se presta para participar en actividades voluntarias | | Centro |
| Desinterese en actividades a realizar fóra do horario habitual | | Centro |
| Pide máis cartos do habitual | | Familia |
| Deixa de recibir visitas, chamadas ... de amigos/as | | Familia |
| Nerviosismo nos momentos de saír da casa | | Familia |
| Nerviosismo ante o teléfono, uso de Internet, móbil... | | Familia |
| Rompe pertenzas, traballos... sen razón | | Familia |
| Desinterese en actividades que antes lle interesaban (deporte, cine, música...) | | Familia e centro |
| Non quere falar das súas relacións | Familia e centro | |

Respecto da vítima, son múltiples os síntomas que pode sufrir, pero fundamentalmente concréntanse nunha perda de confianza e autoestima, fobia ao centro, ansiedade e depresión e incluso problemas físicos como consecuencia da somatización. Para a identificación destes síntomas resulta fundamental a colaboración das familias.

As consecuencias que poden reflectirse nunha situación de acoso ou maltrato entre iguais poden ser:

- ✓ **Para a vítima:** pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicológico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
- ✓ **Para a persoa ou persoas agresoras:** pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha supervaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.
- ✓ **Para os/as compañeiros/as observadores/as:** pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha modelación equivocada da valía persoal.

O acoso entre escolares é utilizado polos agresores como unha forma de demostrar o seu poder, utilízano sempre con persoas que saben que non se van defender.

Para erradicar as situacións de acoso escolar, e seguindo a Díaz Aguado, debemos ter presente o seguinte:

1. Intervir ao primeiro sinal, para que a violencia non sexa grave nin se repita.

2. **A** amizade e a integración como prevención: o traballo propio da aula debe permitir que todo o alumnado teña un grupo de amigos. Isto permitirá, ao mesmo tempo, mellorar a calidade de vida nas escolas e aprender habilidades sociais.

3. **Existen tres papeis que hai que previr, intervindo con toda a comunidade educativa: o de persoa agresora, o de vítima e o de persoa espectadora pasiva, que coñece a violencia pero non fai nada para evitala.**

III. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo.

Aínda que os modelos preventivos de carácter xeral no ámbito de centro e de aula son a mellor vía para que os problemas de convivencia se reconduzan de xeito positivo e se garanta unha axeitada convivencia escolar, non obstante, en ocasións, xorden episodios graves coma o acoso.

Unha vez detectados indicios da existencia no centro dunha posible situación de acoso escolar, é necesario coñecer cales son as medidas que deben ser adoptadas, posto que unha intervención rápida e efectiva que implique a toda a comunidade escolar (alumnado, familia e docentes) pode evitar un agravamento da situación.

Para isto, é conveniente ter establecido un claro plan de actuación onde se recolla un conxunto de medidas destinadas a frear e paliar a situación de acoso.

O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar nos posibles casos de acoso, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (vítima, agresor ou agresores e espectadores) coma coas súas familias.

O seguimento dun protocolo estandarizado é prescriptivo para os centros escolares e contribúe a organizar a intervención, concretando as fases e dimensións que se deben prever, proporcionando pautas de actuación ou orientacións en situacións nas que se require un procedemento sistemático para a identificación e resolución do problema.

Este protocolo, ao igual que calquera outro, precisa da corresponsabilidade da comunidade educativa na xestión dos conflitos, o que supón a revisión e optimización das canles de información, comunicación e participación, a revisión e actualización dos documentos institucionais e o fomento das relacións con outros axentes sociais (servizos sociais, sanitarios, policiais, xurídicos...).

Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, propónse adoptar diferentes fases: fase primeira, coñecemento, identificación e comunicación da situación; fase segunda, recollida de información e rexistro; fase terceira, análise da información e adopción de medidas; fase cuarta, seguimento e avaliación das medidas adoptadas e rexistro. Hai unha serie de documentos de apoio en anexos para facilitar as distintas intervencións no desenvolvemento do protocolo. Recordar que toda a información que figure en todos os documentos empregados e que se recolla nas diferentes fases do protocolo terá carácter confidencial.

Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación

Non existen fórmulas que poidan aplicarse á xeneralidade dos episodios de acoso escolar. O esencial é analizar as características específicas de cada caso dispoñendo da información máis completa posible: antecedentes, persoas implicadas, frecuencia e gravidade dos feitos, idade, tipo de maltrato, actitude das familias...

O acoso escolar ten que ser comunicado a outras persoas que non estean involucradas. O acoso mantense co silencio dos que o exercen, de quen o padece e de quen o ve e non o remedia.

Que facer cando unha alumna ou un alumno se sinte vítima de acoso escolar ou ben a familia, o profesorado ou algún compañeiro ou compañeira detecta unha situación deste tipo?

a) Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (anexo I)

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obriga de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información ao director ou directora. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación.

Esta primeira comunicación da situación poderá facerse de diferente forma, dependendo da persoa que sexa coñecedora desta:

- ✓ **Alumnado:** aula de titoría, comunicación verbal a un adulto.
- ✓ **Familia:** atención de titoría a pais/nais, comunicación verbal ao profesorado do centro ou á persoa responsable da dirección.
- ✓ **Profesorado:** comunicación á persoa titora dos alumnado implicados e/ou á persoa responsable da dirección.
- ✓ **Persoal de administración e servizos:** comunicación ao titor do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.
- ✓ **Persoas alleas ao centro:** comunicación directamente á persoa responsable da dirección.

A continuación, rexistrárase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar mediante o emprego do **anexo I**. Neste documento recóllese información

sobre a persoa ou persoas que primeiro teñen coñecemento da situación e de como se produce esta, así como do alumnado implicado nesta.

En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará o director ou directora ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo.

b) Medidas urxentes de protección á presunta vítima

Ao mesmo tempo, a persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

- ✓ **Vixilancia específica das persoas indicadas.**
- ✓ **Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.**
- ✓ **Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causantes da posible situación de acoso.**
- ✓ **Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.**
- ✓ **Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.**

c) Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (anexo II)

A persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro.

Para o mellor desempeño desta función recolleranse no Plan de convivencia do centro as posibles vías de formación deste profesorado. Procurarase, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza e proximidade, tal como recolle o artigo 30.2.c) da Lei 4/2011.

No mesmo nomeamento, esta persoa será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta.

d) Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexos III e IV)

Posteriormente, a persoa responsable da dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta comunicación por escrito a través dos anexos III e IV.

Nesta comunicación, as familias do alumnado implicado deben ser informadas da situación e dos feitos ocorridos e, de ser o caso, das medidas iniciais que se están adoptando provisionalmente para minimizar os feitos e evitar unha nova situación.

Tamén se lle comunicará a posibilidade de requirir novamente a súa colaboración para recadar información que contribúa a esclarecer os feitos.

e) Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (anexo V)

A dirección do centro designará unha persoa responsable da tramitación do protocolo e no mesmo nomeamento será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta. Entre a información facilitada nesta primeira reunión estará a relativa aos feitos e a todos os trámites realizados pola dirección do centro ata o momento deste nomeamento; a copia dos partes de incidencia e das medidas correctoras de todo o curso que lle afecte ao alumnado implicado; os datos de absentismo escolar e o informe dos titores deste alumnado.

Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlle nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para adoptar as medidas oportunas e, de ser o caso, será tamén a persoa responsable da tramitación do correspondente expediente disciplinario se definitivamente se conclúe en que se trata dun caso de acoso escolar.

En todas as súas actuacións, esta persoa deberá ter en consideración que, en caso de incoarse un expediente disciplinario, o prazo máximo para a súa resolución será de doce días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos, tal como recolle o artigo 25.7 da Lei 4/2011.

O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado, de forma que se facilite a colaboración entre estes e a comunicación de calquera incidencia relevante que puidese acaecer con respecto á situación denunciada.


A persoa que desempeñe esta función deberá ser nomeada entre o profesorado do propio centro. Para o mellor desempeño desta función se recollerán no Plan de convivencia do centro as posibles vías de formación deste (con carácter xeral, no caso de ciberacoso, deberá contar con coñecementos no uso das TIC).

f) Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (anexo VI)

Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).

Cantas actuacións se desenvolvan realizaranse sempre tendo presente a imprescindible confidencialidade de todo o proceso.

Cadro 1. Esquema da primeira fase do protocolo.



Segunda fase. Recollida de información. Rexistro (anexo VII)

Trátase dunha fase na que o principal obxectivo é o de recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

No caso de incoarse expediente disciplinario, toda a información recollida nesta fase formará parte deste expediente, polo que haberá que tomar en consideración os prazos establecidos no artigo 25 da Lei 4/2011.

Para a recollida e rexistro da información, tal como se indicou ao principio deste documento, achéganse unha serie anexos.

A información debe recollerse dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco para seleccionar datos sobre as características da interacción do alumnado, agresións existentes e situacións nas que se producen...; entrevistas individuais con citas previas ao alumno ou alumna acosado/a, alumnado acosador, familia do alumno ou alumna acosado/a e familia do alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiras ou

compañeiros e, se é preciso, persoas relacionadas co centro (coidadores, monitores de actividades extraescolares...), persoas dependentes de outras institucións...

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madureza dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- Lugares onde se produce o acoso, aínda que se producise fóra das instalacións do centro.
- Feitos observados.

a) Entrevista individual á vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista (anexo VIII)

O obxectivo desta entrevista será proporcionarlle apoio e protección á alumna ou alumno que o sofre, rachar co illamento social que permitiu a aparición do acoso e, ao mesmo tempo, obter a súa información ao respecto. Ó ser menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

Será necesario revisar a información dispoñible e ter en conta que posiblemente lle custe falar do tema e que incluso o negue. É importante que nesta primeira toma de contacto se xere nun clima de confianza, polo que, se é necesario, deberá repetirse ata que o alumno se encontre en disposición de trasladar o alcance do problema.

A entrevista debe comezarse de xeito indirecto e ir centrándose progresivamente no tema. Haberá que manter unha actitude comprensiva e amosarse receptivo. No remate desta debe transmitirse unha actitude tranquilizadora e comunicar explicitamente a busca de solucións e o compromiso para atallar o problema detectado.

No anexo VIII recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento desta entrevista.

b) Entrevista individual á persoa ou persoas responsable/s do acoso. Citación do alumnado acosador a unha entrevista (anexo IX)

O obxectivo desta entrevista será o de recoller a información dende o punto de vista da persoa ou persoas agresora/s, amosar a postura do centro de intolerancia cero ante as agresións e que tome ou tomen conciencia das consecuencias da súa conduta para a vítima e para eles ou elas mesmo/as, sen confundir “sermón” con entrevista. Como o alumno ou alumna entrevistado será menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

É conveniente que as entrevistas sexan individuais, pois, no caso de varias persoas acosadoras, o grupo tendería a minimizar o problema e diluír a responsabilidade entre os seus membros, dificultando a admisión da súa culpa.

Os datos achegados pola persoa responsable ou persoas responsables do acoso servirán para constatar os feitos e valorar se realmente está exercendo de acosador ou acosadora.

No anexo IX recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento desta entrevista.

c) Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista (anexo X)

Recollida de información das persoas “espectadoras/observadoras”, que son os membros da comunidade educativa que poden coñecer os feitos pero non participan activamente nestes. Cando o alumno ou alumna entrevistado sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

Trátase de contrastar a información achegada por estas persoas coa obtida da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos.

No caso de que sexa máis dunha persoa, as entrevistas deben ser realizadas de forma individual.

No anexo X recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento desta entrevista.

d) Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s e (anexo XI e XII)

Trátase de dar a coñecer e recoller información sobre os feitos denunciados, se son coñecidos polos pais e, de ser o caso, que medidas tomaron ata esa data ao respecto.

É preciso informar da postura firme do centro sobre a intolerancia absoluta de cara ás agresións e procurar a colaboración das familias, contándolles os seguintes pasos da intervención para a atallar o problema.

- ✓ **Entrevista coa familia da vítima (anexo XI).** Necesaria para tranquilizar a familia e para que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e servirán na adopción de medidas conxuntas. Tamén serán informados das medidas adoptadas para a súa protección.
- ✓ **Entrevista coa familia da persoa ou persoas acosadora/s (anexo XII).** Necesaria para tranquilizar a familia e para que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e servirán na adopción de medidas conxuntas. Serán informados de posibles medidas provisionais que se puidesen adoptar e que lle afecten ao seu fillo ou filla, amosándolles a postura firme

do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles ver as consecuencias deste tipo de condutas.

Nos anexos XI e XII recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento destas entrevistas.

e) Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (anexo XIII)

A persoa responsable da tramitación poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico da persoa que ocupe a xefatura de orientación do centro cando o considere necesario e oportuno para o desenvolvemento do proceso.

f) Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso (anexo XIV).

Cando se considere oportuno, a persoa responsable da tramitación, poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa, en calquera momento do proceso.

Ademais, a complexidade das situacións de ciberacoso pode derivar na necesidade de consulta e asesoramento a organismos ou axentes externos ao centro como:

- ✓ Axencia Española de Protección de Datos
- ✓ Policía Local e/ou Policía Autonómica
- ✓ Unidades de delitos telemáticos da Garda Civil e da Policía Nacional
- ✓ Outros

Unha vez rematado o proceso de recollida de información, rexistraranse nun documento todos os datos relevantes para proceder á súa análise.

Cadro 2. Esquema da segunda fase do protocolo.



Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas

a) Análise da información (anexo XV)

Antes de adoptar calquera medida é necesario contrastar a información recollida, na fase anterior, de varias fontes. Resulta imprescindible ordenar adecuadamente as actuacións e garantirlles a información aos implicados sobre o proceso desenvolvido ata o momento e a discreción no tratamento dos datos e da información obtida.

Trátase de atopar coincidencias e diverxencias entre os datos obtidos das diversas fontes de información.

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable da tramitación á dirección do centro, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas que cómpre adoptar, sempre de acordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) e no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade

educativa e na normativa que a desenvolva, con respecto ás condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Cando se confirme a situación de acoso escolar, debemos distinguir entre as medidas que se adopten aquelas tendentes á protección da vítima, as medidas correctoras da persoa ou persoas agresora/s e as referidas á comunicación da situación aos organismos correspondentes.

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser corrixidas sen a previa instrución dun expediente disciplinario. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- Ao profesorado titor do alumnado implicado.

Cando as situacións conflitivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo ou cando os órganos responsables do centro sintan que non poden abordar o problema, poderá solicitarse axuda externa e poñelo en coñecemento dos servizos competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais...), aspecto este último que será de obrigado cumprimento nos casos de especial gravidade e aqueloutros recollidos na lexislación establecida para o efecto, tal como se indica no punto 4 deste documento, referido a aspectos xurídicos da responsabilidade do centro.

b) Adopción de medidas (anexo XVI)

Con independencia de que proceda ou non a instrución dun expediente disciplinario, unha vez analizada a información, a persoa responsable da tramitación elaborará unha proposta de medidas que haberá que poñer en marcha no centro, nas aulas afectadas e co alumnado implicado e coas súas familias.

Esta proposta recollerase por escrito e indicaranse as medidas, os axentes implicados, os recursos utilizados, a temporización e o seu seguimento e avaliación.

A persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración esta proposta, ditaminará as medidas definitivas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do Departamento de Orientación e da Comisión de convivencia do centro.

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

1. Medidas de protección á vítima

Con independencia das medidas adoptadas con carácter urxente para protexer a persoa acosada, referidas no punto b) da primeira fase, son múltiples as posibilidades de protección e variarán en función das necesidades peculiares do alumno ou da alumna vítima do acoso e das posibilidades do centro.

Algunhas destas medidas poderían ser:

- ✓ Vixilancia específica das persoas implicadas (acosada e acosadora/s).
- ✓ Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- ✓ Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite.

- ✓ **Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumno afectado.**
- ✓ **Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.**
- ✓ **Titoría individualizada (da persoa ou persoas acosadora/s e da vítima) e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconceito e da autoestima...**
- ✓ **Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...**
- ✓ **Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar a vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).**
- ✓ **De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas acosadora/s, logo do oportuno expediente disciplinario.**
- ✓ **Apertura de expediente disciplinario á persoa ou persoas agresora/s (no caso de que se confirme o acoso).**
- ✓ **Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.**
- ✓ **Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.**

2. Medidas reeducadoras e correctoras para a persoa ou persoas agresora/s

2.1. Medidas reeducadoras para as persoa ou persoas agresora/s

Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente disciplinario, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:

- ✓ **Elaboración** por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
- ✓ **Desenvolvemento** de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
- ✓ **Formación** de equipos de mediadores.
- ✓ **Formación** específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
- ✓ **Desenvolvemento** da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva; pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
- ✓ **Programas** de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...
- ✓ **Solicitude** de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.

- ✓ **Derivación** a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.

2.2. Medidas correctoras para a persoa ou persoas agresora/s (anexos XVII e XVIII)

Unha vez confirmada a situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente disciplinario conforme o regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, e serán de aplicación, de ser o caso, as medidas correctoras correspondentes establecidas na devandita norma e na normativa que a desenvolva.

Para a tramitación deste expediente disciplinario, a dirección do centro facilitaralle á persoa que o tramite a seguinte documentación:

- ✓ **Normativa** de referencia.
- ✓ **Esquema** cos pasos e prazos que hai que seguir para a súa tramitación (**anexo XVII**).
- ✓ **Modelos** do procedemento e proposta de resolución do expediente disciplinario, sexa mediante un procedemento común ou, de ser o caso, mediante un procedemento conciliado de corrección (**anexo XVIII**).

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas de acordo coas medidas reguladas no artigo 21 da Lei 4/2011 e a normativa que a desenvolva, do seguinte xeito:

- Realización**, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión** do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio** de grupo.

d) **Suspensión** do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) **Suspensión temporal** do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) **Cambio de centro.**

Para a aplicación destas medidas terase en conta a graduación recollidas no artigo 23 da Lei 4/2011 e os seguintes criterios:

- ✓ **Ter en conta** a gravidade das condutas e as idades dos agresores.
- ✓ **Ir encamiñadas** a conseguir o arrepentimento dos agresores, chegando a pedirlle perdón á vítima.
- ✓ **Estar relacionadas** co tipo de agresións producidas, permitíndolles reflexionar sobre a súa conduta aos protagonistas das agresións.
- ✓ **Respectar** o principio de confidencialidade.
- ✓ **Intervención coordinada** dos profesionais tanto no ámbito do centro educativo coma do centro coas familias e servizos externos.

3. Outras medidas

Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador

- ✓ Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía...
- ✓ Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
- ✓ Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
- ✓ Analizar as consecuencias dos comportamentos.
- ✓ Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.

Coas familias

- ✓ Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
- ✓ Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.
- ✓ Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.

- ✓ **Mellorar** as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe ás súas fillas e aos seus fillos e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- ✓ **Ensinanza** de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...
- ✓ **Fortalecer** a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).

Co equipo docente

- ✓ **Formación** para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
- ✓ **Formación** específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.
- ✓ **Acordar** e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.
- ✓ **Apoiar** e facilitar o labor do profesorado titor.
- ✓ **Colaborar** coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.

- ✓ Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores).

4. Comunicación á Inspección Educativa (anexo XIX)

A persoa responsable da dirección do centro realizará esta comunicación á Inspección Educativa, que se producirá nos seguintes casos:

- ✓ Cando se confirma a situación de acoso escolar e se procede á tramitación do procedemento do correspondente expediente disciplinario
- ✓ Cando haxa coñecemento da existencia de denuncia policial ou denuncia xudicial.
- ✓ Cando o solicite, de oficio, a propia Inspección Educativa.

Esta comunicación recollerá, cando menos:

- ✓ A información recollida no centro.
- ✓ As actuacións realizadas e as datas nas que se levaron a cabo.
- ✓ A información complementaria que se considere relevante ao respecto.

Cadro 3. Esquema da terceira fase do protocolo.



Cuarta fase. Seguimento das medidas adoptadas. Rexistro (anexo XX)

Unha vez adoptadas as medidas previstas, é necesario continuar levando a cabo, a través do director ou directora do centro, ou da persoa na que delegue, un seguimento da situación, coa intención de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación de acoso, no grupo onde tivo lugar (clima de aula e de centro), tempo no que se mantén o efecto das intervencións.

Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

A este efecto, débense programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: xa non hai maltrato, mellorou a situación da vítima e a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e condutas.

A dirección debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de cumprimento, segundo a temporalización prevista.

Cadro 4. Esquema da cuarta fase do protocolo.

4º. FASE

4. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas

Anexo XX

IV. ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN

A posta en marcha de medidas para a prevención de situacións de violencia escolar debe partir dun diagnóstico da situación da convivencia escolar nos centros educativos. Unha vez coñecidos estes datos, será cando poidamos establecer actuacións dirixidas a unha prevención máis adecuada a cada centro.

Estas estratexias de prevención inclúense no Plan de convivencia do centro, así como nas súas normas de organización e funcionamento (NOF), dentro do marco do Proxecto Educativo, para favorecer a convivencia no centro.

A prevención formularase dende varios niveis:

- ✓ **Prevención inespecífica**, asumida de xeito amplo pola comunidade educativa no marco xeral da convivencia no centro.
- ✓ **De atención específica**, intervindo directamente co alumnado e coas familias implicadas en situacións de acoso escolar.
- ✓ **De asesoramento e apoio técnico especializado** para tratamentos máis específicos.

a) Estratexias organizativas e de prevención no centro

Entre as posibles estratexias organizativas e de prevención que contribúen á mellora do clima xeral do centro, podemos considerar:

- ✓ **Promover** a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.
- ✓ **Solicitar** o apoio e o asesoramento do orientador ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
- ✓ **Fomentar** a Escola de Familia.
- ✓ **Traballar** na formación de mediadores entre o alumnado do 3º ciclo de E. Primaria.
- ✓ **Reunións** periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- ✓ **Organización** de charlas sobre esta temática para o alumnado.
- ✓ **Difusión** á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das NOF.
- ✓ **Garantir** que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- ✓ **Organización** do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión. Traballar a educación intercultural.
- ✓ **Impulsar** nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.

- ✓ **Rexistro dos conflitos** utilizando os partes de incidencias e/ou documentos similares que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.
- ✓ **Divulgar** entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.
- ✓ **Distribución** de folletos con información ante unha situación de acoso.
- ✓ **Establecer canles** para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións; taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...
- ✓ **Vixilancia** en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...
- ✓ **Mellorar** as zonas de ocio, distribuír as zonas de recreo...
- ✓ **Introdución** de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.
- ✓ **Creación** das condicións favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais...
- ✓ **Promover** encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva.
- ✓ **Elaboración** de orientacións e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos:
 - **Formación** específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro...

- **Formación de familias:** pautas para previr o acoso e outras formas de violencia dende a familia. Impulsar a creación de escolas de pais e nais.
- **Formación do alumnado:** técnicas de resolución pacífica de conflitos.
 - ✓ **Elaboración de orientacións e establecemento de programas formativos** dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso:
- **Formación do profesorado e de familias:** sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a lles transmitir aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e, en caso de ameazas graves, presentar a correspondente denuncia no organismo competente.
- **Formación ao alumnado:** potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais, onde aparecen e a quen se proporcionan; non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.

b) Estratexias de prevención na aula

- ✓ **Inclusión no plan de acción titorial da elaboración de normas de convivencia** en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento a todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- ✓ **Realizar actividades de titoría programadas no grupo** referidas a:
 - relacións no grupo,
 - fomento da amizade,
 - tarefas colaborativas,

- sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do *chivato*, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as...),
 - conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes,
 - análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.
- ✓ Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconhecimento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos:
 - Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.
 - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.
 - Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións.
 - Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo...
 - Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.
 - ✓ Utilizar sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
 - ✓ Manter a través da acción titorial contactos periódicos coas familias para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.
 - ✓ Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos e tests de acoso.
 - ✓ Para permitir unha verdadeira prevención, é prioritaria a concienciación do maior número de membros da comunidade escolar respecto de dous aspectos:

- Conseguir a comprensión o máis obxectiva posible do fenómeno de acoso escolar, empregando regularmente elementos de medición que permitan previr posibles situacións deste.
- Crear unha conciencia colectiva das normas mínimas de convivencia que todo membro desa comunidade ten que cumprir.

Resumindo, o realmente apropiado é establecer na dinámica de convivencia do centro estratexias preventivas que evitasen chegar a situacións de acoso escolar.

V. O CIBERACOSO

A presenza de internet no mundo escolar, relacionada co aumento do uso das novas tecnoloxías da comunicación, é imparable, o mesmo que noutros moitos campos. As vantaxes destes medios son evidentes, pero tamén poden presentar inconvenientes e, no caso que nos ocupa, certos riscos.

A complexidade deste fenómeno deu lugar a gran cantidade de definicións. Neste protocolo optouse pola consideración do termo ciberacoso, entendido como aquelas situacións de acoso escolar nas que se empregan como medio as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

No artigo 28 da Lei 4/2011 propónse unha extensión da definición do acoso escolar, indicando que terán a mesma consideración as condutas de acoso realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Tamén no punto 2 do artigo 12 da citada lei se recolle que:

Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e lles afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade

educativa e, en particular, as actuacións que constitúen acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei e demais normativa que a desenvolva.

Ademais, na mesma Lei 4/2011, no seu artigo 15, establécense entre as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia a gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

Tecnoloxías como internet e a telefonía móbil resultan ser ferramentas de grande importancia para a formación, a socialización, o ocio e o desenvolvemento de nenos e nenas e de adolescentes, pero, de igual xeito, a súa enorme potencialidade ao servizo de persoas con intención de facer dano pode supoñer a aparición de situacións nas que os menores ou as menores se ven lesionados ou lesionadas polas accións doutras persoas.

Para combater este fenómeno, os docentes deben conseguir que as novas tecnoloxías sexan sempre unha fonte de experiencias positivas para o alumnado, deben coñecer a tipoloxía dos perigos que leva consigo a rede, a sintomatoloxía que lles axudará a detectar os problemas, as boas prácticas que axudan a previr estas situacións e a maneira de buscar solucións.

a) Definición de ciberacoso

O ciberacoso ou *ciberbullying* é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública.

Se comparamos isto con casos típicos de acoso escolar, veremos que, por unha parte, o ciberacoso non supón agresións físicas, pero, por outra, ten moito máis alcance tanto na difusión espacial coma na temporal, cunha continuidade que pode ser permanente e non limitada ao horario escolar.

O ciberacoso supón o uso e difusión de información lesiva ou difamatoria (insultos, difamacións, ameazas, intimidación, seguimento persistente, envío reiterado de correos a alguén que non desexa recibilos, exclusión, boicot, humillacións, spam, distribución de datos e imaxes persoais, roubo e suplantación da identidade...) en formato electrónico a través de medios de comunicación como o correo electrónico, a mensaxería instantánea, as redes sociais, a mensaxería de texto a través de teléfonos ou dispositivos móbiles, a publicación de vídeos e fotografías en plataformas electrónicas de difusión de contidos, e calquera outra que poida xurdir con características similares.

Normalmente distínguense tres tipos de perigos aos que están expostas as persoas con internet: perigos persoais, acceso a contidos inapropiados e adicción. O ciberacoso entra no primeiro tipo.

Nos últimos tempos, diversos factores veñen propiciando unha maior presenza do ciberacoso nos centros escolares: incorporación máis temperá ao uso das TIC, emprego masivo de novos contornos de socialización intensiva carentes de medidas de privacidade proporcionais, maior relevancia de contidos audiovisuais, amplas posibilidades de accesibilidade...contamos cunha xeración de nativos dixitais.

Este ciberacoso, ou acoso por medio das tecnoloxías da información e da comunicación, presenta unhas características singulares: anonimato, inmediatez, efecto en cadea, alta dispoñibilidade e diversidade de canles e procedementos empregados.

Aínda que o ciberacoso pode parecer difuso, en tanto que se perpetra en moitas ocasións fóra do espazo físico do centro escolar, este, ao ter coñecemento da situación e sempre que estean implicados algúns dos seus alumnos ou alumnas, ten a obriga de actuar coa mesma consideración de acoso escolar, **sempre que as condutas realizadas**

a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos teñan conexión coa vida escolar.

b) Criterios de identificación do ciberacoso

O ciberacoso caracterízase polos seguintes aspectos:

1. **A** situación perdura no tempo. Quedan excluídas as accións puntuais que, aínda que puidesen ser un delito, non constitúen ciberacoso.
2. **A**doita existir contacto ou relación previa no mundo físico entre vítima e persoa ou persoas acosadora/s.
3. **E**xiste intención de causar dano, aínda que non sempre se dá nos primeiros estadios do proceso.
4. **R**ealízase mediante o emprego de medios TIC. Pode tratarse de internet ou calquera dos servizos asociados; teléfono móbil, redes sociais, plataformas de difusión de contidos, foros, blogs...

c) Tipos de ciberacoso

O ciberacoso pode concretarse en:

- **Fustigamento:** cando se envían imaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes...
- **Exclusión:** cando se usan contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima...
- **Manipulación:** cando se utiliza información para difundila de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome...

Unha vez que se verificou unha posible situación de ciberacoso, o centro educativo deberá traballar de xeito inmediato e simultáneo en tres liñas de actuación: valoración, comunicación e accións de protección.

d) Protocolo de actuación

Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar que se desenvolve neste documento, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- ✓ **É imprescindible** conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo, sexa cal fose a forma na que se manifeste. Para esta conservación poderán capturarse pantallas en modo imaxe e vídeo, imprimir páxinas, copiar ficheiros... aspecto que deberá realizarse antes de iniciar calquera actuación coa posible persoa agresora ou persoas agresoras.
- ✓ Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso (atopar o seu enderezo IP, acudir a especialistas en informática e ás forzas e corpos da seguridade do Estado), pero, en todo caso, sen lesionar os dereitos de ningunha persoa.
- ✓ **Contactar** coa compañía do medio empregado para cometer o acoso (compañía de teléfono, propietario do dominio ou sitio web etc.), coa finalidade de coñecer o procedemento que cómpre seguir para obter a información necesaria.
- ✓ **Se é o caso**, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado que dispoñen de unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica).
- ✓ Todas estas accións deberán estar enmarcadas na máis absoluta discreción e confidencialidade.

✓ Para valorar este tipo de condutas tomaranse en consideración os seguintes aspectos:

- Características e natureza das accións analizadas e dos dispositivos tecnolóxicos utilizados na comisión dos feitos.
- Natureza e difusión das accións.
- Facilitade/dificultade para deter o ciberacoso.
- Tempo de exposición da vítima ao ciberacoso.
- Idade e características psicolóxicas da vítima e da persoa ou persoas presunta/s agresora/s.
- Repercusión e impacto na vítima.

✓ A información recollida deberá detallar, ademais:

- Relación co ámbito escolar.
- Natureza, intensidade, difusión e gravidade da situación coñecida.
- Efectos producidos.

e) Estratexias preventivas

Ante situacións de ciberacoso serán válidas moitas das estratexias establecidas no protocolo de acoso escolar desenvolvidas neste documento, aínda que mencionaremos aquí algunhas máis específicas e particulares do ciberacoso.

Os profesionais do ensino deben estar atentos á maneira en como utilizan eles mesmos e como utiliza o alumnado os medios informáticos e ter claro como actuar en cada situación, como guiar o alumnado e como aconsellar ás familias, de aí que se deban potenciar as boas prácticas nestes tres ámbitos de actuación:

Profesorado e centro

✓ Coñecer o funcionamento da web, en especial das redes sociais, para dominar o medio e poder aconsellar o alumnado e as familias.

- ✓ **Aplicar** medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora, etc.).
- ✓ **Establecer** normas de uso dos equipos na aula (definir que pode e que non pode facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro alumnado, onde pode ou non pode acceder, etc.).
- ✓ **Empregar** sistemas de control e filtrado (facer revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan –co seu coñecemento–, filtrar e bloquear páxinas, contidos ou programas non desexados, etc.).
- ✓ **Realizar** un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade, incluíndo as boas prácticas, a seguridade e a prevención como contidos.
- ✓ **Detección** de problemas: documentarse sobre a sintomatoloxía dos problemas e estar atento a calquera indicio de ciberacoso ou malas prácticas.
- ✓ **Evidentemente**, en aulas que son utilizadas por varios grupos de alumnado, debe haber unha boa coordinación entre o profesorado en canto a normas e medidas.

Alumnado

- ✓ **Aconsellar** que controlen a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais (alias, ingreso en grupos etc.). Resulta o máis importante como prevención. En concreto, algunhas recomendacións habituais son:
 - Non crear contas en foros e redes sociais cos datos persoais, senón utilizando alias. Comunicar a propia identidade de forma privada só a aqueles outros membros cos que hai confianza e interesa que nos identifiquen.
 - Non establecer citas ou outras actividades presenciais con persoas que non coñecesen antes persoalmente, isto é, fóra da rede.
 - Non comunicar o domicilio, datos de contacto, datos bancarios, etc., tampouco datos persoais de terceiras persoas.

- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador, para saber se os seus datos persoais ou imaxes figuran nalgunha web.

- ✓ **Consellos para non acosar:** aproveitar o papel dos docentes para conciencialos de que a web non é o lugar apropiado para resolver diferenzas con outras persoas, e que a emisión de mensaxes hostís remata sendo prexudicial para todos. Promover o respecto e a prudencia.
- ✓ **Consellos para non ser acosado:** ser prudente e respectuoso ao empregar a web para comunicarse cos demais. Moitas veces os conflitos comezan por malentendidos ou comentarios inoportunos. Non expoñerse excesivamente aos comentarios dos demais contando cousas persoais. Pedir axuda inmediatamente a familiares e profesorado ante as primeiras evidencias de acoso.
- ✓ **Consellos para non tolerar o acoso:** mentalizarse de que o acoso é un problema de todos, e non admitir que outros teñan actitudes negativas ou exerzan presión sobre terceiras persoas. Mostrarse conciliador e denunciar sen demora calquera caso de acoso do que se teña coñecemento.

Pais e familiares

- ✓ **Adecurar as medidas de seguridade e control á vulnerabilidade das súas fillas ou dos seus fillos,** dándolles máis autonomía a cambio de responsabilidade segundo se fagan máis maduras ou maduros.
- ✓ **Aceptar internet como un instrumento que pode resultar beneficioso se se utiliza ben.** Non botarlle a culpa de todos os males ante calquera desacordo cos seus fillos ou coas súas fillas.
- ✓ **Tratar de non exercer de policía,** senón de conseguir que os seus fillos ou as súas fillas acepten como natural certo grao de control. O mellor é que acorden

conxuntamente unha serie de condicións para o uso da web (horario, tipo de contidos), tanto mediante os ordenadores coma os móbiles.

- ✓ **Se fose posible, promover que o alumnado non manexe o ordenador pechado no seu cuarto, senón en presenza de outros familiares. Evitar forzalo a que nos permita ver a pantalla, é moito máis efectivo ter confianza para preguntarlle con quen se comunica e que nos conte de forma natural que é o que fai na rede. O ideal é darlle apoio, implicarse nos seus proxectos, ou mesmo facerse membro das mesmas redes sociais.**
- ✓ **Estar atentos a calquera síntoma de desacougo, cambios de humor repentinos, etc., sobre todo se coinciden cos accesos á web.**
- ✓ **Sondar periodicamente a rede mediante un buscador para detectar imaxes, datos persoais ou comunicacións dos seus fillos ou das súas fillas.**

Resulta moi beneficioso manter un contacto profesorado-familia para comunicar calquera síntoma de acoso que se detecte no alumnado e tomar medidas canto antes.

VI. A RESPONSABILIDADE DO CENTRO. ASPECTOS XURÍDICOS

a) Responsabilidade do centro

A responsabilidade patrimonial das administracións públicas vén establecida, co máximo rango normativo, polo artigo 106.2 da Constitución Española, recollendo que: “Os particulares, nos termos establecidos nesta lei terán dereito a ser indemnizados por toda lesión que sufran nos seus bens e dereitos, agás nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos”.

A regulación legal desta responsabilidade recóllese na actualidade na Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, desenvolvida no Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que

se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial e pola Lei 4/1999 que modifica a Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No artigo 139 da citada LRX-PAC dispónse, nas alíneas 1 e 2, o seguinte:

- 1. Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas administracións públicas correspondentes de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, agás nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- 2. En todo caso, o dano alegado haberá de ser efectivo, avaliábel economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.*

De acordo co establecido no artigo 1903 do Código civil:

As persoas ou entidades que sexan titulares dun centro docente de ensino non superior responderán polos danos e prexuízos que lles causen aos seus alumnos menores de idade durante os períodos de tempo no que estes se atopan baixo control ou vixilancia do profesorado do centro, desenvolvendo actividades escolares ou extraescolares e complementarias. A responsabilidade de que trata este artigo cesará cando as persoas nel mencionadas proben que empregaron toda a dilixencia dun bo pai de familia para previr o dano.

Polo tanto, podería darse o caso de que os representantes legais do alumno ou alumna acosado/a lles esixise a responsabilidade civil aos titulares do centro polos danos morais sufridos polo alumno ou alumna menor de idade. Non obstante, a dita posibilidade non é ilimitada, senón que cabe eximirse dela naqueles casos en que se acredite que se actuou coa dilixencia necesaria para evitar o dano. Nestes casos, é ao centro ao que lle corresponde a carga da proba, é dicir, é preciso acreditar que se realizaron todas as actuacións necesarias para evitar a situación.

Cando se detecta un posible caso de acoso escolar, o centro debe responder de xeito rápido e coherente ante a agresión. É esencial, polo tanto, unha actuación rápida unha vez que se detecten os primeiros signos de acoso, así como a adopción de medidas eficaces para deter o dano á vítima, amosar que procura a seguridade integral do seu alumnado e exercer a súa autoridade institucional, ao servizo do respecto e a dignidade da comunidade educativa.

É necesario documentar todas as medidas e acordos adoptados, de xeito que, en caso de iniciarse un procedemento por responsabilidade civil, poida acreditarse que se actuou coa dilixencia debida. É preciso redactar as actas das reunións efectuadas, das entrevistas realizadas e recoller a sinatura dos entrevistados, en caso de menores de idade en presenza dun adulto do centro, cando se trate das primeiras dilixencias, e dos seus proxenitores cando se trate da tramitación dun expediente disciplinario.

Igualmente, para acreditar o comportamento responsable do centro, resulta preciso a existencia e aplicación dun plan de convivencia que estableza un procedemento de prevención e detección de acoso, de xeito que sexa posible acreditar non só a aplicación de mecanismos rápidos e eficaces paliativos de situacións de acoso, senón tamén da realización de accións preventivas.

Calquera membro da comunidade que teña constancia da existencia dun caso de maltrato debe comunicalo. Existe unha responsabilidade do centro e do profesorado de xeito individual, en canto garante da seguridade integral dos menores que acolle.

Á marxe da responsabilidade civil, o centro considerará o establecido no artigo 30.4 da Lei 4/2011 no que se sinala que:

As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á Inspección Educativa, xunto coas medidas que se adopten para lles poñer fin. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento correspondente en

materia de benestar e, de ser o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

Así mesmo, o artigo 262 da Lei de axuízamento civil prevé que:

Os que por razón do seu cargo, profesións ou oficios tivesen noticia dalgún delito público, estarán obrigados a denuncialo inmediatamente ao Ministerio Fiscal, tribunal competente, xuíz de instrución e, no seu defecto, ao funcionario de policía máis próximo.

Igualmente, o artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, prevé que:

Toda persoa ou autoridade, e especialmente aqueles que pola súa profesión ou función, detecte unha situación de risco ou posible desamparo dun menor comunicarlle á autoridade ou aos seus axentes máis próximos, sen prexuízo de prestarlle o auxilio que precise.

Os centros docentes garantirán a confidencialidade dos datos persoais de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como calquera outra información que puidese afectar á imaxe, dignidade e intimidade persoal de calquera membro da comunidade educativa e da propia institución educativa.

Tamén serán tido sen conta os principios reitores da actuación dos poderes públicos de Galicia no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e á adolescencia e o principio de corresponsabilidade e deber de colaboración, regulados na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Será conveniente, ademais, informar os pais e nais da vítima tanto da agresión como da posibilidade de efectuar a correspondente denuncia dos feitos no organismo competente (**anexos XXI e XXII**)

b) Particularidades xurídicas do ciberacoso

Esta forma de acoso inclúe normalmente accións como o uso de datos persoais, os cales, segundo a Constitución española (art. 18.4), non poden ser usados sen o consentimento informado do seu titular para uns fins concretos.

A lei establece sancións significativas para aqueles que, para descubrir os secretos ou vulnerar a intimidade de outro sen o seu consentimento, se apoderen dos seus papeis, cartas, mensaxes de correo electrónico ou calquera outro documento ou efectos persoais, intercepte as súas telecomunicacións ou utilice artificios técnicos de escoita, transmisión, gravación ou reprodución do son ou da imaxe ou de calquera outro sinal de comunicación.

A utilización de imaxe precisa consentimento do seu titular. Neste sentido a lei é notablemente sensible coa utilización de imaxes de menores e persoas consideradas incapaces de obrar xuridicamente.

O ciberacoso pode ser constitutivo dun delito de:

Ameazas: atópanse reguladas nos artigos 169 a 171 do Código penal, onde se dispón que a comisión deste tipo de delitos require:

- ✓ **Q**ue exista unha ameaza.
- ✓ **Q**ue a ameaza consista en causar un mal.
- ✓ **Q**ue exista unha condición para non causar o dito mal.

Coaccións: atópanse reguladas nos artigos 172 e 173 do Código penal, onde se dispón que a comisión deste tipo de delitos require:

- ✓ **Q**ue se obrigue a un terceiro a facer ou deixar de facer algo.

- ✓ **Q**ue a dita obrigación se leve a cabo mediando violencia (en sentido amplo, física ou psíquica).

Inxurias: atópanse reguladas nos artigos 206 a 210 do Código penal, onde se dispón que a comisión deste tipo de delitos require:

- ✓ **Q**ue exista unha acción ou expresión.
- ✓ **Q**ue se lesione a dignidade, a fama ou a propia estimación.

Calumnias: atópanse reguladas no artigo 205 do Código penal, onde se dispón que a comisión deste tipo de delitos require:

- ✓ **Q**ue exista a imputación dun delito.
- ✓ **Q**ue a imputación sexa falsa.
- ✓ **Q**ue a imputación sexa sobre un feito concreto.
- ✓ **Q**ue a imputación se realice sobre unha persoa identificada ou identificable.

Suplantación de personalidade: a suplantación da personalidade unicamente é delito se a conduta encaixa perfectamente no tipificado como tal no artigo 401 do Código penal, é dicir, se o que se usurpa é o estado civil doutro. Se o que se fai é simplemente crear un perfil inventado ou con datos falsos, a conduta non encaixaría neste tipo penal e non podería ser considerada delito, polo que inventar datos falsos para participar nunha rede social non é constitutivo do delito de usurpación do estado civil.

Entrar nunha conta ou perfil doutra persoa é unha conduta que de por si pode comportar graves consecuencias xurídicas. Ao acceder a unha conta allea, pode estar cometéndose un delito de lesión de privacidade considerado pola normativa como unha

forma de descubrimento e revelación de secretos. Este delito establécese nos artigos 197 e seguintes do Código penal. Para acceder á conta ou perfil doutro, é probable que se tivesen que provocar danos en sistemas informáticos para saltar ou conseguir as claves e os contrasinais, estando así ante un delito de danos “redes, soportes ou sistemas informáticos” regulado no punto 2 do artigo 264 do Código penal.

A regulación penal aplica as seguintes normas en función da idade do suxeito autor do delito:

- ✓ Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, pola que se aproba o Código penal.

Esta norma é de aplicación a suxeitos maiores de idade e, excepcionalmente, a suxeitos menores en idades comprendidas entre os dezaseis e dezaoto anos.

- ✓ Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores aplicable aos maiores de catorce e menores de dezaoto anos.

A resposta do dereito penal de menores debe atender á dobre dimensión sancionadora e educativa primando, nesta última, o interese superior do menor polo que algunhas condutas tipificadas como delitos poden quedar sen castigo.

INFORMACIÓN DE INTERESE

CONSELLERÍA DE BENESTAR – MENORES – LIÑA DE AXUDA Á INFANCIA

Tfno.: 116111 - A liña de axuda á infancia é un servizo para todos os nenos e nenas que nalgún momento se sintan maltratados por outra persoa, necesiten axuda ou queiran falar sobre os problemas que lles afectan (<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-infancia>)

MINISTERIO FISCAL - FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Praza de Galicia, s/n - 15071 A Coruña - Tfno.: 981 182 149/150 - Fax: 981 182 172

FISCALÍAS DE MENORES DE GALICIA:

A CORUÑA: Rúa Monforte S/N Edificio novos xulgados, 15071 A Coruña Tfno.: 981185 210/120 – Fax: 881 881 145

LUGO: Praza de Avilés, s/n 27071 Lugo - Tfno.: 982 294 852 – Fax: 982 294 858

OURENSE: Praza de Concepción Areal, s/n 32071 Ourense Tfno.: 988 687 150 – Fax: 988 687 410

PONTEVEDRA: Avda. Fco. Tomás e Valente, s/n 36071 Pontevedra Tfno.: 986 805 363 – Fax: 986 805 358

GARDA CIVIL – DIRECCIÓN XENÉRICA: COMANDANCIA DA GARDA CIVIL -

UNIDADE ORGÁNICA DE POLICÍA XUDICIAL – EMUME (EQUIPO MULLER-MENOR)

Tfno. xenérico de emerxencias: 062 (pedir que pasen co EMUME correspondente)

A CORUÑA: R/ Médico Devesa Núñez, 3 - 15008 A Coruña -Tfno.: 981 167 800 - Ext.: 270 – Fax: 981 167 801

LUGO: Praza Bretaña, 2 - Lugo - Tfno.: 982 221 311 - Ext.: 5156

OURENSE: R/ Bieito Amado, 17 - 32002 Ourense - Tfno.: 988 235 353 - Ext.: 237

PONTEVEDRA: R/ Domingo Fontán, 6 - 36005 Poio – Tfno. 986 807 900 - Ext.: 287

Garda Civil - Grupo de Delitos Telemáticos (GDT) - Unidade Central

Operativa: https://www.gdt.guardiacivil.es/webgdt/home_alerta.php

POLICÍA NACIONAL - OFICINAS DE DENUNCIAS E ATENCIÓN AO CIDADÁN EN GALICIA

Xefatura Superior de Policía de Galicia

R/ Médico Devesa Núñez, 4 - 15008 A Coruña – Tfno.: 981166300 - Fax: 981122 610

PROVINCIA DA CORUÑA:**Comisaría Local de Ferrol - Narón** - Avda. de Vigo, 165 - 15403 Ferrol – Tfno.: 981 333 800 - Fax: 981 370 788**Comisaría Local de Santa Uxía de Ribeira** - R/ Miguel Rodríguez Bautista, 24 - 15960 Ribeira – Tfno.: 981 870 108 - Fax: 981 874 041**Comisaría Local Santiago de Compostela** - R/ Rodrigo de Padrón, 3 - 15705 Santiago de Compostela – Tfno.: 981 551 100 - Fax: 981 551 185**PROVINCIA DE LUGO:****Comisaría Provincial de Lugo** – R/ Chantada, 1 - 27004 Lugo – Tfno.: 982 265 118 - Fax: 982 201 210**Comisaría Local de Monforte de Lemos** – R/ Miguel de Cervantes, 1 - 27400 Monforte de Lemos – Tfno.: 982 402 396 - Fax: 982 410 453**Comisaría Local de Viveiro** - Avda. Ramón Canosa, s/n - 27850 Viveiro – Tfno.: 982 561 711 - Fax: 982 550 253**PROVINCIA DE OURENSE:****Comisaría Provincial de Ourense** - R/ Mestre Vide, 4 - 32004 Ourense – Tfno.: 988 391 771 - Fax: 988 221 052**PROVINCIA DE PONTEVEDRA:****Comisaría Provincial de Pontevedra** - R/ Joaquín Costa, 17-19 – 36001 Pontevedra – Tfno.: 986 868 383 - Fax: 986 868 338**Comisaría de Distrito Vigo-Redondela** - R/ López de Mora, 39 - 36211 Vigo – Tfno.: 986 820 200 - Fax: 986 235 441**Comisaría Local de Marín** - R/ Lameira, 27, baixo - 36900 Marín – Tfno.: 986 839 555 - Fax: 986 839 575**Comisaría Local de Vilagarcía de Arousa** - Avda. da Mariña, 9 – 36600 Vilagarcía de Arousa – Tfno.: 986 565 386 - Fax: 986 500 237**CORPO NACIONAL DE POLICÍA - POLICÍA XUDICIAL: BRIGADA DE INVESTIGACIÓN TECNOLÓXICA:**http://www.policia.es/org_central/judicial/udéf/bit_alertas.html

CORPO NACIONAL DE POLICÍA - OFICINA VIRTUAL DE DENUNCIAS:
<https://denuncias.policia.es/OVD/>

UNIDADES DA POLICÍA AUTONÓMICA

SANTIAGO: R/ Roma 25-27 - 15703 Santiago de Compostela - Tfno.: 981 546 474

A CORUÑA: Ronda de Nelle, 24 – 15005 A Coruña - Tfno.: 981 153 410

LUGO: Ronda Fingoí, esq. avda. Madrid - 27001 Lugo - Tfno.: 982 252 611

OURENSE: R/ Clara Campoamor, 9-17, baixo - 32002 Ourense - Tfno.: 988 241 200

PONTEVEDRA: R/ San José 4-6 - 36001 Pontevedra - Tfno.: 986 843 432

VIGO: R/ Pateira, 7 – 36214 Vigo - Tfno.: 986 266 158

13.6.SEGUIENTO E AVALIACIÓN

13.6.1 ESPAZOS E TEMPOS

A avaliación será como en tódolos casos formativa, é dicir, servirá para ir mellorando no posible tódolos apartados tratados neste plan. Nela participarán tódolos profesionais implicados no mesmo e poderán ser perfeccionados todos e cada un dos documentos que se elaboren para complementar este plan.

A avaliación farase durante todo o curso, elaborando ó remate do mesmo unha valoración que nos indique a conveniencia ou non de introducir cambios no mesmo.

13.6.2 INSTRUMENTOS

- Observación directa.
- Entrevistas con todo o persoal da comunidade educativa.
- Cuestionarios.
- Follas de rexistro dos distintos conflitos e medidas adoptadas.

A avaliación do Plan de Convivencia realizarase durante toda a aplicación do Plan:

1. Inmediatamente despois da realización de cada actividade.
2. De forma máis xeral unha vez ao trimestre a través da Comisión de Convivencia.
3. De forma global, ao terminar o ano escolar, na memoria final de curso onde se recollerán:

- Nivel de consecución de obxectivos propostos.
- Actividades realizadas.
- Grao de participación dos compoñentes da comunidade educativa.
- Conclusións.
- Propostas de mellora para o seguinte curso escolar.

A avaliación debe ser crítica e construtiva dos seus obxectivos e actividades para conseguir que cada curso escolar podamos mellorar.

13.7. CONCLUSIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Para cumprir os obxectivos propostos neste Plan de Convivencia precísase da colaboración e implicación de todo o profesorado, do alumnado, do persoal non docente e dos apoios externos ao Centro.

14. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

SUMARIO:

| | |
|---|-----|
| 14.1. Xustificación | 168 |
| 14.2 Finalidade do Plan | 170 |
| 14.3 Identificación e valoración das necesidades | 171 |
| 14.4 Obxectivos | 172 |
| 14.5 Criterios de atención á diversidade no centro | 172 |
| 14.6. Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas | 173 |
| 14.7. Actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade | 174 |
| 14.7.1. A nivel de centro | 175 |
| 14.7.2. A nivel de aula | 176 |
| 14.7.3. Medidas específicas | 177 |
| 14.8. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro | 181 |
| 14.9. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición | 183 |
| 14.10. Canles de colaboración coas nais, pais e titores/as legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro | 183 |
| 14.11. Protocolo para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias. | 184 |
| 14.12. Recursos | 184 |
| 14.13. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan de Atención á Diversidade | 185 |

14.1. XUSTIFICACIÓN

A atención á diversidade é un principio fundamental do actual modelo educativo que recolle a LOE. Este principio require unha educación integradora que recoñeza a diversidade da poboación escolar. Tendo en conta o actual Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado no seu artigo 3 define esta como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Neste contexto, o proxecto do centro asume a diversidade como factor inherente a todo grupo humano e baséase nun modelo de escola integradora, tolerante e inclusiva, na que se recoñece a heteroxeneidade como un factor positivo e enriquecedor no marco da calidade educativa.

O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivacións, intereses, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado.

Esta diversidade fai necesario un axuste das intervencións educativas ás necesidades reais do noso alumnado. Este reto permanente consiste en ser quen de ofrecer a cada alumno/a a axuda pedagóxica que precise, axustando a intervención educativa á súa individualidade como persoa.

O principio de atención á diversidade entendémolo desde os seguintes plantexamentos:

- **As diferenzas individuais** no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de todos os alumnos/as e non só duns poucos.

- Todos os alumnos/as necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal ou material, co obxecto de conseguir os fins da educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas será o tipo e o grao de axudas precisas.
- **As** necesidades educativas dos alumnos/as preséntanse sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e o seu entorno físico-social-cultural.
- **A** resposta adecuada á diversidade, desde a concepción construtivista da aprendizaxe, supón estruturar situacións de aprendizaxe variadas e flexibles, así como unha diversificación de procedementos e estratexias na práctica da nosa acción educativa.

Desde este enfoque contémplanse tanto as necesidades transitorias, que poderán ser satisfeitas con axudas temporais, coma outras máis permanentes que esixirán adaptacións máis significativas da proposta curricular e precisarán de medios máis específicos. Entre unhas e outras existen outras situacións que requirirán igualmente unha atención individualizadora das necesidades.

O CEIP Nosa Señora dos Remedios é un centro cun alumnado cun alto grao de diversidade e con grandes diferenzas entre eles, polo que a atención á diversidade constitúe un eixo fundamental na acción docente do noso centro.

É importante a presenza de nenos e nenas de etnia xitana que necesitan dunha atención especial, sobre todo durante os primeiros cursos, para poder integralos dentro do Colexio e das súas normas. Tamén está a ser importante o número de alumnos/as pertencentes a colectivos de inmigrantes, sobre todo colombianos e suramericanos, que necesitan nalgúns casos, dunha boa integración no Colexio. Para estes colectivos fíxose un estudo de necesidades durante os oito últimos cursos, chegando á conclusión de que é necesaria a presenza de profesorado de E. Compensatoria para atender a algúns casos que presentan importantes dificultades idiomáticas e/ou de competencias e que necesitan unha atención especial durante o seu período de integración e adaptación no Colexio.

Para este curso, **NON contamos cun mestre/a específico para traballar con este alumnado.**

14.2. FINALIDADE DO PLAN

O presente Plan de Atención á Diversidade ten a seguinte finalidade:

1. **Servir** de referente para concretar o axuste da resposta educativa ás necesidades que presenta o noso alumnado coa adopción de criterios comúns e consensuados a nivel de centro.
2. **Ser** o instrumento que facilite planificar e organizar a atención ás necesidades educativas da diversidade do noso alumnado.
3. **Concretar** os criterios para priorizar a resposta educativa á diversidade tanto dentro como fóra da aula.
4. **Establecer** as medidas e pautas a seguir no centro para a atención das necesidades educativas.
5. **Prever** unha planificación que permita introducir cambios diante de novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.
6. **Guiar** a avaliación interna da eficacia da atención á diversidade ao remate de cada curso e identificar aqueles aspectos que precisen ser mellorados.

14.3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

Faise necesario un Programa dirixido á integración total dos alumnos e alumnas de etnia xitana e da súa cultura, que ademais debe supoñer un enriquecemento para todos os alumnos e alumnas do noso colexio.

Tamén segue sendo necesario un traballo especial co alumnado pertencente a colectivos de inmigrantes, pois presentan sobre todo necesidades nas linguas que teñen que ser tratadas dende a súa incorporación ao colexio.

Dende o Departamento de Orientación farase un seguimento de alumnos e alumnas para os que seguramente se propoñerán medidas de A.C.I. para os vindeiros cursos por mor das súas necesidades educativas específicas de apoio educativo asociadas a altas capacidades. É necesario aplicar plans de enriquecemento horizontal dirixidos a este alumnado.

Tamén hai varios casos de alumnos/as con Adaptacións Curriculares Individualizadas, que necesitan de atención por parte de outros profesionais a maiores das titoras, como por exemplo, das mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e incluso, con apoios nalgúns casos por parte doutros mestres/as para completar a acción das titoras e da mestra da aula de apoio.

As dificultades que presenta unha boa parte do alumnado do colexio en competencia lingüística e matemática obrigan a prestar unha especial atención a estas dificultades.

Así mesmo, deben organizarse apoios para reforzo educativo naquelas clases onde se considere necesario.

14.4. OBXECTIVOS

- **Arbitrar** as medidas necesarias para que haxa unha correcta atención á diversidade.
- Integrar totalmente ás minorías étnicas e os colectivos de inmigrantes no Colexio.
- **Mellorar** en todos aqueles casos que o necesitan.
- **Adaptar** os currículos para os alumnos/as con necesidades educativas específicas de apoio educativo que o necesiten, tanto por déficit como por altas capacidades intelectuais, así como aqueles/as de incorporación tardía ao noso sistema educativo.
- **Detectar** tódolos casos que haxa de alumnos e alumnas con necesidades educativas específicas de apoio educativo, sexan estas as que sexan, e adoptar as medidas necesarias para unha correcta e completa atención.
- **Organizar** os apoios necesarios e posibles, que na maioría dos casos deben facerse dentro da aula.

14.5. CRITERIOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CENTRO.

- ✓ **Poñer** ao alcance do alumnado os recursos e medios necesarios para responder ás súas necesidades educativas, especialmente cando manifesten necesidades educativas especiais.
- ✓ **Respectar** o seguinte modelo de resposta educativa:
 - **Valoración e identificación** das necesidades educativas

- **Planificación da súa atención**

- **Desenvolvemento e seguimento**
 - ✓ **Avaliación** centrada no currículo referido ao alumno, ao contexto e ao propio proceso.

 - ✓ **Garantir** o máximo grao de integración ao alumnado con necesidades educativas especiais en base á proposta curricular segundo as súas posibilidades.

 - ✓ **Establecer** a modalidade de adaptación a partir da análise das necesidades educativas que presente o alumnado.

 - ✓ **Seguir** unha orde de adaptación dos distintos elementos curriculares: recursos persoais e materiais, avaliación, metodoloxía, actividades, temporalización, obxectivos e contidos.

14.6. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Prioridades na atención á diversidade:

- ✓ **Alumnado** con necesidades detectadas nos pasados cursos seguindo as indicacións dos informes cos que contamos.

- ✓ **Alumnado** con ACIs.

- ✓ **Alumnado con retraso escolar ós que previamente se lle teñen aplicado medidas de atención ordinarias (repetición, promoción por idade, RE por parte do titor...)**
- ✓ **Atención temperá con apoio preventivo no 1º curso: programa de estimulación da linguaxe oral e apoio en aula.**
- ✓ **Alumnado con necesidades educativas transitorias nas áreas instrumentais.**

Para o establecemento dos apoios en aula teranse en conta os momentos do horario do grupo nos que se imparte a materia obxecto de dificultade.

Nos casos de alumnado que reciben o apoio fóra da aula ordinaria buscarase a coincidencia horaria da materia a reforzar: agrupamentos e apoio ás ACIs

No caso dos alumnos/as que precisan atención individualizada fóra da aula, respectaranse as distintas especialidades (salvo casos excepcionais) e materias nos que poden levar o ritmo da súa aula (por ex. plástica).

No caso dos alumnos/as que poden precisar unha actuación inmediata con atención puntual por problemas condutuais (tempo fora) débese aplicar o horario do centro correspondente á dispoñibilidade horaria do profesorado.

14.7. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Existen múltiples medidas de atención á diversidade previstas na actual normativa para poder facer efectiva a resposta adaptada á diversidade do noso alumnado.

Estas medias poden clasificarse con distintos criterios: ordinarias-extraordinarias, organizativas-curriculares...

Tendo en conta que partimos dunha concepción ampla do termo diversidade e de que toda medida organizativa implica unha toma de decisións en calquera elemento do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación ou enfoques metodolóxicos), trataremos de sintetizalas do seguinte xeito:

14.7.1. A NIVEL DE CENTRO: liñas xerais, metodolóxicas e de avaliación

No P.E.C.

- ✓ Liñas xerais de atención á diversidade.
- ✓ Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao contexto e ás características do alumnado.
- ✓ Criterios xerais sobre a avaliación e promoción do alumnado.
- ✓ Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no ciclo.
- ✓ Liñas metodolóxicas.

Nas Programacións Docentes.

- ✓ Medidas de atención á diversidade.
- ✓ Procedementos e instrumentos de avaliación.
- ✓ Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva.
- ✓ Programas de reforzo para a recuperación das áreas pendentes de ciclos anteriores.
- ✓ Metodoloxía e materiais curriculares
- ✓ Procedementos e instrumentos de avaliación.

Na PXA

- ✓ Plan de acción tutorial: programación
- ✓ Plan de atención á diversidade: actuacións

- ✓ **P**roxectos de traballo interdisciplinares
- ✓ **M**ateriais e recursos didácticos
- ✓ **F**lexibilización dos horarios
- ✓ **H**abilitación de espazos
- ✓ **O**rganización do traballo en equipo
- ✓ **O**rganización dos apoios e reforzos

14.7.2. A NIVEL DE AULA

Programación de cada área contemplando a atención á diversidade:

- ✓ **O**bjectivos didácticos: a distintos ritmos e niveis
- ✓ **C**ontidos: predominio dos procedimentais
- ✓ **A**ctividades variadas e adaptadas aos distintos ritmos, estilos de aprendizaxe
- ✓ **M**ateriais: variados e diversificados, para distintos niveis, ritmos e intereses

Actividades:

- ✓ **C**on distintos tipos de agrupamento: cooperativo, individualizado, por proxectos...
- ✓ **C**on dificultade gradual
- ✓ **E**mpregando diversos espazos e recursos.
- ✓ **D**entro e fóra da aula

Distintos xeitos de avaliación

14.7.3 MEDIDAS ESPECÍFICAS.

14.7.3.1 ADAPTACIÓNS DO CURRÍCULO (Orde do 6 de outubro de 1995. DOG 07.11.95).

Faranse A.C.I. para aqueles alumnos e alumnas que o necesiten, segundo a lexislación vixente. Serán por ciclos completos e deberán estar tramitadas nos prazos e nos termos nos que o establece a lexislación vixente.

FASES NO PROCESO DE ELABORACIÓN DAS A.C.I.

a) Identificación dos alumnos/as que poden necesitar dunha Adaptación Curricular Individual. Para facela, farase unha completa avaliación psicopedagóxica por parte do orientador, normalmente a petición do titor/a, e veranse ademais si xa se foron adoptando accións de reforzo educativo para tentar solucionar os posibles problemas que presenta o neno/a. Hai que lembrar que non só se fan Adaptación Curriculares para nenos con discapacidades, senón tamén para aqueles que teñan posibles altas capacidades.

b) Si a avaliación psicopedagóxica e por acordo entre titor/a, mestres/as implicados/as, orientador, especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e Xefatura de Estudos, conclúe que é necesaria unha A.C.I., comézase o proceso seguindo os pasos que se marcan na lexislación vixente.

c) O titor/a, que pode contar coa axuda das mestras da aula de apoio, elaborará os distintos apartados da A.C.I., seguindo un protocolo que se está a aplicar no Colexio, e que figurará como anexo I a este programa. Deben cumprimentar todos os apartados, elaborando os obxectivos, contidos, actividades, criterios metodolóxicos e de avaliación e os recursos persoais e materiais necesarios. O orientador elaborará o Informe preceptivo no que se sinala a necesidade de elaborar unha A.C.I. para o neno ou nena en cuestión. Na A.C.I. teñen que figurar tamén os criterios de seguimento da mesma, así como a forma na que se vai avaliar a súa aplicación, establecendo a periodicidade das reunións que se

manterán entre os profesionais implicados na mesma. Isto deberá facerse antes de iniciado o mes de outubro, sendo aconsellable a súa preparación con anterioridade.

d) Remítase toda a documentación á Administración, vía Inspección, antes do 30 do mes de abril do curso no que se elabore a A.C.I., no caso de propostas de flexibilización do período de escolarización obrigatoria, e nos demais casos co tempo suficiente para que se cumpran os prazos establecidos na lexislación vixente.

* Dende o Departamento de Orientación facilitarase toda a información e bibliografía necesaria para que se poida levar adiante actividades de reforzo educativo e para incluír nas A.C.I., dando apoio e asesoramento continuo ó profesorado implicado.

14.7.3.2 AGRUPAMENTOS FLEXIBLES (artigo 18 da Orde do 27.12.02)

Medida de carácter temporal e extraordinaria, por precisar autorización da Inspección educativa, coa finalidade de dar resposta ás necesidades de aprendizaxe de carácter esencial nas áreas instrumentais.

14.7.3.3. ESCOLARIDADE

✓ PERMANENCIA DUN ANO MÁIS NO NIVEL: REPETICIÓN DE CURSO

Medida ordinaria que ten por finalidade adquirir as capacidades básicas necesarias para enfrontarse con máis garantías de éxito no seguinte nivel.

Complementariamente a esta medida adoptaranse as máis convenientes das existentes, sen prexuízo das medidas ordinarias, reforzo educativo individualizado, que marca a normativa vixente nestes casos.

Os criterios a ter en conta para a aplicación desta medida son os seguintes:

Para que un alumno/a promocioe ou permaneza un ano máis no mesmo nivel será necesario que así o aconselle o equipo educativo que intervén co alumno/a, primando o criterio do titor/a.

O alumnado promocionará ao nivel seguinte sempre que acade o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez acorde á súa idade.

Accederá igualmente ao nivel seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo nivel, adoptando as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación desas aprendizaxes.

A permanencia dun ano máis no nivel só se poderá levar a cabo unha vez ao longo da etapa educativa e terá que ir acompañada dun plan específico de reforzo educativo.

Á hora de tomar decisións sobre a conveniencia ou non de repetir curso deberán terse en conta: as características do alumno/a, o ámbito de socialización, a integración no grupo, os recursos e as condicións que reúne o centro.

✓ **FLEXIBILIZACIÓN DA ESCOLARIZACIÓN.**

Para a aplicación desta medida extraordinaria será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas das previstas para a atención das necesidades específicas do alumno/a.

A duración do período de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais poderase modificar de xeito excepcional:

1. **A**umentando un ano respecto do disposto con carácter xeral tanto na etapa de Educación Infantil como na de Primaria. Neste último caso poderase aumentar nun segundo ano con carácter excepcional no caso de non ter permanecido un ano máis na educación infantil.

2. **Medidas previas:** Reforzo educativo con apoio específico, ACI, permanencia dun ano máis no ciclo ou nivel...
3. **Redución da escolarización** para os alumnos/as con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de altas capacidades. Esta flexibilización axustarase ao disposto na Orde do 28 de outubro de 1996.
4. **Medidas previas:** Programa de enriquecemento curricular ou adaptación curricular de ampliación.

O procedemento para a aplicación da flexibilización da escolaridade será o seguinte:

1. **Solicitud** da dirección do centro ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U. previo informe da Inspección educativa.
2. Informe do Departamento de Orientación que xustifique a medida.
3. **Conformidade expresa** da familia.
4. **Certificación académica.**
5. **Proposta de adaptación do currículo** segundo o disposto na Orde do 6 de outubro de 1996.

14.8. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

Para poder desenvolver este programa e acadar os obxectivos propostos faranse as seguintes accións:

* **Estudo** inicial dos casos de alumnos e alumnas con necesidades educativas específicas de apoio educativo, xa coñecidos e avaliados psicopedagoxicamente en cursos anteriores. Para facer isto, no primeiro mes do curso o Orientador réunese coas Mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e coas Mestras especialistas en Audición e Linguaxe, así como os mestres/as de apoio a Infantil, para falar sobre aqueles alumnos e alumnas que xa estaban recibindo o seu apoio, tanto dentro como fóra da aula no curso anterior, e ver cales van seguir necesitando deste apoio.

* **Estudio** inicial por parte do Orientador de tódolos informes que hai no Colexio e dos referentes o alumnado de novo ingreso para deseñar a proposta de apoios e a atención que necesiten.

* **Unha** vez cumpridas as dúas accións anteriores, acordo entre Orientador, Xefa de Estudos, Mestras de Pedagogía Terapéutica, Mestras de Audición e Linguaxe e mestres/as de apoio sobre os horarios das aulas de apoio e sobre as accións a desenvolver cos alumnos e alumnas que se considera necesario que reciban atención dos citados especialistas. Isto farase no principio do curso.

* **Avaliación** psicopedagóxica por parte do Orientador de todos aqueles alumnos e alumnas para os que se solicite esta avaliación, tanto por parte dos mestres titores, como por parte dos pais/nais. Priorizaranse aqueles casos que se consideren máis urxentes e que non foran avaliados en cursos anteriores. Estas avaliacións faranse ó longo do curso.

* **Exposición** do proceso para chegar a realizar unha avaliación psicopedagóxica dun alumno/a, tanto ós mestres como ás familias. Poderán elaborarse trípticos informativos sobre este tema.

* **E**laboración dun programa de adaptación ó colexio para aqueles nenos e nenas das minorías étnicas que acoden ó mesmo. Neste programa téñense en conta as conclusións ás que se chegou nos Estudos sobre o alumnado pertencente a minorías étnicas ou colectivos de inmigrantes que se realizaron por parte do Departamento de Orientación do Colexio. Este programa inclúe, entre outras, medidas de acollida para este alumnado e para as súas familias, facilitándolles toda a información que sexa necesaria para que teñan un bo coñecemento do funcionamento do colexio e para tentar que se adapten o mellor e máis rapidamente posible ó mesmo. Tamén se inclúen actividades destinadas a que solucionen as dificultades idiomáticas coas que se atopan aqueles alumnos/as que proceden do estranxeiro e que non coñecen nin o castelán nin o galego. Incluso haberá que ver como se actúa nas materias que se dan en Galego con aqueles alumnos/as estranxeiros que non dominan en absoluto a nosa lingua.

* **D**aqueles alumnos e alumnas que sexan avaliados psicopedagógicamente, daránselle as orientacións oportunas por parte do orientador ós mestres/as titores/as, así como ás mestras de Pedagogía Terapéutica (no caso de alumnos/as que se considere que necesitan da súa atención) e/ou á mestra de Audición e Linguaxe (no caso de alumnado que se considere que necesitan da súa atención especializada). Nestas orientacións só figurarán aqueles datos que sexan imprescindibles, non aparecendo de ningún xeito “etiquetas” que poidan prexudicar ó neno ou nena avaliado. Os resultados das probas psicopedagógicas estarán nos arquivos do Departamento de Orientación e só serán coñecidos polos profesionais que sexa indispensable. O orientador velará pola confidencialidade de todos os datos ós que teña acceso e en todos os documentos que se entreguen a outros profesionais figurará claramente o selo de “CONFIDENCIAL”. A información confidencial que se facilite a un mestre/a, só poderá ser utilizada por este, para preservar a confidencialidade da mesma. En todo caso, ningún alumno ou alumna que non sexa avaliado polo orientador recibirá atención dos/as especialistas de apoio fóra da súa aula, sendo necesario o informe positivo do orientador para que un alumno/a pase a ser atendido por estes/as especialistas.

14.9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

Haberá reunións semanais entre todos os profesionais de apoio do colexio para tratar sobre as necesidades de atención do alumnado. Nestas reunións estarán presentes os Orientadores, Mestras de A.L., mestras de Pedagogía Terapéutica e mestras de apoio de E. Infantil. Estas reunións servirán para a coordinación do traballo deste profesorado.

Coordinarase dentro do Departamento de Orientación a atención á diversidade de todo o profesorado.

Reunións entre o Orientador do Colexio coa Orientadora do I.E.S. “Pedra da Auga” de Ponteareas, que será a persoa encargada da Orientación dos alumnos e alumnas do noso centro que van ir ó citado Instituto, para analizar a información que se lle poida facilitar sobre os alumnos/as que se avalíen no Colexio. Estas reunións faranse durante o curso.

Faranse reunións co profesorado das Escolas de E. Infantil adscritas ao noso centro para coordinar as actuacións de todos.

14.10. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Traballarase na Escola de Familia do Colexio que se levará dende a bitácora do Departamento de Orientación. Colaborarase coa Escola de Familia do Concello.

Tamén se farán charlas para as familias sobre temas de interese, especialmente para as familias do alumnado de 6º de E. Primaria.

Nos folletos de información do colexio que se distribúen entre as familias no comezo de cada curso incluírse un apartado sobre como acudir ao Departamento de Orientación e con información sobre o seu funcionamento e os programas que aplica.

Enviárase información as familias do alumnado con n.e.a.e.s para traballar con eles e manteranse as entrevistas necesarias do Orientador coa familia para coordinar as actuacións con este alumnado.

Faranse reunións do Orientador do Colexio cos Servizos Sociais, tanto do Concello como da Xunta para tratar aqueles casos que o necesiten, podendo derivar algún destes casos cara a algún servizo externo ao Colexio, si se considera necesario. Estas reunións manteranse ó longo de todo o ano.

14.11. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Utilizaranse protocolos elaborados pola Consellería de Cultura e Educación e polo Departamento de Orientación. Eses protocolos figurarán como anexos a este Plan.

14.12. RECURSOS

No caso do alumnado con atención específica, os informes pertinentes, Documentos de Reforzo ou Adaptacións curriculares indicarán:

- ✓ **Material** específico a empregar.
- ✓ **Profesorado** especialista que require.
- ✓ **Ubicación** do apoio: aula PT, aula AL, aula ordinaria, aula Agrupamento...

Para lograr un emprego eficaz dos materiais didácticos cos que conta o centro estarán catalogados e formarán parte dos fondos da Biblioteca escolar:

- ✓ **Materiais** de consulta para o profesorado.

- ✓ **M**aterial complementario dispoñible nos ciclos e no Departamento de Orientación.
- ✓ **N**o seguimento e avaliación do Plan farase proposta de adquisición de materiais específicos necesarios para o seu desenvolvemento

14.13. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

A avaliación será como en todos os casos formativa, é dicir, servirá para ir mellorando no posible todos os apartados tratados neste programa. Nela participarán todos os profesionais implicados no mesmo e poderán ser perfeccionados todos e cada un dos documentos que se elaboren para complementar este programa.

A avaliación farase durante todo o curso, elaborando ó remate do mesmo unha valoración que nos indique a conveniencia ou non de introducir cambios no mesmo.

No momento de redactar a PXA, no primeiro mes de cada curso, redactarase a súa concreción anual tendo como base as conclusións do curso anterior e ás realidades nese momento.

ANEXO I: PROTOCOLO DE A.C.I.

DOCUMENTO INDIVIDUAL DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

ALUMNO/A:

Ponteareas,

de 2.0

1.A.- Datos persoais do/a alumno/a:

APELIDOS:

NOME:

DATA DE NACEMENTO:

LUGAR DE NACEMENTO:

PROVINCIA:

ENDEREZO:

CENTRO DOCENTE:

ENDEREZO:

ETAPA:

CICLO:

NIVEL:

GRUPO:

CURRÍCULO DE REFERENCIA:

DURACIÓN PREVISTA DA A.C.I.:

1.B.- DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A. A A.C.I.

DATA DE ELABORACIÓN:

MESTRA TITORA:

MESTRA DE APOIO:

OUTROS/AS PROFESIONAIS IMPLICADOS/AS:

| NOME E APELIDOS | RESPONSABILIDADE |
|------------------------|-------------------------|
| | MESTRA DE ED. FÍSICA |
| | ORIENTADOR |
| | XEFATURA DE ESTUDIOS |
| | DIRECCIÓN DO CENTRO |
| | L. ESTRANXEIRA |
| | MÚSICA |

2.- DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE.

A) CARACTERÍSTICAS FÍSICAS E SENSORIAIS:

B) DATOS MÉDICOS RELEVANTES:

C) OUTROS DATOS DE INTERESE:

3.A.- DATOS PSICOSOCIAIS MÁIS RELEVANTES

NIVEL APTITUDINAL:

PERSONALIDADE:

**3.B.- DATOS PSICOSOCIAIS MÁIS RELEVANTES
DESENROLO PERSOAL E SOCIAL (HÁBITOS, RELACIÓNS COS DEMAIS E
CONSIGO MESMO):**

INTERESES:

**3.C.- DATOS PSICOSOCIAIS MÁIS RELEVANTES
ESTILO DE APRENDIZAXE. COMO APRENDE:**

ELEMENTOS MOTIVADORES:

4.A.- DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR

NOME DO PAI:

NOME DA NAI:

Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR:

LUGAR QUE OCUPA ENTRE OS IRMÁNS:

RELACIÓNS FAMILIARES DE RELEVANCIA:

EXPECTATIVAS DA FAMILIA CON RESPECTO DO/A ALUMNO/A:

COLABORACIÓN COA ESCOLA:

4.B.- DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR

ASPECTOS SOCIOFAMILIARES FAVORECEDORES:

ASPECTOS SOCIOFAMILIARES PERTURBADORES:

5.- DATOS DO CONTEXTO ESCOLAR.

5.1.- ESCOLARIZACIÓN PREVIA:

5.2.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO:

ELEMENTOS PERSOAIS

ALUMNOS/AS:

PROFESORADO: TITORA:

MESTRA DE P.T.:

MESTRA DE A.L.:

MÚSICA:

E. FÍSICA:

L. ESTRANXEIRA:

ORIENTADOR DO CENTRO:

ELEMENTOS MATERIAIS

ASPECTOS FAVORECEDORES OU PERTURBADORES DOS DIFERENTES ELEMENTOS DA ORGANIZACIÓN DO CENTRO:

ASPECTOS FAVORECEDORES:

ASPECTOS PERTURBADORES:

5.3.- ORGANIZACIÓN DA AULA.

RELACIÓNS NO GRUPO:

RELACIÓNS ALUMNO-GRUPO:

RELACIÓNS ALUMNO-MESTRA:

INCIDENCIA DO ALUMNO NA ORGANIZACIÓN DA AULA:

6.- DATOS PEDAGÓXICOS:

6.1.- NIVEL DE COMPETENCIAS ACTUAIS EN RELACIÓN CO CURRÍCULO

6.2.- NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

NECESIDADES CONTEXTUAIS (ENTORNO ESCOLAR E FAMILIAR)

N.E.E. REFERENTES Ó CURRÍCULO:

7.- PROPOSTA DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN PROPOSTOS DO 2º CICLO DE E. INFANTIL

ETAPA: EDUCACIÓN INFANTIL

NIVEL: 3 –

4 – 5 ANOS

OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN PROPOSTOS DO 1º CICLO DE E. PRIMARIA

OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN PROPOSTOS DO 2º CICLO DE E. PRIMARIA

OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN PROPOSTOS DO 3º CICLO DE E. PRIMARIA

METODOLOXÍA:

PROPOSTA DE ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUALIZADA. HORARIOS:

| Profesional (nome) | Área ou tipo de servizo | GRUPO Gran grupo Pequeno grupo Traballo individual | AULA Aula ordinaria Aula de apoio Outras | Periodicida de | Días | Horas |
|-------------------------------|------------------------------------|---|---|---------------------------|-------------|--------------|
| | | | | | | |
| | | | | | | |

DATA DE ELABORACIÓN DA A.C.I.:

DURACIÓN PREVISTA DA A.C.I. :

DATAS DE SEGUIMENTO DA A.C.I.: O seguimento será trimestral.Cubrirase na seguinte táboa.

| DATAS | PERSOAS QUE INTERVEÑEN | FUNCÍONS | RENDEMENTO DO/A ALUMNO/A | MODIFICACÍONS |
|-------|------------------------|----------|--------------------------|---------------|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

| | | | |
|---------------------------------|--|--|--|
| DATAS DE AVALIACIÓN E REVISIÓN: | | | |
|---------------------------------|--|--|--|

8.- PROFESIONAIS PARTICIPANTES NA ELABORACIÓN DA A.C.I.

| | | |
|--|-----------------|-------------|
| DIRECTOR/A: | | |
| XEFE DE ESTUDIOS: | | |
| PROFESOR TITOR/A | | |
| PROFESORES/AS DE ÁREA | PROFESOR | ÁREA |
| | | |
| AULA DE APOIO | | |
| ORIENTADOR DO CENTRO | | |
| OUTROS: (Indicar funcións) | | |

Ponteareas, a _____ de _____ de 2.0

Visto e Prace

O Director

A profesora titora

Asdo.:

Asdo.:

15.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendimento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias. Cumprirase co tempo de lectura que se marca na lexislación actual.

O colexio xunto coas Administracións educativas fomentará a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todos, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación educativa de calidade en igualdade de oportunidades.

Fomentarase o desenvolvemento dos valores que axuden a acadar a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Fomentarase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Os currículos de Educación Primaria incorporarán elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sustentable e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

Os currículos de Educación Primaria incorporarán elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor. As Administracións educativas fomentarán as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Adoptaranse medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento infantil. A estes efectos, promúverase a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar, nos termos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garantan un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma.

O deseño, coordinación e supervisión das medidas que a estes efectos se adopten no colexio, serán asumidos polo profesorado con cualificación ou especialización adecuada nestes ámbitos.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, as Administracións educativas incorporarán elementos curriculares e promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicletas, respecte as normas e sinais, e favorézase a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas

16. O TRATAMENTO TRANSVERSAL DA EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos de ensino aprendizaxe que, sen referencia directa ou exclusiva a ningunha área curricular concreta, nin a unha idade ou etapa educativa particular, interactúan en todas as áreas do currículo, desenvolvéndose ao longo de toda a escolaridade obrigatoria; non se trata dun conxunto

de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe integrados dentro das diferentes áreas de coñecemento.

Por iso, atendendo aos principios educativos esenciais, e, en especial, ao desenvolvemento das competencias básicas para lograr unha educación integral, a educación en valores deberá formar parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado.

Podemos considerar que a aprendizaxe destes contidos pretende conseguir as finalidades seguintes:

1. Localizar e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.
2. Diseñar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
3. Elaborar autónoma, racional e democraticamente os principios xerais de valor que axuden a axuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.
4. Facultar aos mozos/as para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.

As liñas mestras de intervención que conforman a educación en valores poden ser as seguintes:

- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e grupos; facilitar o encontro entre persoas cuxos intereses non necesariamente sexan coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, a liberdade, a democracia e a solidariedade.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos/as para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

- **C**rear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.
- **A**preciar os roles sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.
- **D**esenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- **C**oñecer, valorar e respectar os dereitos humanos, como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos.
- **A**dquirir respecto cara aos seres vivos e o medio, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- **P**articipar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais.
- **C**oñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e uso da circulación viaria.
- **P**roporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o consumo de produtos innecesarios.
- **D**esenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas do contorno.
- **R**espectar e coñecer a pluralidade lingüística e cultural de España valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.

- Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación como motor de desenvolvemento dos pobos.
- Utilizar instrumentos de análise e crítica necesarios para construír unha opinión propia, libre, xusta e democrática.
- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

17. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PEC

A avaliación será como en todos os casos formativa, é dicir, servirá para ir mellorando no posible todos os apartados tratados neste programa. Nela participarán todos os profesionais implicados no mesmo e poderán ser perfeccionados todos e cada un dos documentos que se elaboren para complementar este programa.

Este Proxecto Educativo do Centro é un documento aberto e dinámico que será sometido a revisión constante.

A avaliación farase durante todo o curso, elaborando ó remate do mesmo unha valoración que nos indique a conveniencia ou non de introducir cambios no mesmo.

Dona M^a Elena Domínguez Vázquez, Secretaria do C.E.I.P. Nosa Señora dos Remedios
CERTIFICA:

Que este Proxecto Educativo do CEIP Nosa Señora dos Remedios foi informado e
avaliado positivamente polo Claustro e polo Consello Escolar do CEIP Nosa Señora dos
Remedios en sendas sesións ordinarias destes órganos de goberno celebradas o 13 de
outubro de 2015, tal e como figura nas actas desas dúas reunións.

Ponteareas, a 13 de Outubro de 2015

V^o e Prace: O Director

A Secretaria

Asdo.: Regino Garrido Figueiras

Asdo.: M^a Elena Domínguez Vázquez